# CORGA

REVISTA ANUAL DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO

Nº 7 ANO 2020




CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO

EDITA
Centro de Estudos do Corgo (C.E.C.)

CONSELLO EDITORIAL
Mª Consuelo Vázquez Castro
Mario Outeiro Iglesias
Xurxo Xosé Rodríguez Lozano
Josefa González Díaz
Manuel Fernández López "Lolo"
Roberto Rodríguez Páramo
Xosé Manuel Castro Castedo

DESEÑO E IMPRESIÓN
Grafinco

DEPÓSITO LEGAL
LU 149-210

ISSN
2171-6013

# CORGA

REVISTA ANUAL DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO
Nº 7   ANO 2020

*Agradecemento expreso ao Concello do Corgo porque sen a súa colaboración económica esta empresa non daría saído adiante.*

EDITA
Centro de Estudos do Corgo (C.E.C.)

CONSELLO EDITORIAL (Xunta Directiva)
Mª Consuelo Vázquez Castro (Presidenta)
Mario Outeiro Iglesias (Vicepresidente)
Xurxo Xosé Rodríguez Lozano (Secretario)
Josefa González Díaz (Tesoureira)
Manuel.Fernández López “Lolo”
Roberto Rodríguez Páramo
Xosé Manuel Castro Castedo (Vocais)

COMITÉ CIENTÍFICO
Felipe Arias Vilas
Javier Gómez Vila
Xosé Manuel Castro Castedo
Ruben Ruibal Armesto
Ana Cabana Iglesia
Emilio Carral Vilariño
Daniel López Vispo
Xoán Ramiro Cuba Rodríguez
Antonio Reigosa Carreiras
Xabier Bruña García
Felipe-Senén López Gómez
Manuel Lamas Castro
Adolfo de Abel Vilela

ASESORÍA LINGUÍSTICA
Mº Consuelo Vázquez Castro

ASESORÍA TIC
Mario Outeiro Iglesias

*Centro de Estudos do Corgo (C.E.C.)*
*Casa das Asociacións s/n*
*27.163 O Corgo (Lugo)*
*ocorgo@gmail.com*
*http://ocorgo.blogspot.com*

## EDITORIAL

Hai case catro anos pechabamos a última das revistas editada polo Centro de Estudos do Corgo. A Corga nº 6 viña a ser toda unha homenaxe a un dos membros máis ilustres da familia Arumes-CEC, Xosé Enrique Casanova, que nos deixaba loitando contra unha das lacras dos nosos montes, os incendios forestais. Dende aquela, a tristura xeneralizada fixo que a entidade invernase á espera de novos pulos cos que seguir investigando sobre o noso concello.

Co tempo, vellos colaboradores xunto con novos investigadores foron achegando os seus traballos e o número 7 da revista (que tes entre mans) foi collendo forma. Agradecemos a Xaime Félix López, Arlindo, por outra nova achega a este número, co que pecha a triloxía titulada "Entre a Terra de Chamoso e a Riba de Neira: organización territorial (Séculos VI a XX)" na que realiza un estudo meticuloso das distintas parroquias do concello buceando na documentación histórica. Xunto a el outro veterano membro da revista, Javier Gómez Vila, que investigou xunto con María José López Caldeiro sobre a Vía Künig, un dos proxectos culturais que máis ilusión creou no Corgo nos últimos tempos.

Dous escritores habituais, e membros da Xunta directiva, Mª Consuelo Vázquez e Mario Outeiro, apostaron por darnos a coñecer dous personaxes importantes para o concello: Benedicta Sánchez e Jesús Abuín, respectivamente. A primeira fixo que o Corgo fose coñecido a nivel internacional. O segundo leva décadas traballando para que os propios corgueses saibamos máis da nosa historia. Grazas os dous por facernos sentir orgullosos das nosas raices.

A revista remata coa achega dun novo investigador da familia CEC, Óscar González Murado, crego de varias parroquias do Corgo que nos dá a coñecer aos cregos históricos dos distintos arciprestados do concello facendo unha revisión detallada da documentación eclesiástica histórica.

Queremos agradecerlles a todos/as eles/as por darnos un pouco máis de luz sobre o que fomos e somos, aos lectores que nos animan a seguir investigando e por suposto ao concello do Corgo por apoiarnos economicamente nesta empresa. A todos vós, un millón de grazas e ata o vindeiro número!

O CONSELLO EDITORIAL

# ÍNDICE

Javier GÓMEZ VILA
María José LÓPEZ CALDEIRO
Un monxe chamado Hermann Künig e a súa guía medieval de peregrinos ......................... 06

Xaime Félix LÓPEZ ARIAS
Entre a Terra de Chamoso e a Riba de Neira: organización territorial (séculos VI a XX).
ÚLTIMA PARTE ........................................................................................................... 16

Mª Consuelo VÁZQUEZ CASTRO
Benedicta Sánchez: a humildade en persoa ........................................................... 36

Mario OUTEIRO IGLESIAS
Jesús Abuín Arias: Fillo Predilecto e Cronista Oficial do Corgo .......................................... 46

Óscar GONZÁLEZ MURADO
Quen foron curas nestas terras? Antigos arciprestados do Corgo: Maestrescolía,
Farnadeiros, Picato e Sarria.......................................................................................... 58

Memoria de actividades da A.C. Arumes do Corgo e C.E.C. ............................................ 82

Documentación para inscrición como socio/a do C.E.C.................................................... 107

Normas de Publicación..................................................................................................112

# UN MONXE CHAMADO HERMANN KÜNIG E A SÚA GUIA MEDIEVAL DE PEREGRINOS

**Gómez Vila, Javier**
Director Proxecto Vía Künig
Doutor Xeografía e Historia

**López Caldeiro, María José**
Historiadora Proxecto Via Künig

Eu, Hermann Künig de Vach
quero compoñer coa axuda
de Deus un pequeno libro que se vai
chamar O camiño de Santiago.
Nel quero describir camiños,
pegadas e de que modo todo
irmán de Santiago deberá abastecerse
con bebida e comida.

O obxectivo de Künig queda plasmado nestas liñas cas que da comezo a súa guía de peregrinos. Elaborar unha Guía de Peregrinos era desde logo un obxectivo realmente ambicioso en esas décadas finais da Idade Media. Con toda probabilidade, sería a tarefa de toda unha vida. A dificultade que entrañaba tal empresa a podemos palpar na case total ausencia deste tipo de documentos, de feito, tan so existen dúas guías de peregrinos medievais: o Códice Calixtino e a de Hermann Künig.

**PALABRAS CLAVE**

Camiño de Santiago, mosteiro de Penamaior, guía de peregrinos, Vacha, Künig,

## 1. HERMANN KÜNIG MONXE SERVITA NO MOSTEIRO DE VACHA (ALEMAÑA)

A orde de orixe italiana dos servos de María, tamén coñecidos como servitas, tiña unha ampla representación en Alemaña con 13 conventos[1], todos situados nos landers orientais, que eran considerados pola casa nai de Florencia como a quinta provincia.

O mosteiro servita de Vacha, actual estado de Turinxia, estaba situado ao carón do río Werra nunha pequena e tranquila vila da que aínda se conserva a súa antiga ponte medieval. O apelido Künig (König) está amplamente documentado nesta zona polo que é posible que fose o lugar de nacemento de Hermann Künig. Entre os anos 1479 e 1486 temos varias mencións a el nos propios rexistros do convento, primeiro co cargo de recadador de esmolas e, no derradeiro ano, como ausente.

Durante toda esta etapa no convento prepararía a conciencia a peregrinación a Santiago. Unha tarefa realmente complexa pola propia dificultade



Lám. 1. Estatua de Hermann Künig na rotonda de acceso a Pedrafita do Cebreiro.

[1]Halberstadt; Himmelgarten; Halle; Germersheim; Bernburg; Erfurt; Radeburg; Grossenhain; Altlandsberg; Schornsheim; Mariengart; Vacha; Schöntal.

que ten unha viaxe de preto de 2400 km (mais outros tantos de volta) nunha época caracterizada pola enorme dificultade de atopar datos, sobre todo fiables. 5000 km andando, por terras descoñecidas, con distintas linguas, moedas, leis, perigos... desde logo unha empresa arriscada que habería que preparar minuciosamente si se quería ter éxito e, sobre todo, volver vivo.

A parte económica foi resolta posiblemente cas esmolas recadadas desde o seu cargo que serían destinadas, total ou parcialmente, a sufragar a peregrinaxe.

A maior parte das informacións que puido recoller Künig serían as orais de outros peregrinos que xa foran a Santiago. Esta tarefa non sería excesivamente complexa xa que as décadas finais da Idade Media caracterízanse como unha etapa de auxe do fenómeno xacobeo, sobre todo en terras xermanas, grazas a súa ampla demografía propiciada polas boas condicións económicas. Efectivamente, esta excelente acollida que tiña a peregrinación entre a poboación alemá nesta época sería o alicerce que motivou Künig para redactar a guía e tamén explicaría a enorme difusión que se lle fixo posteriormente con cinco edicións.

Estas informacións orais serían completadas ca información recollida das fontes escritas. Os itinerarios, xa coñecidos desde a antigüidade, estaban na Idade Media plasmados en forma de listas de pobos, por onde pasaban os camiños, ou xa en mapas. Do primeiro caso son famosos os itinerarios de Exeria (S. V) ou do monxe franco Bernardo (S. IX). En canto aos mapas, estes xa tiñan moito éxito e eran moi utilizados durante a época romana plasmando esa impresionante rede de estradas do imperio de preto de 100.000 km. Durante a Idade Media foron copiados de novo ou inseridos noutros mapas. A Tábula Peutinxeriana, por exemplo, é a copia no século XIII dun mapa de vías romanas do século IV. De xeito parecido destaca o Itinerario de Antonino onde no século XV se elabora un mapa copiando as vías romanas do século III. Künig quizais empregou algúns destes mapas de vías romanas como fonte de información o que explicaría o seu coñecemento da existencia da vía romana XIX. Este importante trazado romano unía as capitais romanas de Astorga e Lugo co asentamento de Asseconia (Santiago de Compostela) a través das poboacións de Herrerias de Valcarce, Pedrafita, As Nogais, Becerreá, Baralla, Corgo, Lugo cidade, San Román da Retorta e Melide. Este foi de feito o trazado elixido por Künig en Galicia en detrimento do clásico percorrido do Camiño Francés por O Cebreiro, Triacastela, Portomarín e Sarria.

Deste xeito, ese percorrido que seguiu Künig a través da cidade de Lugo, converteuse nun importante camiño medieval moi usado como vía peregrinación a Santiago de Compostela durante toda a Idade Media. Non seria desatinado pensar que nas mans de Künig caera algún dos múltiples relatos de peregrinos que falaban deste itinerario como, por exemplo, o de aquel anónimo crego inglés que peregrinou a Santiago no século XIV, visitando o mosteiro de Penamaior e a cidade de Lugo.

## 2. A PEREGRINAXE

Non se coñece a data exacta en que Künig realizou a peregrinación nin canto tempo lle ocupou, xa que os rexistros do convento de Vacha non o volven a mencionar desde a súa partida. Probablemente a comezase en 1486 ou xusto nos anos seguintes, que é cando figura como ausente, e suponse que volve nos anos anteriores a 1495, xa que este é a data da primeira edición da súa guía.

Curiosamente, estas datas da peregrinación de Künig coinciden ca expansión da propia orde dos Servos de María en España. Frei Antonio Alabanti, Director Xeral da orde, conseguiu do Papa Inocencio VIII a bula *Apostolicae Sedis Intuitus* o 27 de maio de 1487. Esta bula, coñecida tamén co nome de *Mare Magnum*, foi a que permitiu á Orde tentar, de novo, establecerse na Península Ibérica. No Capítulo Xeneral de Bolonia determinase levar a cabo esta empresa, para o que se envía a España a Frei Girolamo Fuschi, ca misión de percorrer diferentes cidades para tentar levar a cabo fundacións conventuais. Fuschi, foi elixido Chanceler da Orde en 1485 e Vigairo Xeral para a Península Ibérica en 1487 para este fin. Seguramente a súa elección para




Lám. 2 Mapa gráfico do itinerario seguido por Künig entre Herrerias de Valcarce e Lugo.

esta tarefa debeuse á súa fama como predicador. O gran éxito deste segundo intento de establecer conventos Servitas na Península tivo a súa recompensa, xa que o mosteiro feminino de Santa Ana de Morvedre (Sagunto) adheriuse á Orde en 1489.

O seu paso pola Península está constatado entre 1488 e 1493. Ao longo destes cinco anos sabemos que Fuschi estivo a predicar en Santiago de Compostela, durante a Pascua de 1488 e 1489. A última data coñecida de Fuschi na Península foi en 1493, cando participou nunha disputa celebrada en León co Rabino Laban Abaton.

Esta coincidencia das datas da viaxe de Künig ca época de expansión da orde na Península Ibérica e a presenza de Fuschi puido certamente deberse a unha mera casualidade ou, pola contra, puido obedecer a un plan preconcibido de antemán. De feito, non seria nada estraño que ambos monxes coincidiran en Santiago, que fixeran parte da peregrinación xuntos ou mesmo que levaran a cabo outras tarefas para a Orde como o propio intento de anexión de mosteiros, foi neste senso Penamaior un obxectivo de incorporación?. A ausencia de mais datos impídenos resolver este punto dun xeito concluínte pero abre unha interesante vía de investigación ao tempo que nos formula unha nova pregunta: fixo Künig a peregrinación so? Ou tivo compañía?. O feito de aparecer na xilografía da edición de Nuremberg unha peregrina entrando pola porta ao mesmo tempo que Künig axeónllase ante Santiago é de gran importancia, no so, polo feito de ser a primeira imaxe dunha peregrina medieval, senón tamén, porque pode indicar a presenza doutras persoas como acompañantes.

Un dos aspectos que Künig coidou ao mínimo detalle e que, en certas ocasións, lle serviu para decantarse por un itinerario fronte a outro, foi asegurar establecementos onde poder comer e durmir dun xeito satisfactorio. A súa situación e as impresións que tivo deles e unha constante ao longo da guía. Os mais repetidos son os establecementos ca orde dos antonianos tiñan ao longo do percorrido desde Alemaña a través

de Suíza, Savoia, Val do Ródano, Montpellier e Tolosa. No caso galego tamén se asegurou contar co gran establecemento de axuda aos peregrinos como era o mosteiro de Penamaior en Becerreá, nomeado por outros peregrinos como explicaremos posteriormente.

Outro tema que lle prestou especial atención foi evitar as montañas, preferindo camiños mais doados, aínda a costa de dar un rodeo que, por outra banda, sempre son curtos. As montañas no mundo antigo, cas súas costas, sempre supoñían un problema engadido á dificultade que tiña de por si a propia viaxe e, como en todas as épocas, un cansazo extra. Se se viaxaba con carro, era moi frecuente, que os animais que facían de tiro non fosen capaces de subir, polo que se necesitaba contratar tiros adicionais, co respectivo aumento de custo. Estas zonas montañosas, que adoitaban estar nevadas e intransitables a maior parte do inverno, eran ademais inhóspitas, despoboadas, sen establecementos de hospedaxe e cuns camiños moito peores que nas outras zonas que xa de por si eran moi malos. Pero a todos eses inconvenientes se lle engadía quizais o peor, ou polo menos ou que mais respecto causaba: eran as zonas onde estaban os asaltadores e delincuentes que roubaban aos viaxeiros e, tamén, aos peregrinos. Ante todo isto a lóxica impoñía evitalas, obviamente, que é o que precisamente fai Künig en todo o seu percorrido. Ademais o fai dun xeito imperativo, claro, conciso, para que non haxa lugar a dúbidas. Deste xeito avisa de como evitar o monte do Manzanal (León):

*Pero se queres seguir o meu consello,*
*Has de coller pola dereita,*
*Entón non che compre superar ningún monte,*
*Déixaos quedar todos á man esquerda.*
*Cóidate do Rabanal (del Camiño), tal e o meu consello...*
*De xeito semellante indica a entrada en Galicia:*
*Desde aquí has de ir por unha ponte (Herrerias de Valcarce)*
*E por outra aínda, agora tesme que entender ben:*
*Se non queres coller o camiño polo monte da Faba*
*Déixao quedar á esquerda*
*E a altura da ponte desvíate á dereita*

De todos os peregrinos é coñecida a extrema dureza da chamada Costa da Faba que ascende cara a O Cebreiro. Künig prefire un camiño mais doado por Pedrafita, As Nogais, Becerreá, Baralla, Corgo, Lugo e Melide, onde se volve a unir ao Camiño Francés. Este camiño ademais contaba cunha estrutura e cunha rede asistencial aos peregrinos tan boa como o propio Camiño Francés que prefire evitar. Non debemos de esquecer que o obxectivo fundamental que se contempla na peregrinación a Compostela é o alcance da ansiada meta apostólica nas mellores condicións físicas e espirituais e no menor tempo posible. Neste senso o trazado por Lugo aporta ao peregrino todas estas vantaxes xa que é mais doado, permite visitar elementos relixiosos de gran importancia -reliquias do mosteiro de Penamaior e cidade de Lugo- e solo supón 17 km mais que o trazado polo Camiño Francés.

A cidade de Lugo tivo durante a Idade Media unha enorme importancia como lugar de tránsito de peregrinos testemuñada pola presenza de sete hospitais. Os peregrinos que chegaban ben polo Camiño Primitivo ou pola Vía Künig se xuntaban á entrada da cidade, na Porta de San Pedro, e dende aquí facían o mesmo percorrido ata Santiago. Pero ademais Lugo tiña, e ten, un valor engadido de carácter relixioso como lugar de atracción de peregrinos mais alo da súa excelente posición xeográfica: a exposición permanente do Santísimo Sacramento. Unha exposición case única no mundo e que, segundo as derradeiras investigacións, tivo un importante auxe na segunda metade do século XV.

A importancia da zona de San Pedro, actualmente coñecida como San Roque, como lugar de tránsito de peregrinos queda reflectido na existencia da capela de San Pedro de Fora que xa existía na segunda metade do século XII. Adolfo de Abel Vilela (Lucensia 2020, nº 60, páxs. 59-71) afirma que esta capela situada na zona da Praza dos Mártires de Carral "seguramente formaba parte dun pequeno lugar de acolleita de peregrinos cando chegaban a cidade e as portas da muralla estaban pechadas, xa que os hospitais ou albergarías estaban no interior..."

A Künig lle agradou a cidade de Lugo dun xeito especial como el mesmo recoñece na guía:

*A cidade está construída de xeito pouco común,
Cousa que todo o mundo ve con agrado.*

O que cita expresamente é o balneario que queda ao carón da Ponte Vella pola cal continua camiño cara a Melide que a define como "a cidade destruída", o que realmente sería así xa que foi arrasada durante as Guerras Irmandiñas, acontecidas vinte anos antes da súa peregrinaxe. Non é a primeira vez que presta atención ás augas termais na súa viaxe o que e lóxico xa que serían realmente reparadoras para o seu cansado corpo.

## 3. A GUÍA MEDIEVAL DE PEREGRINOS DE HERMANN KÜNIG

Xunto ao Códice Calixtino constitúe o único exemplo de guía medieval de peregrinos, o que lle confire un valor incalculable.

Escrita en alemán antigo consta de 651 versos. As rimas, moi posiblemente, axudarían a ir memorizando o texto que ía compoñendo durante a marcha cas características da ruta. Unha das súas particularidades mais excepcionais e a súa magnífica precisión, realmente sorprendente para esta época. Ofrece información detalladas sobre avituallamento, pousadas e hospitais adecuados, peaxes, cambio de moedas, bifurcacións de camiños, pontes, barcas, lugares para reparar os zapatos, esmolas.... Mentres fai isto tamén da consellos, ou emite xuízos sobre diferentes aspectos. Emprega a legua como unidade de medida cun valor duns sete quilómetros, aínda que pode variar nalgunhas zonas. Isto é comprensible porque Künig non posúe ningún aparato de medida, polo que as calcula en función do espazo recorrido nunha hora e isto depende doutros factores como desnivel, tipo de camiño, climatoloxía...



Lám. 3. Recreación cinematográfica de Hermann Künig escribindo a súa Guía para o documental de Jaime Pardo Valdés "Via Künig: 500 anos de peregrinaxe"




Lám. 4 Xilografías das distintas edicións da guía de peregrinos de Künig. Ezq. superior primeira edición de 1495. Drcha superior edición sen data de Estrasburgo. Ezq. inferior edición de Núremberg sobre 1520. Drcha inferior edición de Leipzig de 1521.

Divide a guía en dúas partes claramente diferenciadas: o camiño de ida, chamada “vía alta” ao que lle dedica 520 versos mentres que ao camiño de volta “vía baixa” abóndalle con 130 versos.

O propio Künig decátase da enorme importancia que ten a súa guía e de que grazas a ela vai a axudar a moitos peregrinos. Pero non so foi Künig quen tivo esta percepción. Os propios contemporáneos tamén a consideraron como unha obra de culto, esencial e indispensable. Esta enorme importancia e consideración levou a que fose publicada en cinco ocasións entre 1495 e 1521, nunha época ademais onde resultaría moi difícil publicar un libro, xa que a imprenta levaba escasamente cincuenta anos funcionando desde a súa invención por Gutenberg. Todo isto indica o moito que estimaban os consellos desta guía.


Hütte dich vor der Rabeneck ist myn rat
Vff diser straß komestu balde gen Bonforat
Da salt erst fragen zu sancte Maurin
Vnd laß Storgeß .iij. myl vff die lyncke hant liggē
dan fyndestu als eyn dorff am andern
Vnd hast gut folck vnd sycher wandern
Vnd gybt gern wyn vnd brot
Nabe vmb Bonforat
In der stat ist eyn gut schloß
Hast darnach .iij. myl gen Kacafeloß
dar nach hastu .v. myl gen Willefrancken
da drinck den wyn mit klugen gedancken
dan er bornet manchem abe syn hertz
das er vß geht als eyn kertz
darnach saltu vber eyn brucken ghen
Vnd aber vber eyn nw saltu mich recht versten
Wiltu den Allefaber nicht an stygen
So laß jn vff die lyncken hant lyggen
Vnd geh by der brucken vff die rechten hant
da fyndestu vber .ij. myl eyn dorff zu hant
dar nach saltu .v. myl furter ghe
dan fyndestu eyn dorff vff eym berg der ist jhe
Vber .iiij. myl komestu gen Lucas jn die stat
da hinder by eyner brucken ist eyn wiltbad
Die stat ist ebentürlych gebuwet
daß dan eyn yglicher wol schawet
dan saltu by dē bad vber eyn bruckē ghen ist myn rat
So hastu .iv. myl jn die zubrochen stat
da fyndestu eyn spital der ist nichts wert
dan vber .iv. myl fyndstu sant jacob ist dirß beschert
Myt namen jn der stat zu Compostell
dar vff sych frawet mancher gutter gesell

Lám. 5 Texto primeira edición de 1495

A primeira edición sería en torno a 1495. Lle sucederían a de Estrasburgo e Nurenberg das que non coñecemos a data. En 1520 volvería a saír outra edición en Nurenberg na imprenta de Jobst Gutknecht. A última e a de 1521 impresa en Leipzig. Estas reedicións sofren un corte brusco e radical nesta data debido ao inicio das guerras de relixión en Alemaña onde as teses de Lutero, seguidas por boa parte dos príncipes alemás, enfróntanse ao defensor do catolicismo o emperador Carlos I de España. A longa guerra e a visión negativa que o luteranismo ten sobre a peregrinaxe fai que practicamente desapareza no norte de Europa.

## 4. O GRAN CENTRO DA VÍA KÜNIG EN GALICIA: O MOSTEIRO DE SANTA MARÍA DE PENAMAIOR (BECERREÁ)

Como vimos previamente, Hermann Künig aconsella explicitamente non subir polo Monte da Faba, senón coller outro camiño á dereita despois da segunda ponte cara a cidade de Lugo. Isto non o fai por casualidade. Era plenamente coñecedor da existencia dunha ruta que ía levalo ata a cidade de Lugo dun xeito mais doado.

O camiño de Künig por Lugo tiña e terá o longo dos séculos unha serie de elementos definitorios dun camiño xacobeo. Neste intre ímonos centrar tan so nun deles, o elemento relixioso mais sobresaínte nesta ruta: o convento de Santa María de Penamaior, dó que hoxe só se pode ver unha construción derruída, aínda que conserva en pé a súa fermosa igrexa.

Hai diversas teorías sobre a súa orixe e a data de fundación, pero todas elas coinciden en que uns monxes do mosteiro de Carracedo de León chegaron á montaña de Becerreá e alí ficaron para axudar ós peregrinos que ían cara a Santiago. Os monxes levaban con eles unha imaxe da Virxe das Abarcas e unha reliquia dun *Lignum Crucis*. A fundación do convento tería lugar na segunda metade do século XII e aínda que un pouco afastado dos núcleos de poboación, non o estaba tanto como para non servir de apoio ós peregrinos.



Lám. 6 Igrexa do Mosteiro de Penamaior (Becerreá)

Un dos grandes atractivos dos camiños de peregrinación eran as reliquias e os obxectos sagrados. Penamaior dispoñía deles, e este feito fixo que o número de peregrinos que chegaban alí para venerar ditos obxectos fora en aumento. O tempo que aumenta o número de peregrinos, aumenta tamén o número de donacións particulares, pecuniarias ou en propiedades, a prol do convento. Ademais destes donativos, Penamaior recibía tamén agasallos por parte dos reis, en forma de privilexios. O convento vive a súa época dourada e o seu máximo esplendor económico durante a Idade Media.

Coa chegada dos Reis Católicos, as cousas cambian. Isabel e Fernando coñecerán o relato do Santo Milagre do Cebreiro e visitarán o seu santuario. Tanto a súa presenza alí, como todos os privilexios e prebendas que concederán para favorecer ós peregrinos que ían a Santiago polo camiño do Cebreiro, darán fama e beneficiarán a Santa María do Cebreiro en detrimento de Santa María de Penamaior.

Falabamos antes da recomendación de Künig de non subir pola Faba, senón coller o camiño que vai por Pedrafita. Estas dúas rutas están perfectamente debuxadas nun mapa de 1768 do Bispado de Lugo. Observando o seu trazado é doado comprender a enorme importancia deste camiño que dende terras leonesas chega ata a capital de Lugo, seguindo un dos seus ramais, ou ata a costa cantábrica polo outro ramal. Penamaior estaba situado moi preto desta bifurcación. Por alí pasaban comerciantes, tropas, camiñantes de todo tipo, e por suposto, como din os documentos de Penamaior, peregrinos que ían a Santiago, e que tras venerar as reliquias do convento, seguirían cara a Lugo, entrando pola Porta Toledana, para visitar a catedral. A partires da Porta Toledana, o camiño é común cos peregrinos do primitivo.

Durante a Idade Media, o convento contaba tamén cun hospital e cunha enfermería. A súa fundación tivo lugar había a metade do século XIII. O hospital era o lugar no que se daba aloxamento e manutención ós viandantes e estaba situado na freguesía de San Salvador de Furco. Na enfermería dábanse coidados ós peregrinos que o necesitasen e atopábase no lugar de Liñares, parroquia de San Lourenzo de Ramallal, hoxe desaparecida como tal, aínda que segue en pé a sinxela ermida. Descoñecemos a data na que o hospital e a enfermería deixaron de prestar auxilio ós peregrinos, pero no século XVI xa son só topónimos. Nos arredores da igrexa parroquial de San Xoan do Furco aínda atopamos hoxe un lugar chamado Hospital.

Os topónimos e os microtopónimos son básicos nun traballo de reconstrución dun camiño de peregrinación, e ademais de *hospital e enfermería*, hai outros moi significativos. Un deles é *camiño.* Podémolo encontrar dando nome a unha entidade de poboación, con abundantes exemplos fora de Galicia (Santa María del Camiño, Fresno del Camiño, Espinosa del Camiño), e non tantos dentro dela (San Miguel do Camiño en Castroverde). Nos arredores de Penamaior temos unha Casa do Camiño e unha Fonte do Camiño, ambos no lugar de Arandedo en Baralla. Pero poida que o topónimo que mais identifica un camiño de peregrinación sexa *Camiño Francés*. Atopámolo dende Perineos ata Santiago de Compostela. Debe o seu nome ós peregrinos de nacionalidade francesa que acudían en gran número a visitar a tumba do Apóstolo. Loxicamente non todos serían franceses, pero por extensión, os veciños chamarían francés a calquera que camiñara por eles e fora estranxeiro, independentemente da súa nacionalidade. Cando xa as peregrinacións sufriran unha diminución notable, cando xa apenas se vían forasteiros pola ruta, o nome de *camiño*



Lám. 7 Lignum Crucis do Mosteiro de Penamaior (Becerreá)

*francés* mantense na memoria dos veciños e aínda o usaban como deslinde de propiedades. Nos libros de Penamaior encontrámolo con frecuencia deste mesmo xeito.

E xa rematando este capítulo de topónimos e micro topónimos, imos mencionar un moi significativo: Mount Nostre Dame. Está recollido nun relato de viaxe dun crego inglés que peregrinou a Santiago no século XIV. As súas vivencias publicounas outro crego, Samuel Purchas xa no século XVII. O peregrino anónimo menciona o Monte da Faba aínda que non parece que suba por él. Logo nomea ese Mount Nostre Dame, Monte da Nosa Señora, que ben podería ser Santa María de Penamaior e logo menciona a cidade de Lugo. E lóxico pensar que o peregrino de Purchas pasou por Penamaior. Xa sabemos que un século despois Künig non sobe pola Faba e que tamén chega a cidade de Lugo. Künig percorrería ese camiño medieval que era empregado por peregrinos ou camiñantes en xeral.

Do conxunto conventual de Penamaior soamente podemos admirar hoxe a igrexa. Imos mencionar algúns elementos que ten en común con outras igrexas de peregrinación. A súa planta é basilical con tres amplas naves rematadas cada unha delas nunha capela absidal que no pasado albergou un altar e un retablo. Hoxe soamente se conserva o altar maior. Hai uns pequenos detalles que nos fan pensar na gran cantidade de fieis que era capaz de albergar: esas amplas naves a que nos referíamos, o feito de que aínda hoxe se conserven ata cinco confesionarios repartidos por elas; o amplo pórtico de acceso e o grao de desgaste da pedra das súas escaleiras. Incluso poderíamos citar a existencia deses tres altares nas capelas absidais que permitirían a celebración de mais de unha liturxia á vez. A igrexa presenta no seu exterior uns elementos que os peregrinos coñecían á perfección. Un de eles e unha cruz gravada na pedra, quizais templaria, e na fachada principal, a vieira, mellor dito, dúas vieiras, símbolo do camiño de Santiago por excelencia.

Un elemento escultórico que se estendeu polo camiño de Santiago dende a catedral de Jaca foi o chamado axadrezado xaques e Penamaior amósao con orgullo no seu interior, e dende logo, baixo o magnífico rosetón da súa fachada norte.

Xa dixemos que o convento vive o seu máximo esplendor na Idade Media, coincidindo coas multitudinarias peregrinacións por todos os camiños que levaban a Santiago. A partires de aí, o número de peregrinos diminúe como consecuencia de moi diversos factores. O declive de Penamaior verase favorecido ademais pola perdida do favor real, polo cambio do trazado do novo camiño real, e polas desamortizacións do XIX. O grande mosteiro da Vía Künig chega á situación de esquecemento e abandono na que hoxe se atopa, aínda que a súa igrexa foi declarada *Ben de Interese Cultural*, *con categoría de monumento histórico artístico* por Real Decreto de 27 de agosto de 1982.

# ENTRE A TERRA DE CHAMOSO E A RIBA DE NEIRA: ORGANIZACIÓN TERRITORIAL (séculos VI a XX). (ÚLTIMA PARTE)

**López Arias, Xaime Félix**
Mestre, Graduado Social, Licenciado en Dereito,
Profesor de ensino de adultos (xubilado)
Avogado en exercicio en Sarria

## 12. AS PARROQUIAS DO ACTUAL CONCELLO DO CORGO (CONTINUACIÓN)

**21**

### SAN MARTIÑO DE FOLGOSA

(S. XVII) Pertencía á Xurisdición da Pobra de Adai, no Marquesado de Sarria.

Catastro do Marqués de la Ensenada (1753).- Era de Señorío dos Condes de Lemos que percibían 156 reais de vasalaxe e 14 reais por pedido. -Estremas da parroquia: Pena Cruzal - Marco da Trapela - Modorra da Coroa do Castro - Rego da Cruz - Fonte do Coto - Rego do Lobo - Marco da Pedra do Castro - Arroxo de Pontón da Silva - Arroxo do Rigueiral - Rodelo - Pena da Galiña - Pena Corral (sic). 29 casas e 21 unidades familiares. Actividades: Muíño do Corgo, dunha roda, de Rosa Cedrón de Santo Estevo de Folgosa; Muíño do Pontón da Silva, dunha roda, de Lourenzo Freijido de San Xoán de Folgosa; Muíño da Ribeira, de 2 rodas, de Xoán Madarro de Santo Estevo de Folgosa; Muíño da Orta, de dúas rodas, de Xosé Padano. 57 colmeas. Taberna: era do común, arrendada a André Arias de Santa Cruz do Picato: Arrieiros: André de Paradela, Francisco González, André Pérez e Domingos Fernández. Estanquilleiro: André Pérez. Siseiro do Viño: André Arias; Ferreiro: Domingos Riveira.

DICIONARIO MADOZ (1847).- Freguesía do partido, diócese e provincia de Lugo (3 légoas) e Concello do Corgo (1 légoa); SITUACIÓN en terreo desigual e en Terra de Chamoso, con boa ventilación e CLIMA húmido, as doenzas máis comùns son febres pulmonares e catarros e outras afeccións; comprende os lugares de Coedo, Coto, Monte de Silva, Piñeiro, Seoane, Reboredo e Vilacorve. A igrexa parroquial (San Martiño) ten por anexo a Santo Estevo de Folgosa; o seu curato de primeiro ascenso e padroado leigo; na citada aldea de Seoane hai unha capela de casa particular coa advocación de San Xoán Baptista; o cemiterio está no adro da igrexa, ben ventilado; o TERMO confina polo N. con San Pedro de Riomol; por L. con San Miguel de Páramo; por S. co citado anexo de Santo Estevo e Franqueán; polo O. con Santiago de Fonteita e San Salvador de Castrillón; esténdese por máis de tres cuartos de légoa; ten fontes de boa auga e báñaa un regueiro que ten a súa orixe no dito termo, que se dirixe á parroquia de Franqueán e alí reunido co Tórdea vai á Ponte de Gomeán: os montes de Cerbeda, Serra de Coedo e outros anacos de non menos extensión están bastante poboados de carballos, castiñeiros e outras árbores, con especialidade cerdeiras; hai moito pasto e prados de regadío; os CAMIÑOS veciñais e mal coidados e o CORREO recíbese da capital do partido; PRODUCIÓN: centeo, castañas, liño, millo, patacas, nabos, trigo, fabas e outras legumes; cría gando vacún, ovellas e cabras; hai caza de lebres e perdices; INDUSTRIA: a agrícola, a arrearía e algún muíño fariñeiro; o COMERCIO consiste na venda de produtos sobrantes da colleita e gado e impórtanse os artigos de que carecen; POBOACIÓN: 44 veciños, 210 almas; CONTRIBÚE: co seu Concello.

<u>Censo de 1873</u>

COEDO (aldea: 3 casas habitadas. Total: 3 casas).

COTO (aldea: 17 casas habitadas, 3 deshabitadas. Total: 20 casas).

MONTE DA SILVA (*) (aldea: 4 casas habitadas. Total: 4 casas).

PIÑEIRO (*) (casar: 1 casa habitada. Total: 1 casa).

REBOREDO (aldea: 4 casas habitadas. Total: 4 casas).

SEOANE (aldea: 5 casas habitadas, 1 deshabitada. Total: 6 casas).

VILACORVE (aldea: 9 casas habitadas, 2 deshabitada. Total: 11 casas).

Total da parroquia: 44 casas habitadas. 5 deshabitadas. Total: 49 casas.

Lugares en 1981: COEDO; COTO; REBOREDO; SEOANE; VILACORVE.

Casas

1753 (29); 1847 (44); 1873 (49); 1981 (51).

Datos eclesiais

(1915) Parroquia principal, no Arciprestádego de Picato. Con Casa Reitoral. Era de presentación alternando o Señor de Couso e do Sucesor de Xosè de Prado e Lemos. Poboaciòn: 470 habitantes. Dotación: 850 pesetas e 140 pesetas de fábrica. Párroco: Anxo López Fernández, Alcipreste.

Poboación

1847 (210); 1887 (234); 1900 (227); 1910 (253); 1920 (255); 1930 (260); 1940 (281); 1950 (297); 1960 (253); 1970 (197); 1981 (167); 1991 (155); 1996 (154); 2013 (115).

**22**

**SANTIAGO DE FONTEITA**

(S. XVII) Estaba formada polos coutos do Barrio. Chavín e Baldomiro.

Catastro Marqués de la Ensenada (1753).- Estaba formada por tres Coutos. 1.- COUTO DO BARRIO: Tiña 10 casas e era do Señorío de Xosé de Páramo, de Vilabade, que percibía por vasalaxe 1 real e 1 galiña e a loitosa (se morría antes a muller non se percibía nada por ela, e se morría antes o home pagábase por el e despois pola viuva ). 2.- COUTO DE CHAVÍN: Era do Señorío de Pedro Lucas de Ulloa, Señor de San Xoán de Noceda (das Nogais), coa mesma participación por vasalaxe. 3.- COUTO DE BALDOMIRO: Era de Señorío dos Condes de Lemos, que percibían 10 reais por vasalaxe. Estremas da parroquia: Pedra do Couto - Pozo da Ferbeda - Pena do Gato - Marco da Costa do Pando - Marco da Chousa dos Foles – Penedo da Edra ou da Cruz (+) – Marco de acarón da Casa de Tomé Tallón en Vilamarín - Marco do Escairo de Lidor – Marco das Nabeiras – Río da Tórdea – Porto de Cerral – Marco do Carballal - Pedra do Coroto (sic). Había 39 casas e 40 unidades familiares.- Actividades: Muíño da Pícora, de unha roda, propiedade de Sabela Fernández; Muíño de Vilaboa, de 1 roda, pertencente a Brais Ferrreiro e consortes.- 27 colmeas. Siseiro do Viño: Lucas Ferreiro; Estanquilleiro: Lucas Cordero. Comerciante en lenzos: Antonio da Lence. Traficante en bois para Castela: Antonio Ferreiro; Xastre: Santiago Paredao. Zapateiro: Domingos Gómez.

DICIONARIO MADOZ (1847).- Freguesía do partido, diócese e provincia de Lugo (2 légoas e media) e Concello do Corgo (1 légoa); SITUACIÓN: en terreo chao e húmido en xeral, en Terra de Chamoso, con boa ventilación e CLIMA morno; as doenzas máis comúns son as febres ou afeizóns externas; comprende os lugares de Baldomiro, Barrio, Chavín, Rubial, San Lourenzo, San Vicenzo, Soutolubián, Vilaboa e Vilamarín, que reúnen 42 CASAS de poucas comodidades; hai unha ESCOLA TEMPORAL E INDOTADA; a igrexa parroquial (Santiago Apóstolo) é un curato de entrada e padroado leigo; hai unha capela de casa particular coa advocación de San Lourenzo; situado no lugar deste nome o cemiterio está a carón da igrexa, ben ventilado e cercado; o TERMO confina por N. con Santa María de Queizán; por L. cos termos de San Martiño de Folgosa, por S. con San Salvador de Castrillón e polo O. con San Xulián de Campelo; exténdese por onde máis media légoa; ten fontes de boa auga e báñaa o río da Tórdea en direción de N. a S, e crúzano dúas pontes de madeira, unha no indicado lugar de Chavín e a outra no de Rubial, as dúas preparadas para pasar carros; o TERREO é areoso e fértil, e os montes Vidueiro e Férbeda poboados de mato baixo; non escasea o arboredo de carballos, castiñeiros e outras clases nas ribeiras do río da Tórdea, así como nos pasteiros e fermosas pradarías de regadío; o CAMIÑO que dende Monforte se dirixe a Mondoñedo está en bo estado e o CORREO recíbese da capital do

partido; PRODUCIÓN: centeo, millo, trigo, orxo, patacas, liño, castañas e outras froitas, nabos e legumes; cría gando vacún, porcos, ovellas, cabritos e cabalos; hai caza de lebres, perdices e outras aves e pesca de troitas e anguías; INDUSTRIA: a agrícola e nove muíños fariñeiros; o COMERCIO redúcese á venda de gando e froitos sobrantes da colleita nos mercados de Lugo, Adai e Sobrado; POBOACIÓN: 43 veciños e 218 almas; CONTRIBÚE: co seu Concello.

Censo 1873

BARRIO (aldea: 12 casas habitadas, 1 deshabitada. Total: 13 casas).

COSTOIRO (*) (casar: 1 casa habitada. Total: 1 casa).

CHAVÍN (aldea: 13 casas habitadas, 1 casa deshabitada. Total: 14 casas).

MUIÑO DE BOLIZA (*) (1 casa deshabitada.Total: 1 casa).

MUIÑO DE LAGONZA (*) (1 casa deshabitada. Total: 1 casa).

NOVIÑO (*) (casar: 1 casa habitada. Total: 1 casa).

RAMOS (*) (casar: 1 casa habitada. Total: 1 casa).

REBORDADO (*) (aldea: 4 casas habitadas, 1 casa deshabitada. Total: 5 casas).

RUBIAL (aldea: 4 casas habitadas. Total: 4 casas).

SAN LOURENZO (aldea: 2 casas habitadas. Total: 2 casas).

SAN VICENZO (*) (casar: 1 casas habitada. Total: 1 casa).

SOUTO (*) (casar: 1 casa habitada. Total: 1 casa).

SOUTOLUVIÁN (aldea: 4 casas habitadas. Total: 4 casas).

TRASMEILÁN (*) (aldea: 1 casa habitada, 1 deshabitada. Total: 2 casas).

VALADEL (*) (aldea: 1 casa habitada, 1 deshabitada. Total: 2 casas).

VALDOMIRO (aldea: 5 casas habitadas. Total: 5 casas).

VILABOA (aldea: 6 casas habitadas. Total: 6 casas).

VILAMARÍN (aldea: 2 casas habitadas. Total: 2 casas).

Total da parroquia: 59 casas habitadas. 7 deshabitadas. Total: 66 casas.

Lugares en 1981: BARRIO; CHAVÍN; RUBIAL; SAN LOURENZO; SOUTOLUVIÁN; VALDOMIRO; VILABOA.

Casas

1753 (39); 1847 (43); 1873 (66); 1981 (98).

Datos eclesiais

(1915) Parroquia principal, no Arciprestádego de Maestrescolía. Era de padroado legal do dono do Couto de San Pedro de Cellán. Había a Capela de San Lourenzo de propiedade particular. Poboación: 464 habitantes. Dotación: 900 pesetas e 140 pesetas de fábrica. Párroco: Serafín Roldán Doval.

Poboación

1847 (218); 1887 (351); 1900 (388); 1910 (413); 1920 (421); 1930 (441); 1940 (451); 1950 (458); 1960 (444); 1970 (317); 1981 (310); 1991 (281); 1996 (256); 2013 (198).

**23**

**SANTA MARÍA DE FRANQUEÁN**

(S. XVII) Pertencía á Xurisdición da Pobra de Adai, no Marquesado de Sarria, agás o Couto de Vilar de Oubime.

Catastro Marqués de la Ensenada (1753). 1.- O COUTO DE VILAR DE OUBIME, estaba formado por sete casas, e pertencía o seu Señorío a Agostiño Henriquez, de Ourense, que percibía 1 día de traballo, 2 reais e loitosa. 2.- O resto dos lugares eran de Señorío dos Condes de Lemos, que percibían 96 reais por vasalaxe e 12 reais e medio por pedido. Estremas da parroquia: Marco do Pontón da Escoira - Marco da Pedra do Couto - Arroxo de San Lourenzo - Arroxo abaixo ata o Río da Tórdea e ata o arroxo de Escardel, e por este arroxo enriba ata o Marco da Veiga de Anzuelos - Arroxo do Pontón da Silva - Marco do Pontón da Escoira. Había 31 casas e 29 unidades familiares.

Actividades: Muiño de Oubime, de 1 roda, servido por Xosé López; Muíño do Pontón da Silva, de 1 roda, que era do presbítero Xoán Díaz, de Santo Estevo de Folgosa. 58 colmeas.- Taberna: era do común, e estaba arrendada a Gregorio do Outeiro, de San Xulián de Campelo. Estanquilleiro: Xoán Roldán; Zapateiros e peliteiros: Pedro Paz, Anxo Torrón, Domingos do Souto e Domingos da Ermida.



Igrexa de Franqueán (arquivo persoal de Mario Outeiro)

DICIONARIO MADOZ (1847).- Freguesía do partido, diócese e provincia de Lugo (2 légoas e media) e Concello do Corgo (media légoa); SITUACIÓN: en terra de chaira e en Terra de Chamoso, con boa ventilaciòn e CLIMA morno; as doenzas máis comúns son dores de costado e febres estomacais; comprende os lugares de Franqueán de Abaixo, Monte de Silva, Oubime, Outeiro e O Vilar, que reúnen 32 CASAS de poucas comodidades; ten una ESCOLA TEMPORAL sostida polos pais; a igrexa parroquial (Santa María) é anexo de San Salvador de Toirán, do Concello de Láncara; o TERMO confina por N. con San Salvador de Castrillón; por L. con San Martiño de Folgosa; por S. con Santiago de Gomeán; e polo O. con terras do Corgo; extendéndose por onde máis un cuarto de légoa; ten fontes de boa auga e bãñaa o río Tórdea e o denominado Río Pequeno, este baixa da indicada parroquia de Folgosa de L. a O. e o outro do lado de Fonteita, os dous xúntanse en Franqueán a outros regueiros pasando pola de Gomeán onde o cruza unha ponte na estrada xeral de Madrid á Coruña ; o TERREO é areoso e fértil; nos montes da Férbeda e Cha da Veiga de Ansuelos están cobertos de mato baixo e no último hai tamén grandes penedos de granito; non escasean nos baixos o arboredo de carballos, castiñeiros, bidueiras, chopos, nogueiras,pereiras, mazairas, figueiras e outras froiteiras, así como pasteiros e herba; a estrada xeral que de Madrid vai á Coruña, está en bon estado, e o CORREO recíbeno da capital do partido; PRODUCIÓN: centeo, trigo, millo, patacas, liño, castañas, landras, legumes e froitas de varias especies; cría gando vacún, porcos, cabras e cabalos; hai caza de lebres, coellos, perdices e outras aves e pescan troitas, anguías e peixes; INDUSTRIA: a agrícola, teares de lenzo, estopas e picotes e catro muiños fariñeiros; o COMERCIO: redúcese á venda de gando e sobrantes da colleita nos mercados de Sobrado, Adai e Lugo; POBOACIÓN: 34 veciños, 171 almas; CONTRIBÚE: co seu Concello.

(*) Entre 1835 e 1840 formou parte do Concello de Láncara.

Censo de 1873

CIMA DE VILA (aldea: 4 casas habitadas, 1 casa deshabitada. Total: 5 casas).

ESCARDEL (aldea: 3 casas habitadas. Total: 3 casas).

FRANQUEÁN (aldea: 9 casas habitadas, 1 deshabitada. Total: 10 casas).

MONTE DA SILVA (*) (aldea: 2 casas habitadas. Total: 2 casas).

MUIÑO DE CANDAIRA (*) 1 casa deshabitada. Total: 1 casa).

MUIÑO DE SUTERRA (*) (1 casa deshabitada. Total: 1 casa).

OUBIME (aldea: 4 casas habitadas, 1 deshabitada. Total: 5 casas).

OUTEIRO (aldea: 8 casas habitadas. Total: 8 casas).

PENSO (*) (aldea: 1 casa habitada, 1 deshabitada. Total: 2 casas).

PONTE (*) (casar: 1 casa habitada. Total: 1 casa).

VILAR (aldea: 4 casas habitadas. Total: 4 casas).

XESTA (casar: 1 casa habitada. Total: 1 casa).

Total da parroquia: 37 casas habitadas. 6 deshabitadas. Total: 43 casas.

Lugares en 1981: CIMA DE VILA; ESCARDEL; FRANQUEÁN; ERMIDA; MONTE DE SILVA; ABUIME; OUTEIRO; VILAR.

Casas

1753 (31); 1847 (32); 1873 (43); 1981 (45).

Datos eclesiais

(1755) Parroquia Anexa, no Arciprestádego de Picato. Formaba curato con San Salvador de Toirán e San Pedro de Vilarello (Láncara). Era leigal do Señor de Láncara. 2.200 reais.

(1915) Parroquia principal, no Arciprestádego de Picato, tiña por anexo a Santiago de Gomeán. Turnaban na presentaciòn a Súa Maxestade e o patrono de Santalla do Alto. Había a capela de San Bernabé, propiedade da Igrexa. Poboación: 435 habitantes. Dotación: 900 pesetas e 236 pesetas de fábrica. Párroco: Xosé López Santiso de la Fuente.

Poboación

1847 (171); 1887 (215); 1900 (289); 1910 (239); 1920 (240); 1930 (230); 1940 (223); 1950 (218); 1960 (178); 1970 (143); 1981 (139); 1991 (124); 1996 (111); 2013 (86).

**24**

## SANTIAGO DE GOMEÁN

(S. XVII) Era Couto suxeito á Xurisdición do Bispo de Lugo.

Catastro Marqués de la Ensenada (1753).- Couto de Señorío do Bispo de Lugo, que percibía os dereitos de loitosa e de galiña e 2 ferrados de centeo. Estremas da parroquia: Madeiro Traveso - Veiga de Anzuelo - Cruz da Pedra - Pozo Anguieiro - Porto de Lamacoba - Madeiro Traveso. 35 casas e 36 unidades familiares.- Muiño de Pedro Quintela, de 3 rodas. Muíño da Ponte de Mata, de 3 rodas (Xoán Pardo de Cuíñas). Muíño da Veiga, de 1 roda (Xosé de Val). Taberna, rexentada por Francisco Gómez. Estanquillo. Actividades: Zapateiros e peliteiros: Antonio de Aldegunde, Xosé do Val, Domingos do Moniz e Xoán de Vigo. Peliteiros: Domingos de Aldegunde, Pedro Quintela e Domingos González.



Igrexa de Gomeán (arquivo persoal de Mario Outeiro)

DICIONARIO MADOZ (1847).- Freguesía do partido, diócese e provincia de Lugo (2 légoas e media) e Concello do Corgo (un cuarto de légoa); SITUACIÓN: en Terra de Chamoso e en paraxe de chaira con boa ventilación e CLIMA morno e san; comprende os lugares de Alfonxe, Casa do Monte, Castro, Escardel, Gomeán. Gudín, Matafaxín, Pacio, Pereira, Torrón, Val e Valverde que reúnen 44 CASAS de poucas comodidades; ten ESCOLA DE PRIMEIRA EDUCACIÒN TEMPORAL E INDOTADA; a igrexa parroquial (Santiago) é anexo de Santa María de Marei e existe no citado lugar do Val unha ermida na actualidade inservible; o TERMO confina por L. con Santo Estevo de Folgosa e Franqueán; por N. con San Salvador de Castrillón: polo S. coa citada matriz; e polo O. con San Xoán do Corgo; extendéndose de N. a S. media légoa e un cuarto de L. a O, ; hai fontes de boa auga e báñaa o río da Tórdea que baixa da indicada parroquia de Castrillón, cruzándoo no lugar de Gomeán unha ponte co mesmo nome, de catro arcos situada na estrada xeral de Madrid á Coruña, cuxas augas levan o seu curso a S. a se unir ao Neira; tamén

hai un regueiro chamado Río Pequeno que se une ao Tórdea; o TERREO é de boa calidade; o monte de Matafaxín está raso con mato baixo e o de Arribado con penedos de granito; hai soutos de castiñeiros e carballos, e bos pastos e prados de regadío; ademáis da indicada estrada na que se achan cinco vendas-mesóns para a arrearía e carruaxes hai os CAMIÑOS veciñais e todos en estado regular; o CORREO recíbese da capital do partido; PRODUCIÓN: centeo, patacas, millo, trigo, nabos, liño, castañas, legumes, peras, mazás, cereixas e outras froitas; cría gado vacún, porcos, ovellas, cabras e cabalos; cazan lebres, perdices e outras aves do monte e pescan troitas, anguías e peixes na Tórdea; INDUSTRIA: a agrícola, 13 muiños fariñeiros e moitos teares para lenzos; o COMERCIO reducese á venda dalgún gando, herbas e otros produtos; POBOACIÓN: 44 veciños, 232 almas; CONTRIBÚE: co seu Concello.

Censo 1873

ALFONXE (aldea: 7 casas habitadas, 2 deshabitadas. Total: 9 casas.

CANCELA (*) (casar, 1 casa deshabitada. Total: 1 casa).

CASTRO (aldea: 5 casas habitadas. Total: 5 casas).

ESCARDEL (aldea: 3 casas habitadas, 1 deshabitada. Total: 4 casas).

GOMEÁN (aldea: 7 casas habitadas, 3 casas deshabitadas. Total: 10 casas.

GUDÍN (*) (aldea: 2 casas habitadas. Total: 2 casas).

MATAFAXÍN (aldea: 6 casas habitadas, 2 deshabitadas. Total: 8 casas).

MONTE DO ALTO (*) (aldea: 7 casas habitadas, 1 deshabitada. Total: 8 casas).

PACIO (casar: 1 casas habitada. Total: 1 casas).

TORRÓN (aldea: 2 casas habitadas. Total: 2 casas).

VAL (aldea: 4 casas habitadas. Total: 4 casas.

VALVERDE (aldea: 2 casas habitadas. Total: 2 casas).

Total da parroquia: 44 casas habitadas. Deshabitadas: 12.Total 56 casas.

Lugares en 1981

ALFONXE; CASTRO; ESCARDEL; GOMEÁN; MATAFAXÍN; PACIO; TORRÓN; VAL; VALVERDE.

Casas

1753 (35); 1847 (44); 1873 (56); 1981 (44).

Datos eclesiais

(1755) Parroquia anexa ao Curato de Santa María de Marei, no Arciprestádego de Picato.

(1915) Parroquia anexa de Santa María de Franqueán, no Arciprestádego de Picato. Había o santuario do Santísimo Cristo. Poboación: 750 habitantes. Párroco: Xosé López Santiso de la Fuente.

Poboación

1847 (232); 1887 (347); 1900 (519); 1910 (387); 1920 (432); 1930 (423); 1940 (448); 1950 (469); 1960 (321); 1970 (229); 1981 (220); 1991 (216); 1996 (218); 2013 (204).

**25**

## SAN MIGUEL DE LAPÍO

(S. XVII) Pertencía á Xurisdición da Pobra de San Xiao, no Marquesado de Sarria.

Catastro Marqués de la Ensenada (1753).- Era de Señorío da Condesa de Lemos, que percibía 36 reais por vasalaxe. Estremas da parroquia: Fonte Grande - Carballo Longo - Zarra de Riba - Pedra Chantada - Pena Subidoira - Penedo do Cañón - Marco de Seixas - Fonte Grande. 20 casas e 20 unidades familiares. Taberna: era propiedade do común. Actividades: Xastres: Domingos de Castro e Xoán Díaz.

DICIONARIO MADOZ (1847).- Freguesía do partido, diócese e provincia de Lugo (2 légoas e tres cuartos) e Concello do Corgo (1 légoa e media); SITUACIÓN: en terra de chaira ao N. do río Neira; disfruta de boa ventilación e CLIMA algo frío, as doenzas máis comúns son febres, reumas, dores de costado e intermitentes; conta con 20; CASAS distribuidas nos lugares de Cañón, Casisaldo, Lapío e Peneda; hai unha

ESCOLA DE PRIMEIRO ENSINO TEMPORAL E INDOTADA; a igrexa parroquial (San Miguel) é matriz de Santa María Madalena de Sabarei; o seu curato de entrada é padroado real e eclesiástico; o TERMO confina por N. co citado anexo; por L. con San Pedro de Maceda; por S. con Santiago de Camposo; e por O. con Santo Estevo de Farnadeiros e San Pedro de Cerceda; extendéndose de N. a S. un cuarto de légoa e igual distancia de L. a O.; hai varios manantíos de medianas augas, e báñaa un arroxo denominado Lapío que ten orixe en termos da parroquia do seu nome e corre de O. a L. a se unir ao Mazandán que pasa por Maceda; o TERREO areoso, húmido e pouco fértil, ten por montes as Veigas de Lapío, chamados así por seren húmidos, rasos e con penasqueiras de granito; hai prados de mediana calidade con algúns chopos e castiñeiros; o CAMIÑO que dende Lugo vai á Ponte de Neira está en mal estado, e no seu termo hai unha TABERNA; o CORREO recíbeo da administración de Lugo ou da estafeta da Pobra; PRODUCIÓN: centeo, patacas, nabos, millo, trigo, castañas, liño e legumes; cría gando vacún, ovellas, porcos e cabalos; cazan lebres e perdices; INDUSTRIA: a agrícola e varios teares; POBOACIÓN: 20 veciños, 100 almas; CONTRIBÚE: co seu Concello.

Censo 1873

BARREAL (aldea: 3 casas habitadas, 1 deshabitada. Total: 4 casas).

CAÑÓN (casar: 1 casa habitada. Total: 1 casa).

CASISALDO (casar: 1 casa habitada. Total: 1 casa).

LAPÍO (aldea: 10 casas habitadas, 2 deshabitadas. Total: 12 casas).

PENEDA (aldea: 24 casas habitadas. Total: 2 casas).

Total da parroquia: 17 casas habitadas. 3 deshabitadas. Total: 20 casas.

Lugares en 1981: BARREAL, CASISALDO, LAPÍO, PENEDA.

Casas

1753 (20); 1847 (20); 1873 (20); 1981 (35).

Datos eclesiais

(1915) Parroquia principal, no Arciprestádego de Farnadeiros, tiña por anexo a Santa María Madalena de Sabarei. Tiña Casa Retoral. Era de padroado eclesiàstico do Cabido de Lugo. Había a Capela de Santiago, propiedade da Igrexa. Poboación: 281 habitantes. Dotación: 1.200 pesetas e 236 pesetas de fábrica. Párroco: Antonio Rodríguez Álvarez.

Poboación

1847 (100); 1887 (99); 1900 (174); 1910 (148); 1920 (186); 1930 (167); 1940 (155); 1950 (166); 1960 (124); 1970 (102); 1981 (56); 1991 (78); 1996 (75); 2013 (75).

**26**

## SANTIAGO DE LAXOSA

(S. XVII) Pertencía á Xurisdición da Pobra de Adai, no Marquesado de Sarria.

Catastro Marqués de la Ensenada (1753).- Era de Señorío dos Condes de Lemos, que percibían 182 reais por vasalaxe e 9 reais e 17 maravedís de pedido. Estremas da parroquia: Cachamonde - Cancela de Toxeda - O Penedo - Camiño das Abelairas - Pena Forcada - Porto de Moledo - Río do Chamoso embaixo ata a presa do Muiño de Bernabé López - Arroxo do Placer enriba - Prado da Orta - Cachamonde. Había 30 casas e 31 unidades familiares. Actividades: Muíño, de 2 rodas, de Hilario Galán e Domingos da Fouze, de San Pedro de Santa Comba. 8 colmeas. Arrieiros: Xoán Francisco Díaz e Domingos Gómez.



Estación do ferrocarril de Laxosa (arquivo persoal de Mario Outeiro)

DICIONARIO MADOZ (1847).- Freguesía do partido, diócese e provincia de Lugo (1 légoa e cuarto) e Concello do Corgo (media légoa); SITUACIÓN: en tarreo desigual e en Terra de Chamoso. Boa ventilación e CLIMA frío; As doenzas máis comúns son febres, dores de costado e pulmón; conta con 36 CASAS distribuídas nos lugares e aldeas de Aira Xulia, Donalbán, Laxosa, Lousado e Ponte do Bao; hai unha ESCOLA DE PRIMEIRO ENSINO TEMPORAL E INDOTADA; a igrexa parroquial (Santiago) é matriz de San Cosme de Manán, e o seu curato de entrada e padroado leigo; o cemiterio encóntrase no adro da igrexa e en nada perxudica á saúde pública pola súa boa ventilaciòn; no citado lugar de Donalbán hai unha ermida de propiedade particular; o TERMO confina polo N. con Santa María de Cabreiros e San Cristovo de Chamoso; por S. con San Fiz de Paradela e ao O. co nomeado río Chamoso e San Pedro de Santa Comba; ten sete fontes de boa auga e no lugar do Bao hai unha boa ponte con este nome de catro arcos, que atravesa a estrada xeral de Madrid á Coruña; no mesmo río hai outra ponte chamada da Silva, dun só arco con sesenta coartas de altura para salvar un fondón, construida novamente, e pola que pasa a estrada que se está facendo para Monforte dende Nadela empalmada coa xeral; o TERREO participa de ser areoso e pizarrento, todo el de mediana calidade; posúe pequenos anacos de monte denominados Ribeira de Lousado e Pena Forcada, poboados de mato baixo; o CAMIÑO ou estrada xeral de Madrid á Coruña pasa polo medio en direción L. a O. e está en bo estado; no Bao hai unha TABERNA e dous MESÓNS; o CORREO recíbese de Lugo; PRODUCIÓN: centeo, trigo, millo, patacas, castañas, liño, orxo, nabos, legumes e algunha froita: cría gando vacún, porcos, ovellas e cabalos; cazan perdices e lebres e pescan troitas, peixes e anguías; INDUSTRIA: a agrícola, tres muíños fariñeiros e pousadas para a arrearía; o COMERCIO redúcese á venda de gando vacún e carnes de porco e súrtese dos artigos que encontran nos mercados de Lugo e Adai; POBOACIÓN: 36 veciños, 185 almas; CONTRIBÚE: co seu Concello.

Censo de 1873

AIREXULIÁ (*) (casar: 1 casa habitada. Total: 1 casa).

DONALBÁN (aldea: 9 casas habitadas, 1 deshabitada. Total: 10 casas).

FRANQUEÁN (casar: 1 casa habitada. Total: 1 casa).

LAXOSA (aldea: 21 casas habitadas, 1 deshabitada. Total: 22 casas).

LOUSADO (aldea: 9 casas habitadas, 1 casa deshabitada. Total: 10 casas).

PONTE DO VAO (aldea: 8 casas habitadas, 3 deshabitadas. Total: 11 casas).

Total da parroquia: 49 casas habitadas. 6 deshabitadas. Total: 55 casas.

Lugares en 1981: DONALBÁN; ESTACIÓN; LAXOSA; LOUSADO; PONTE DO VAO.

Casas

1753 (30); 1847 (36); 1873 (55); 1981 (99).

Datos eclesiais

(1915) Parroquia principal, no Arciprestádego de Farnadeiros, tiña por anexo a Santa María de Cabreiros. Casa Retoral. Turnaban na presentación a Súa Maxestade e o Conde de Lemos. Poboación: 580 habitantes. Dotación: 900 pesetas, e 236 pesetas de fábrica. Párroco: Serafín Marcos Rodríguez.

Poboación

1847 (185); 1887 (288); 1900 (346); 1910 (423); 1920 (513); 1930 (491); 1940 (563); 1950 (569); 1960 (565); 1970 (488); 1981 (458); 1991 (434); 1996 (398); 2013 (322).

**27**

**SAN PEDRO DE MACEDA**

(S. XVII) Pertencía á Xurisdición da Pobra de San Xiao, no Marquesado de Sarria.

Catastro Marqués de la Ensenada (1753).- Era de Señorío dos Condes de Lemos que percibían 46 reais e medio por vasalaxe. Estremas da

parroquia: Carrilleira de Roxo - Seixo Branco - Porto de Mazandán - Fonte da Rairiña - Zarra do Zimbro - Agra da Otermia - Pena de Cortes - Caneiro Vello - Carrilleira do Roxo. Había 10 casas e 10 unidades familiares. Actividades: Muíño de Bieito Leirado. 3 colmeas. Estanquilleiro: Pedro Fernández.

1816.- Era parroquia anexa de San Xoán de Cela, no Arciprestádego de Sarria. A Igrexa tiña unha renda de 18 ferrados e medio de pan centeo. Tiña 10 veciños no lugar de Maceda. Os escolantes ían á escola de Cela. Era da Xurisdición da Pobra de San Xiao.

DICIONARIO MADOZ (1847).- Freguesía do partido, diócese e provincia de Lugo (3 légoas) e Concello do Corgo (1 légoa e cuarto); SITUACIÓN: dentro do ángulo que forma a confluencia dos ríos Mazandán e Tórdea, con boa ventilación e CLIMA frío pero san; ten 12 CASAS e unha igrexa parroquial (San Pedro) que é un dos anexos de Santiago de Camposo; o TERRITORIO exténdese un cuarto de legoa de N. a S. e un oitavo de L. a O.; confina polo N. e L. con San Bartolomeu de Abragán; no S. o mencionado río Tórdea e freguesía de Santa María Madalena de Escoureda e por O. coa matriz e San Miguel de Lapío; polo o O. e en direción de N. a S. báñana o Mazandán e de L. a S. o Tórdea, vindo a se uniren na parte meridional da freguesía e dende alí van a depositar as súas augas no Neira; hai ademáis dúas fontes de auga potable, aínda que pouco delgadas; o TERREO é algo areoso, mais de boa calidade e con moito arboredo de carballos, castiñeiros, froiteiras e outras; os CAMIÑOS son veciñais en mediano estado, se ben no inverno non se pode transitar por eles; o CORREO recíbese na estafeta da Pobra ou na administración de Lugo; PRODUCIÓN: centeo, orxo, patacas, milllo, trigo, liño, nabos, legumes, castañas e froitas; cría gando vacún, porcos, ovellas e cabalos; hai caza de lebres, perdices e aves de paso; pesca troitas, anguías e peixes. INDUSTRIA: a agrícola, teares e muíños fariñeiros; POBOACIÓN: 12 veciños, 73 almas; CONTRIBÚE: co seu Concello.

<u>Censo 1873</u>

AMOÁ (casar: 1 casa habitada. Total: 1 casa).

MACEDA (aldea: 10 casas habitadas, 3 deshabitadas. Total: 13 casas).

PONTÓN (aldea: 2 casas habitadas. Total: 2 casas).

Total da parroquia: 13 casas habitadas. 3 deshabitadas. Total: 16 casas.

Lugares en 1981: CASETAS; MACEDA; VILARIÑO.

<u>Casas</u>

1753 (10); 1816 (16); 1847 (12); 1873 (16); 1981 (30).

<u>Datos eclesiais</u>

(1755) Parroquia anexa a Santiago de Camposo no Arciprestádego de Sarria, formaba Curato ademais con San Xoán de Cela.

(1915) Parroquia anexa de Santa María de Escoureda, no Arciprestádego de Farnadeiros. Poboación: 232 habitantes. Párroco: Elías Fernández Díaz.

<u>Poboación</u>

1847 (73); 1887 (121); 1900 (93); 1910 (119); 1920 (120); 1930 (110); 1940 (114); 1950 (133); 1960 (93); 1970 (66); 1981 (63); 1991 (58); 1996 (61); 2013 (42).

**28**

## SAN COSME DE MANÁN (DE ABAIXO)

(S. XVII) Pertencía á Xurisdición da Pobra de Adai, no Marquesado de Sarria, e en parte ao Mosteiro de Meira.

Catastro Marqués de la Ensenada (1753).- Era de Señorío dos Condes de Lemos, que percibían 9 reais e 28 maravedis por vasalaxe e 5 reais e 26 maravedís por pedido. Estremas da parroquia: Marco de Santa Isabel - Porto das Bestas - Marco de Pedra Chantada - Fonte Fragueriza do Amaro

de Cela - Marco do Cobreiro - Marco de Seixo Branco - Couso Vedral - Fonte do Serrón - Veiga de Lamapolleira - Fonte das Uceiras - Marco de Cagaboi - Marco de Santa Isabel. 10 casas e 10 unidades familiares. Actividades: 9 colmeas. Zapateiro (Domingos Yáñez).

DICIONARIO MADOZ (1848).- Freguesía do partido, diócese e provincia de Lugo (2 légoas) e Concello do Corgo (unha cuarta de légoa); SITUACIÓN: en paraxe desigual con boa ventilación e CLIMA frío, mais saudable; comprende os lugares de Campa, Lamapulleira e Manán que reúnen 14 CASAS de poucas comodidades; a igrexa parroquial (San Cosme) é anexo de Santiago de Laxosa; o TERMO confina polo N. con Santa María Madalena de Manán de Arriba; por L. con Santa Catarina de Anseán; por S. con Santa María Madalena de Sabarei; e por O. con San Pedro de Farnadeiros, extendéndose de N. a S. un cuarto de légoa e igual distancia de L. a O.; hai varios manantíos de boa auga e báñaa o arroxo de Lamaxoán, que dirixíndose cara L. vai a se unir ao río Mazandán, que corre polos termos de Anseán; tamén a baña o arroxo de Lamapulleira que vai entregar as augas ao río Mazandán; o TERREO é de boa calidade, ten varias porcións de monte nas situacións da Armada, Lamaxoana e Uzal, poboados de mato baixo, non escasean os soutos de castiñeiros e carballos, así como devesas de pasto e prados de boa calidade; os CAMIÑOS locais enlazan coa nova estrada que se está construíndo, empalmando coa xeral para ir a Sarria e Monforte; o CORREO recíbese de Lugo; PRODUCIÓN: centeo, patacas, millo, orxo, nabos, liño, legumes, landras, castañas e outras froitas; cría gando vacún, porcos e ovellas; cazan lebres e perdices; INDUSTRIA: a agrícola; o COMERCIO: redúcese á venda de algún gando e ao sobrante das colleitas nos mercados de Lugo e Adai; POBOACIÓN: 14 veciños, 74 almas; CONTRIBÚE: co seu Concello.

<u>Censo 1873</u>

CAMPA (aldea: 1 casa habitada, 1 deshabitada. Total: 2 casas).

LAMAPULLEIRA (casar: 1 casa habitada. Total: 1 casa).

MANÁN (aldea: 9 casas habitadas, 4 deshabitadas. Total: 13 casas).

MONTE (aldea: 3 casas habitadas. Total: 3 casas).

REGO (aldea: 2 casas habitadas. Total: 2 casas).

Total da parroquia: 16 casas habitadas. 5 deshabitadas.Total: 21 casas.

Lugares en 1981: CAMPA; LAMAPULLEIRA; MANÁN DE SAN COSME.

<u>Casas</u>

1753 (10); 1848 (14); 1873 (21); 1981 (22).

<u>Datos eclesiais</u>

(1915) Parroquia anexa de Santa Catarina de Anseán, Arciprestádego de Farnadeiros. Poboación: 147 habitantes. Párroco: Tomás Escobar Suárez. Rexente: Pedro Fernández Castro.

<u>Poboación</u>

1848 (74); 1887 (84); 1900 (121); 1910 (135); 1920 (119); 1930 (129); 1940 (139); 1950 (154); 1960 (96); 1970 (81); 1981 (76); 1991 (70); 1996 (74); 2013 (62).

**29**

## SANTA MARÍA MADALENA DE MANÁN (DE ARRIBA)

(S. XVII) Couto da Orde de San Xoán do Hospital de Xerusalén (Encomenda de Portomarín).

Catastro Marqués de la Ensenada (1753).- Era Couto da Encomenda de San Xoán de Portomarín da Orde de San Xoán do Hospital de Xerusalén, que percibía 1 real de cada veciño. Estremas da parroquia: Pedra Chantada - Arroxo do Bocelo - Marco do Cobreiro - Pedra Chantada. Había 7 casas e 7 unidades familiares. Actividades: Taberna: eran do común, e estaba gobernada por Xoán López. Siseiro do Viño: Xoán López de San Fiz de Paradela. Zapateiro e peliteiro: Sebastián Rodríguez.

DICIONARIO MADOZ (1848).- Freguesía do partido, diócese e provincia de Lugo (2 légoas), da Encomenda de Portomarín da Orde de

Xerusalén e Concello do Corgo (un cuarto de légoa); SITUACIÓN: en paraxe desigual con boa ventilación e CLIMA frío, mais bastante san; conta con 13 CASAS de poucas comodidades que constitúen os lugares do Bocelo, Campa, Cobreiro e Manán de Arriba; a igrexa parroquial (Santa María Madalena) é única e o seu Curato de entrada e presentación da indicada Orde de San Xoán; no TERMO confina por N, con Santa Mariña de Cabreiros; por L. con Santo André de Chamoso; por S. con San Cosme de Manán de Abaixo; e por O. con San Fiz de Paradela, extendéndose de N. a S. un cuarto de légoa e algo máis de L. a O.; hai varios manantíos de escelente auga; o TERREO é areoso e pizarrento, de boa calidade e os montes denominados Campa e Gandariña, están poboados de carpazas e toxo; ten algúns soutos de castiñeiros e carballos, bos pasteiros e prados; o CAMIÑO que vai de Lugo á Ponte de Carracedo, que era a antiga vía, encóntrase en mal estado e no citado lugar da Campa hai unha TABERNA; o CORREO recíbese de Lugo; PRODUCIÓN: centeo, millo, patacas, nabos, orxo, liño, legumes, castañas e outras froitas; cría gando vacún, porcos e ovellas; caza: lebres e perdices; INDUSTRIA: a agrícola; COMERCIO: Redúcese á venda de algún gando e o sobrante das colleitas nos mercados de Lugo e Adai; POBOACIÓN: 13 veciños, 74 almas; CONTRIBÚE: co seu Concello. Esta freguesia era capital da pequena Xurisdición do seu nome; comprendendo a de Paradela e correspondíalle o Señorío á Encomenda de Portomarín, sendo partícipe o Convento das Dominicas de Lugo.

Censo de 1873

AQUILCABO: (casar: 1 casa habitada. Total: 1 casa).

CAMPO: (aldea: 2 casas habitadas, 1 deshabitada. Total: 3 casas).

CUBREIRO (aldea: 2 casas habitadas. Total: 2 casas).

MANÁN DE ABAIXO (aldea: 9 casa habitadas, 1 deshabitada. Total: 10 casas).

Total da parroquia: 14 casas habitadas. 2 deshabitadas. Total: 16 casas.

Lugares en 1981: MANÁN DE SANTA MARÍA.

Casas

1753 (7); 1848 (13); 1873 (16); 1981 (11).

Datos eclesiais

(1915) Parroquia anexa de San Fiz de Paradela, no Arciprestádego de Farnadeiros. Poboación: 85 habitantes. Párroco: Xoán B. Vázquez González.

Poboación

1848 (74); 1887 (54); 1900 (48); 1910 (60); 1920 (75); 1930 (83); 1940 (78); 1950 (76); 1960 (46); 1970 (41); 1981 (39); 1991 (37); 2013 (31).

**30**

## SANTA MARÍA DE MAREI

(S. XVII) Pertencía á Xurisdición da Pobra de Adai, no Marquesado de Sarria.

Catastro Marqués de la Ensenada (1753).- Era de Señorío dos Condes de Lemos, agás o COUTO DE VILANOVA, que era do Señor de Láncara, Isidro de Yebra Pimentel. Os Condes percibían nas súas aldeas 269 reais por vasalaxe e 48 reais e 30 maravedís por pedido, e o Señor de Láncara un día de traballo ou 2 reais e 15 maravedís por el. Estremas da parroquia: Marco das Abelairas - Río de Romeán - Porta da Lamacoba - Rego de Martiño Paz - Modorra de Matafaxín - Pozo de Anguieiro - Carballeira de Bascuas - Fonte do Ouro - Encrucilladas do Camiño Francés - Bilicán da Torre - Carballeira dos Mancos - Marco de Castredo - Couso de Abeledo - Marco de Seixo Brano - Fonte de Allariz - Fonte de Abragán - Ponte de Pedra de Lago - Liñariños - Marco de Abelairas. Había 61 casas e 60 unidades familiares. Actividades: Muíño da Ponte de Lago, de 2 rodas, de Pascual Xaneiro; Muíño da Ponte de Lago, de 2 rodas, de Xoán Capón; Muíño de Román, de 2 rodas, de Luis Rodríguez; Muíño da Zarra, de 1 roda de Diego Sánchez. 121 colmeas. Tabernas: Eran do común e estaban arrendadas: 1.- A Xoán Capón. 2.- A Domingos López.; Siseiros do Viño: Xoán Capón e Domingos López. Estanquilleiros: Pedro de Bande e Antón Gundián. Peliteiro: Antón de Vigo; Xastre: Domingos López.

DICIONARIO MADOZ (1848).- Freguesía do partido, diócese e provincia de Lugo (3 légoas) e Concello do Corgo (a unha cuarta de légoa); SITUACIÓN: en paraxe chao e espacioso con boa ventilación e CLIMA frío; comprende os lugares de Coedo, Lago, Laguiño, Lence, Marei, Mariño, Pena, Samprizón e Vilanova, que reúnen 43 CASAS de poucas comodidades; hai unha ESCOLA DE PRIMEIRA EDUCACIÒN TEMPORAL E INDOTADA; a igrexa parroquial (Santa María) é matriz de Santiago de Gomeán; o seu curato, real e eclesiastico; o TERMO ,confina por N. co citado anexo e San Xoán do Corgo; por L. con Santalla do Alto; por S. con San Bartolomeu de Abragán; e por O. con Santa Catarina de Anseán; extendéndose de N. a S. media légoa e algo máis de L. a O., e ten varios manantíos de boa auga, e os ríos Mazandán e Tórdea; ao primeiro crúzao polo lado O. una insignificante ponte de pedra e o Tórdea, que corre polo Leste, ten a antiga PONTE DE LAGO, dun só arco ben construído; os dous ríos reúnense en Maceda; tamén a baña o arroxo chamado da Lence que morre no Mazandán: o TERREO no xeral é de boa calidade, ten grandes extensións de monte de mato baixo, sendo o máis notable o chamado A Gándara; hai prados na beira do río e algún arboredo; o CAMIÑO principal é a antiga estrada de Castela que ía polo Cebreiro e o CORREO recíbeno de Lugo; PRODUCIÓN: centeo, orxo, millo, patacas, nabos castañas, legumes e viño; cría gando vacún, ovellas, cabras, porcos e algo de cabalar; caza: lebres, perdices e outras aves do campo; e pesca: troitas; INDUSTRIA: a agrícola e tres muíños no citado Tórdea; POBOACIÓN: 43 veciños, 217 almas; CONTRIBÚE: co seu Concello.

<u>Censo 1873</u>

BARREIROS (aldea: 8 casas habitadas. Total: 8 casas).

COEDO (casar: 1 casa habitada. Total: 1 casas).

EIREXE (casar e igrexa: 1 casa habitada. Total: 1 casa).

FADIGÓN (aldea: 3 casas habitadas. Total: 3 casas).

LENCE (aldea: 4 casas habitadas, 1 casa deshabitada. Total: 5 casas).

LOUREIRIÑOS (casar: 1 casa habitada. Total: 1 casa).

MAREI (aldea: 11 casas habitadas, 1 casa deshabitada. Total: 12 casas).

MARIÑO (aldea: 7 casas habitadas. Total: 7 casas).

MUIÑO ROMÁN (muíño: casa deshabitada. Total: 1 casa).

PENA (casar: 1 Casa habitada. Total: 1 casa).

SAMPRIZÓN (aldea: 3 casas habitadas, 1 casa deshabitada. Total: 4 casas).

SAN SIMÓN (aldea: 2 casas habitadas. Total: 2 casas).

SOUTO (aldea: 2 casas habitadas. Total: 2 casas).

VILANOVA (aldea: 8 casas habitadas, 2 casas deshabitadas. Total: 10 casas).

Total da parroquia: 52 casas habitadas. 6 deshabitadas. Total: 58.

Lugares en 1981: BARREIROS; COEDO; LENCE; LOUREIRO; MAREI; MARIÑO; OUTEIRO; SAMPRIZÓN; SAN SIMÓN; SOUTO; VILANOVA.

<u>Casas</u>

1753 (61); 1848 (43); 1873 (58); 1981 (76).

<u>Datos eclesiais</u>

(1755) Parroquia principal no Arciprestádego de Picato. Tiña por anexo a Santiago de Gomeán. Era de provisión da Súa Maxestade e o Cabido de Lugo, alternando co Bispo de Lugo. 2.200 reais.

(1915) Parroquia principal, no Arciprestádego de Farnadeiros. Casa Retoral. Poboación: 556 habitantes. Dotación: 900 pesetas e 140 pesetas de fábrica. Párroco: Manuel Prado Pacios.

<u>Poboación</u>

1848 (217); 1887 (305); 1900 (342); 1910 (274); 1920 (413); 1930 (391) 1940; (377); 1950 (395); 1960 (333); 1970 (269); 1981 (227); 1991 (234); 1996 (232); 2013 (179).

31

## SAN FIZ DE PARADELA

(S. XVII) O Señorío estaba repartido entre a Encomenda de Portomarín (Paradela e Placer), Dominicas de Lugo (Couto de Vilanova) e a Xurisdición da Pobra de Adai (San Fiz e Chamoso).

Catastro Marqués de la Ensenada (1753).- Señorío: Paradela e Placer (Encomenda de Portomarín); Couto de Vilanova (Relixiosas Dominicas de Lugo); San Fiz e Chamoso (Condesa de Lemos: Xurisdición da Vila e Pobra de Adai). Estremas da parroquia: Medorra dos Lagarcedos - Marco da Caabeiro - Arroxo abaixo cara a Agra de Paradela e Manán - Río Chamoso ata o Río Miño - Río Miño ata Caneiro de Aguillón - Pedra do Couto - Marco do Agro - Medorra dos Lagarcedos. 32 casas e 32 grupos familiares. Actividades: Muíño da Muiñela, de 3 rodas (Bernabé López), Muíño da Devesa Vella de 5 rodas (Anxo da Penela), Muíño da Areosa, de 3 rodas (Domingos López de San Xoán de Pena). 26 Colmeas. Taberna: estaba en Santa María Madalena de Manán, propiedade dos veciños das dúas parroquias).

DICIONARIO MADOZ (1849).- Freguesía do partido, diócese e provincia de Lugo (1 légoa e cuarta) e Concello do Corgo (1 légoa); SITUACIÓN: á beira esquerda do río Chamoso e L. do Miño, en punto ben ventilado e pouco montuoso; de CLIMA templado e medianamente san; ten 41 CASAS, distribuídas nas aldeas de Vilanova, Chamoso, San Fiz e Placer e algúns manantíos de auga que surten aos veciños; a igrexa parroquial (San Fiz) está servida por un cura; no seu adro está o cemiterio; no distrito da poboación ten unha ermida particular e por anexo a Santa Mariña de Cabreiros; o TERMO, confina por N. con Santiago de Laxosa; L. Manán de Arriba; S., San Pedro de Farnadeiros; e O. os ríos Chamoso e Miño; o TERREO é pizarrento e de mediana calidade; está bañado polo Chamoso e outros dous arroxos máis que aumentan as súas augas ata chegar ao Miño co que se xunta perto da Foz; PRODUCIÓN: centeo, millo, patacas, pouco trigo, orxo, castañas, viño, legumes, nabos, cereixas e mazás; cria gando vacún, porcos, ovellas e algúns cabalos; hai caza de lebres e perdices e pesca: troitas e anguías; INDUSTRIA: a agrícola e 6 muíños fariñeiros; COMERCIO: a venda de gra nos mercados de Lugo e Adai; CAMIÑOS: o que vai de Monforte pola Pobra e Sarria, en estado regular; o CORREO recíbeno de Lugo; POBOACIÓN: 44 veciños, 207 almas; CONTRIBÚE: co seu Concello.

<u>Censo de 1873</u>

CERDEIRIÑO (casar: 1 casa habitada. Total: 1 casa).

CHAMOSO (aldea: 9 casas habitadas. Total: 9 casas).

MUÍÑO DE AREOSO (muíño. Total: 1 casa).

MUÍÑO DA ÍNSUA (muíño: Total: 1 casa).

MUÍÑOS DA SILVA (2 muíños. Total: 2 casas).

PARADELA (aldea: 13 casas habitadas, 2 deshabitadas. Total: 15 casas).

O PLACER (aldea: 2 casas habitadas. Total: 2 casas).

SAN FIZ (aldea: 18 casas habitadas, 2 deshabitadas. Total: 20).

VEIGA DE ARRIBA (aldea: 1 casa habitada, 1 deshabitada. Total: 2 casas).

VILANOVA (casar: 1 casa habitada. Total: 1 casa).

VILANOVA DE ABAIXO (aldea: 8 casas habitadas, 2 deshabitadas. Total: 10).

Total da parroquia: 53 casas habitadas. 11 deshabitadas. Total: 64 casas.

Lugares en 1981: CHAMOSO; PARADELA; O PLACER; POUSADA; SAN FIZ; VILANOVA.

<u>Casas</u>

1753 (32); 1849 (41); 1873 (64); 1981 (78).

<u>Datos eclesiais</u>

(1915) Parroquia principal, no Arciprestádego de Farnadeiros, tiña por anexo a Santa María Madalena de Manán de Arriba. Casa Retoral. Turnaban na presentación a Súa Maxestade e o Conde de Lemos. Había a Capela de Santo Antonio, de propiedade particular. Poboación: 500 habitantes. Dotación: 900 pesetas e 236 pesetas

de fábrica. Párroco: Xoan B. Vázquez González. Asignado: Uxío Yáñez López.

Poboación

1849 (207); 1887 (316); 1900 (309); 1910 (341); 1920 (393); 1930 (354); 1940 (360); 1950 (370); 1960 (430); 1970 (255); 1981 (225); 1991 (230); 1996 (220); 2013 (172).

**32**

## SAN MIGUEL DE PEDRAFITA

(S. XVII) Estaba repartida en tres Coutos: Couto de Lamas, Couto de Fondo de Vila e Couto de Cima de Vila, pertencentes a señores particulares.

Catastro Marqués de la Ensenada (1753).- Estaba formada por tres Coutos independentes entre si: COUTO DE LAMAS, de Señorío de Alonso de Mendoza, veciño de Lugo, que percibía o dereito de loitosa. COUTO DE FONDO DE VILA, de Alexandre de Páramo e Neira, de Pedrafita, que percibía 3 reais por cada veciño e 1 día de traballo. COUTO DE CIMA DE VILA, pertencente a Xosé das Seixas, de Santa María de Pacios, e percibía 2 reais e medio e 1 día de traballo con bois e carro ou 6 reais, agás as viuvas das que recibía 16 maravedís. Estremas da parroquia: Pozos do Pontido - Pena das Virtudes - Porto das Virtudes - Arroxo embaixo ata o Pontón de San Miguel - Castro de Galiñeiro - Corraliños - Río embaixo ata Abuín - Marco da Cancela de Abuín - Marco do Prado da Porta - Arroxo enriba ata a Louza dos Pasos da Lama - Pozo de Pontido. Había 18 casas e 16 unidades familiares. Actividades: Muíño do Picato, de 1 roda, de Alexandre de Páramo e Neira; Muíño do Prado Vello, de 1 roda, de Tomé Teijeiro; 15 colmeas; Taberna, compartida a propiedade cos veciños de San Pedro de Arxemil, arrendada a Xosé Besteiro; Siseiro do Viño: Xosé Besteiro; Estanquilleiro: Domingos da Torre; Arrieiro: Francisco Besteiro; Alcalde das freguesías de Pedrafita e Arxemil: Pedro Pardo; Xastres: Pedro e Gregorio Troitiño.

DICIONARIO MADOZ (1849).- Freguesía do partido, diócese e provincia de Lugo (2 légoas) e Concello do Corgo (1 légoa e cuarto); SITUACIÓN: en tarreo montuoso e CLIMA frío; comprende os



Casa de Ulloa en Pedrafita (arquivo persoal de Mario Outeiro)

lugares de Pedrafita e Lamas que teñen 16 CASAS e unha igrexa parroquial anexa de San Pedro de Arxemil, con cuxo TERMO confina; PRODUCIÓN e demáis (véxase a Arxemil); POBOACIÓN: 17 veciños, 85 almas.

Censo de 1873

LAMAS (aldea: 3 casas habitadas. Total: 3 casas).

PEDRAFITA (aldea: 15 casas habitadas, 1 deshabitada. Total: 16 casas).

VENTA (casar: 1 casa habitada. Total: 1 casa).

VIRTUDES (ermida).

Total da parroquia: 19 casas habitadas. 1 deshabitada. Total: 20 casas.

Lugares en 1981: LAMAS e PEDRAFITA

Casas

1753 (18), 1846 (16), 1873 (20), 1981 (16).

Datos eclesiais

(1915) Parroquia anexa de San Pedro de Arxemil co Santuario da Virxe das Virtudes, no Arciprestádego de Maestrescolía. Poboación: 121 habitantes.

Poboación

1849 (85); 1887 (98); 1900 (101); 1910 (111); 1920 (120); 1930 (106); 1940 (112); 1950 (128); 1960 (165); 1970 (112); 1981 (97); 1991 (93); 1996 (81); 2013 (59).

## 33

## SANTA MARÍA DE PIÑEIRO

(S. XVII) Pertencía á Xurisdición da Pobra de Adai, no Marquesado de Sarria.

Catastro Marqués de la Ensenada (1753).- Era de Señorío dos Condes de Lemos, que percibían 97 reais e 9 maravedís de pedido. Estremas da parroquia: Fonte de Neda - Pena de Barreiro - Penedo Redondo - Pena Raxada - Rego de Queirogas - Pena Parada - Río Grande do Porto do Val - A Pinguela - Río abaixo ata a casa de Alexandre de Neira do lugar da Pedra - Pena das Espiñeiras - Fonte de Neira (sic). Había 15 casas e 14 unidades familiares. Actividades: Muíño do Porto do Val, de unha roda, de André Torrón; Muíño do Porto da Pedra, de unha roda, propiedade de Antonio de Riba e consorte; Taberna, servida por Xosé Lamela; Siseiro do viño: o mesmo. Traficantes en bois para Castela: Fabián Besteiro, Domingos da Riba; Zapateiro; Antonio da Fouce. Zapateiros e peliteiros: Pedro Besteiro e Domingos Pallín.

DICIONARIO MADOZ (1849).- Freguesía do partido, diócese e provincia de Lugo (2 légoas) e Concello do Corgo (1 légoa e media); SITUACIÓN: nunha chaira en Terra de Chamoso de CLIMA regular e san, aínda que se producen febres e catarros estacionais; ten 16 CASAS de mediana construción, contando as da aldea de Quetesende, e pozos abondosos de auga de que surten os seus veciños; a igrexa parroquial (Santa María), é anexo de Santiago de Adai, no seu adro está o cemiterio con boa ventilaciòn, e pegado ao edificio unha ermida coa advocación de San Xoán; o TERMO confina por N con Santo Estevo de Paderne; L. con Santiago de Adai; S. con Arxemil; e O. con San Xoán de Segovia; o TERREO areoso, arxiloso e de mediana calidade, está bañado de N. a S. polos ríos Requeixos e Porto do Val, que baixan a se uniren ao Chamoso; PRODUCIÓN: centeo, patacas, millo, orxo, algún liño, froitas e legumes; cría gando vacún, porcos, ovellas e cabalos; hai caza de lebres e perdices; e pesca troitas; INDUSTRIA: a agrícola, 2 muíños temporeiros e algúns teares; COMERCIO: a venda de gando, manteiga e carnes nos mercados de Lugo e Adai, e a compra doutros artigos que precisan os veciños; CAMIÑOS: o que pasa de Meira a Monforte e outros de ferradura en estado mediano; CORREO: recíbese de Lugo; POBOACIÓN: 19 veciños, 72 almas; CONTRIBÚE: co seu Concello.

Censo de 1873

PEDRA (casar: 1 casa habitada: Total: 1 casa).

PIÑEIRO (aldea: 5 casas habitadas, 1 deshabitada. Total: 6 casas).

QUETESENDE (aldea: 11 casas habitadas. Total: 11 casas).

ROZAS (casar: 1 casa habitada. Total: 1 casa).

Total da parroquia: 18 casas habitadas. 1 deshabitada. Total: 19 casas.

Lugares en 1981: PIÑEIRO; QUETESENDE.

Casas

1753 (15); 1849 (16); 1873 (19); 1981 (36).

Datos eclesiais

(1915) Parroquia anexa a Santiago de Adai, no Arciprestádego de Maestrescolía. Poboación: 192 habitantes. Párroco: Xosé Arias González.

Poboación

1849 (19); 1887 (98); 1900 (117); 1910 (135); 1920 (125); 1930 (157); 1940 (162); 1950 (163); 1960 (175); 1970 (117); 1981 (97); 1991 (73); 1996 (81); 2013 (72).

## 34

## SANTA MARÍA DE QUEIZÁN

(S. XVII) Pertencía á Xurisdición da Pobra de Adai, no Marquesado de Sarria.

Catastro Marqués de la Ensenada (1753).- Era de Señorío dos Condes de Lemos, que percibían 129 reais por vasalaxe e 39 reais de pedido. Estremas da parroquia: Arroxo dos Ramos – Pena da Edra (+) – Pena da Fonte de Pedro Pallín (+) – Pena da Ponte do Muíño - Río embaixo ata o Porto de Malagán - Fouze do Outeiro - Arroxo do Porto do

Requeixo - Pena da Fonte Cachousa (+) - Pena de Arroxos - Pena da Santa Marta (+) - Arroxo da Ponte do Roxo - Arroxo dos Ramos. Había 27 casas e 24 unidades familiares. Actividades: Muíño da Ponte do Muíño, de 1 roda, de Bartolomeu Fernández; Muíño do Liñar Longo, de 1 roda, de Agostiño e Sebastián Moreira; Muíño da Aira, de 1 roda, de Xoán Díaz Castro, presbítero; Muíño do Lamedo, de 1 roda, de Sebastián Moreira; Muíño de Pedro Caxín, de 1 roda, de Agostiño Rodríguez e consortes, de Santiago de Adai. 8 colmeas. Taberna: era do común, estaba arrendada a Pedro Rodríguez; Notario: Francisco Pol Pardo. Arrieiros: Xosé de Arroxo e Antonio Díaz. Estanquilleiro e Siseiro do Viño: Pedro Rodríguez; Ferreiro: Agostiño Fernández.



Igrexa de Queizán e cruceiros (arquivo persoal de Mario Outeiro)

DICIONARIO MADOZ (1849).- Freguesía do partido, diócese e provincia de Lugo (2 légoas e cuarto) e Concello do Corgo (media légoa); SITUADA na aba meridional do Monte de Vidueiros; CLIMA: temprado e san; ten unhas CASAS pouco reunidas e unha igrexa parroquial (Santa María) matriz de San Xulián de Campelo e o Curato é de entrada e padroado leigo; o TERMO confina polo N. co indicado monte; a L. Santiago de Fonteita; no S. coa súa filial Campelo; e polo O., coa vila de Adai, interposto un regueiro que corre a SO a se unir ao Miño; o TERREO destinado ao cultivo e parte de ribeira é de boa calidade; os CAMIÑOS locais e malos e o CORREO recibese de Lugo; PRODUCIÓN: centeo, millo, patacas, castañas, landras, legumes, hortalizas e froitas; cría gado vacún, porcos, ovellas e cabras; hai caza de perdices e algunha pesca; INDUSTRIA: a agrícola e pecuaria. COMERCIO: o que lle proporciona o seu gando nas feiras e mercados de Lugo e Adai; POBOACIÓN: 28 veciños, 138 almas; CONTRIBÚE: co seu Concello.

Censo de 1873

ARROXOS (casar: 1 casa habitada. Total: 1 casa).

CAXÍN (aldea: 3 casas habitadas. Total: 3 casas).

GRANDA (aldea: 4 casas habitadas. Total: 4 casas).

MUÍÑO DE LIÑARLONGO (muíño. Total: 1 casa).

MUÍÑOS (aldea: 3 casas habitadas. Total: 3 casas).

QUEIZÁN DE ABAIXO (aldea: 10 casas habitadas, 3 deshabitadas. Total: 13 casas).

QUEIZÁN DE ARRIBA (aldea: 9 casas habitadas, 1 deshabitada. Total: 10 casas).

QUEIZÁN PEQUENO (aldea: 6 casas habitadas, 1 deshabitada.Total: 7).

Total da parroquia: 36 casas habitadas. 6 deshabitadas. Total: 42 casas.

Lugares en 1981: CAXÍN; GRANDA; QUEIZÁN DE BAIXO; QUEIZÁN DE ARRIBA, RAMOS.

Casas

1753 (27); 1849 (28); 1873 (42); 1981 (48).

Datos eclesiais

(1915) Parroquia principal, no Arciprestádego de Maestrescolía que tiña por anexo a San Xulián de Campelo, onde había a capela de Santa Mariña. Tiña 307 habitantes e o anexo 135. Había casa retoral, e tiña dotación de 900 pesetas e 236 de fábrica. Turnaban na presentación o Cabido de Lugo e os descendentes de don Fernando de Yebra.

Poboación

1849 (138); 1887 (220); 1900 (229); 1910 (247); 1920 (286); 1930 (285); 1940 (258); 1950 (296); 1960 (209); 1970 (161); 1981 (124); 1991 (105); 1996 (103); 2013 (71).

**35**

**SANTALLA DE QUINTE**

(S. XVII) Pertencía á Xurisdición da Pobra de Adai, no Marquesado de Sarria.

Catastro Marqués de la Ensenada (1753).- Era de Señorío dos Condes de Lemos, que percibían 86 reais por vasalaxe e 10 reais por pedido. Estremas da parroquia: Fonte dos Lobos - Carrilleira do Coto - Río Miño - Caneiro do Regueiro - Río embaixo ata o Caneiro de Meras - Fonte dos Lobos. Había 18 casas e 18 unidades familiares. Actividades: 5 colmeas. Taberna: era do común, estaba arrendada a Antonio da Vila; Siseiro do Viño: Antonio da Vila.

DICIONARIO MADOZ (1849).- Freguesía do partido, diócese e provincia de Lugo (2 légoas) e Concello do Corgo (1 légoa); SITUADA na beira esquerda do Miño, sobre cuxa ribeira forma unha pendente de frondoso e ameno aspecto; de CLIMA con boa ventilación e san; ten unhas 20 casas de mediana construción repartidas nos lugares de Porto, Framil, Coeses, Arrabaldo e Pacios; 4 fontes de boa auga dentro da poboación e 2 fóra dela, de que se abastecen os veciños; unha ESCOLA DE PRIMEIRAS LETRAS cuxo mestre recibe por cada escolante un ferrado de centeo que pagan os pais; a igrexa parroquial (Santa Olalla) é anexo de San Pedro de Cerceda, e o seu adro serve de cemiterio; TERMO: confina por N. con San Pedro de Farnadeiros; L. e S., Santo Estevo de Farnadeiros: e O. o río Miño, cuxas augas fertilizan o TERREO, ben cultivado e de boa calidade; riba do citado río hai unha PONTE DE BARCAS que serve de comunicación aos veciños e aos mais pobos; os CAMIÑOS son locais e están pouco coidados e o CORREO recíbese na capital do partido; PRODUCIÓN: centeo, millo, patacas, nabos, castañas, boas froitas e hortalizas en abundancia; cría gando vacún, porcos, algo de cabalar e ovellas, con preferencia do vacún; hai caza de lebres e perdices e pesca: troitas, anguías e outros peixes; INDUSTRIA: a agrícola e o COMERCIO limítase á venda de madeira e algunhas das súas producións; POBOACIÓN: 22 veciños, 97 almas; CONTRIBÚE: co seu Concello.

Censo de 1873

ARRABALDO (aldea: 3 casas habitadas. Total: 3 casas).

COESES (aldea: 2 casas habitadas. Total: 2 casas).

FRAMIL (aldea: 3 casas habitadas. Total: 3 casas).

PACIO (aldea: 3 casas habitadas.Total: 3 casas).

PORTO (aldea: 4 casas habitadas. Total: 4 casas).

QUINTE (aldea: 10 casas habitadas, 2 deshabitadas. Total: 12 casas).

Total da parroquia: 25 casas habitadas. 2 deshabitadas. Total: 27 casas.

Lugares en 1981: ARRABALDO; COESES; FRAMIL; PORTO; QUINTE.

Casas

1753 (18), 1848 (20), 1873 (27), 1981 (27).

Datos eclesiais

(1915) Parroquia anexa de San Pedro de Farnadeiros, no Arciprestádego de Farnadeiros. Poboación: 200 habitantes. Párroco: Manuel Saco Cedrón.

Poboación

1849 (97); 1887 (143); 1900 (136); 1910 (163); 1920 (183); 1930 (160); 1940 (134); 1950 (145); 1960 (121); 1970 (101); 1981 (94); 1991 (94); 1996 (77); 2013 (74).

**36**

**SANTA MARÍA MADALENA DE SABAREI**

(S. XVII) Pertencía á Xurisdición da Pobra de Adai, no Marquesado de Sarria.

Catastro Marqués de la Ensenada (1753).- Era de Señorío dos Condes de Lemos, que percibían 87 reais por vasalxe e 15 reais de pedido. Estremas da parroquia: Rego do Valoira - Porto Mazandán - Paso de Lama Cabal - Marco da Veiga de Lamapolleira - Fonte do Serrón - Fonte do Seixo - Rego de Valoira. Había 20 casas e 24 unidades familiares.- Actividades: 12 colmeas. Estanquilleiro: Pedro do Souto.

DICIONARIO MADOZ (1849).- Freguesía do partido, diócese e provincia de Lugo (2 légoas e media) e Concello do Corgo (1 légoa); SITUACIÓN: nunha pequena chaira; con CLIMA medianamente temprado e san; ten unhas 19 CASAS distribuídas nos lugares de Sabarei de Arriba, Sabarei de Abaixo e O Teso; algúns manantíos de boa auga, da que se surten os veciños; a igrexa parroquial (Santa María Madalena) é anexo de San Miguel de Lapío, e no adro que é un local isolado e con boa ventilación, enterran os cadáveres; en Sabarei de Abaixo hai unha ermida de pertenza particular; o TERMO confina por N. con Manán de Abaixo e Anseán; L. con Maceda e San Miguel de Lapío; e ao O. con Santo Estevo de Farnadeiros; o TERREO areoso e de boa calidade está ben cultivado na parte mansa; ten algún monte de mato baixo, e báñaa un regueiro que baixa a se unir ao río Mazandán; os CAMIÑOS locais están mal coidados e pola súa inmediación pasa a nova estrada de Lugo á Ponte de Neira (*) e o CORREO recíbese da capital do Partido; PRODUCIÓN: centeo, trigo, millo, orxo, patacas, liño, nabos, castañas e legumes; cría gando vacún, algo de cabalar, e ovellas e hai caza de lebres e perdices; INDUSTIRA: a agrícola; e o COMERCIO redúcese á venda de gando e gra no mercado de Lugo; POBOACIÓN: 22 veciños, 98 almas; CONTRIBÚE: co seu Concello. (*) Erro: De Lugo a Valdeorras.

<u>Censo de 1873</u>

ABUIN (casar: 1 casa habitada. Total: 1 casa).

CAMPO (casar: 1 casa habitada. Total: 1 casa).

CANGAL (casar: 1 casa habitada. Total: 1 casa).

SABAREI DE ABAIXO (aldea: 9 casas habitadas, 2 deshabitas. Total: 11 casas). SABAREI DE ARRIBA (aldea: 7 casas habitadas. Total: 7 casas).

TESO (aldea: 1 casa habitada, 1 casa deshabitada. Total: 2 casas).

Total da parroquia: 20 casas habitadas. 3 deshabitadas. Total: 23 casas.

Lugares en 1981: CARRETERA; SABAREI DE ABAIXO; SABAREI DE ARRIBA

<u>Casas</u>

1753 (20); 1849 (19); 1873 (23); 1981 (35).

<u>Datos eclesiais</u>

(1915) Parroquia anexa da de San Miguel de Lapío, no Arciprestádego de Farnadeiros. Poboación: 259 habitantes. Párroco: Antonio Rodríguez Álvarez.

<u>Poboación</u>

1849 (98); 1887 (161); 1900 (119); 1910 (137); 1920 (179); 1930 (164); 1940 (168); 1950 (181); 1960 (146); 1970 (111); 1981 (95); 1991; (90); 1996 (81); 2013 (63).

**<u>37</u>**

## SAN XOÁN DE SEGOVIA (OU SAN XOÁN DE VILACELEIRO)

(S. XVII) Pertencía á Xurisdición da Cidade de Lugo.

DICIONARIO MADOZ (1849).- Freguesía do partido, diócese e provincia de Lugo (1 légoa e media) e Concello do Corgo (1 légoa); SITUACIÓN: nun terreo desigual e penasqueiro, ben ventilado e de CLIMA san, aínda que se padecen algunhas febres, catarros e reumas estacionais, comprende dous lugares, o de Segovia, con 9 CASAS e Vilaceleiro con 16; ten algúns manantíos e pozos de boa auga dos que se surten os veciños; a igrexa parroquial (San Xoán) é anexo de San Pedro de Romeán e no seu adro, medianamente ventilado, enterran os cadáveres; o TERMO confina polo N. con Bascuas; L. Adai e Piñeiro; S. Arxemil e Vilachá de Chamoso; e a O. Santa María de Bóveda; o TERREO é de mediana calidade e pouco produtivo; está bañado polo arroxo Ponte de Pedra que de N. a S.cruza a campiña para se unir ao Chamoso na inmediación da Ponte do Vao; o seu monte está poboado de mato baixo; o CAMIÑO de Adai a Lugo e outros locais que pasan pola súa demarcación encóntranse nun estado regular e o CORREO recíbeno da capital do partido; PRODUCIÓN: centeo, patacas, algún

millo, orxo, herba seca, liño, nabos, algunhas outras legumes e froita, especialmente castañas; cría gando vacún, porcos, ovellas e cabalos; e cazan lebres e perdices. INDUSTRIA: a agrícola, algunha arrearía e un muíño fariñeiro; COMERCIO: a venda de gando, manteiga e ovos en pequenas cantidades nos mercados de Lugo e Adai. POBOACIÓN: 20 veciños e 94 almas; CONTRIBÚE: co seu Concello.

Censo de 1873

SAN XOÁN (casar: 1 casa habitada. Total: 1 casa).

SEGOVIA (aldea: 7 casas habitadas. Total: 7 casas).

VILACELEIRO (aldea: 8 casas habitadas. Total: 8 casas).

Total da parroquia: 16 casas habitadas. Total: 16 casas.

Lugares en 1981: SAN XOÁN; SEGOVIA; VILACELEIRO.

Casas

1849 (25); 1873 (16); 1981 (20).

Datos eclesiais

(1915) Parroquia anexa de San Pedro de Romeán (Lugo), no Arciprestádego de Maestrescolía. Poboación: 107 habitantes. Párroco: Serafín Rey López.

Poboación

1849 (94); 1887 (97); 1900 (67); 1910 (87); 1920 (74); 1930 (114); 1940 (96); 1950 (109); 1960 (118); 1970 (781); 1981 (73); 1991 (71); 1996 (69); 2013 (58).

**38**

## SAN XULIÁN DE VILACHÁ (DE CHAMOSO)

(S. XVII) Pertencía á Xurisdición da Cidade de Lugo.

Catastro Marqués de la Ensenada (1753).- Era de señorío da Dinidade Bispal de Lugo, que percibía loitosa, cebadas e galiña, regulado todo en 7 ferrados de centeo, e por dereito de montería para perseguiren animais nocivos, daban 2 reais por veciño, e as viuvas a real, ao Monteiro Maior, Xosé Valdivieso, do Partido de Lugo, como dereito anexo á súa casa. Estremas da parroquia: Río de Aveledo - Agra de Barredo - Río da Ponte do Porto Cabalar - Río de Fervedoiro - Ollo Grande - Pena da Fornadura - Porto da Rigada - A Comita - Río de Aveledo. Había 13 casas e 13 unidades familiares. Actividades: 8 colmeas. Estanquilleiro: Xoán de la Iglesia. Zapateiro: Lucas Álvarez.

DICIONARIO MADOZ (1850).- Parroquia na provincia, diócese e partido xudicial de Lugo (4 légoas) e concello do Corgo (1 légoa). SITUACIÓN: Nunha chaira de Terra de Chamoso con moito arboredo; de CLIMA, benigno con boa ventilación e saudable; ten 13 CASAS de labregos; unha ESCOLA DE PRIMEIRAS LETRAS, por tempadas, sen dotación fixa. A igrexa parroquial (San Xulián) é anexo e no adro enterran os cadáveres; os veciños súrtense de boa auga nos montes do TERMO que confina por Norte con Báscuas e Romeán; Leste, San Xoán de Segovia; Sur, Arxemil; e Oeste San Lourenzo de Recemil; O TERREO, areoso e de mediana calidade está fertilizado polo arroxo Segovia que despois forma o río Chamoso, e pasa de Norte a Sur cara a Ponte do Bao na estrada; ten algúns montes poboados de mato baixo, pasteiros, castiñeiros e carballos, de propiedade particular, e prados que producen herba seca de abondo; os CAMIÑOS son veciñais e de mala calidade e o correo recíbese da capital do partido; PRODUCION: centeo, trigo, orxo, millo, patacas, liño, nabos, fabas, legumes diferentes e castañas; cría gado vacún, porcos, ovellas e gando cabalar, preferindo o vacún; hai caza de lebres e perdices e pescan algunhas troitas; INDUSTRIA: a agrícola, e o COMERCIO consiste na venda de algúns artigos sobrantes nos mercados de Adai, Castroverde e Lugo, POBOACIÓN: 13 veciños, 72 almas. CONTRIBÚE co seu Concello.

Censo de 1873

VILACHÁ (aldea: 19 casas habitadas, 3 deshabitadas. Total: 22 casas).

Lugares en 1981: VILACHÁ.

Casas

1753 (13); 1850 (13); 1873 (22); 1981 (21).

Datos eclesiais

(1915) Parroquia anexa de San Vicenzo de Coeo (Lugo), no Arciprestádego de Coutos da Esquerda. Poboación: 130 habitantes. Párroco: Anxo Cobas Casanova.

Poboación

1845 (72); 1887 (84); 1900 (77); 1910 (98); 1920 (122); 1930 (133); 1940 (129); 1950 (128); 1960 (136); 1970 (93); 1981 (72); 1991 (70); 1996 (68); 2013 (52).

## 13. CONCLUSIÓNS

Os datos referidos á xeografía física e política do actual Concello do Corgo e aos seus lugares e parroquias, recollidos de fontes documentais, permiten coñecer a evolución poboacional e as tendencias de fixación e desenvolvemento, e deberían levar a que de maneira sistemática, se faga un máis amplo traballo de campo no que, parroquia a parroquia e lugar a lugar, se estuden as diferentes comunidades que o conforman levando adiante un labor de recollida da toponimia menor, o censo de casas actuais e das xa desaparecidas, con identificación dos nomes tradicionais, facendo un sistemático estudo poboacional tendo en conta a ampla documentación procedente dos arquivos parroquiais que se custodia no Arquivo Diocesano, Arquivo Municipal, compilación de libros, publicacións, biografías, notas xornalísticas, etc. relacionadas co Concello do Corgo ou coas xentes das terras de Chamoso e Neira.

A formación desa base documental é tarefa urxente, porque o proceso de despoboamento do medio rural leva, sen dúbida, á perda de informadores e, por exemplo, se aínda se conserva memoria dos nomes dos penedos, das portelas, das congostras e das fontes, é preciso dar comezo a ese traballo de campo, no convencemento de que, en poucos anos, centos de puntos da xeografía local corguesa perderán toda referencia, ocultos polos matos que inzan os leiros e pola arañeira do esquecemento froito da perda dos homes e mulleres que os singularizaban e individualizaban.

Cantos dos topónimos que en 1753 sinalaban estremas parroquiais son coñecidos hoxe? Cantos nomes de montes, leiros e prados se perderon no camiño da nugalla ao permitiren as deturpacións consagradas no Catastro de Rústica ou na cartografía oficial, de maneira caprichosa e totalmente intolerable?

Se non se leva adiante o labor de fixar científica e documentalmente, cantos máis datos mellor, referidos aos actuais núcleos de poboación, en poucas décadas non quedará lembranza de moitos nin haberá concreción dos poucos que resten.

Co presente traballo, no que aparecen uns poucos datos referidos á Terra de Chamoso, que deben dar lugar a un traballo de actualización, preténdese sensibilizar aos lectores para que, cadaquén no seu eido parroquial, faga o labor de pescuda preciso e en definitiva, reunindo todos os datos, se forme un Corpus amplo e documentado no que se recolla todo o que sobre o pasado aparece espallado en diversos fondos e publicacións, e tamén se recolla o que no presente, son as comunidades poboacionais corguesas.

## 14. BIBLIOGRAFÍA

GARCÍA CONDE, Antonio, LÓPEZ VALCÁRCEL, Amador. “Episcopologio Lucense” (Lugo, 1991).

LÓPEZ ARIAS, Xaime. “Santa María Madalena de Sarria” (Deputación Provincial de Lugo, 1996)

PAZO LABRADOR, Alberte e SANTOS SOLLA, Xosé Manuel. “Poboación e Territorio”.

“Diccionario Madoz” (1845/1850).

Diócese de Lugo: “Guía Eclesiastica de la Diócesis de Lugo” (Imprenta Gerardo Castro, 1915).

“As Parroquias Galegas nos últimos cen anos” (Xunta de Galicia. CEOU, 1984).

“Tumbo Vello da Catedral de Lugo”.

“Tumbo de Samos” ÁLVAREZ, Lucas.

# BENEDICTA SÁNCHEZ: A HUMILDADE EN PERSOA

**Vázquez Castro, Mª Consuelo**
cvcastro@edu.xunta.gal
Licenciada en Ciencias da Educación (especialidade Pedagoxía). Diplomada en Formación do Profesorado (especialidades: Educación Infantil, Educación Primaria, Pedagoxía Terapéutica). Mestra de Pedagoxía Terapéutica no Ceip Manuel Mallo Mallo de Nadela (Lugo).

*A forza non vén da capacidade corporal, senón da vontade da alma. Gandhi.*

**RESUMO**

Este artigo trata de contar, fundamentalmente a todos os lectores e lectoras, a experiencia vital dunha veciña que leva percorrendo o mundo durante un feixe de anos e que regresou a O Corgo, para quedarse definitivamente no 2007.

O Centro de Estudos de O corgo ten interese en que a veciñanza corguesa coñeza, aínda que sexa lixeiramente, a traxectoria desta muller humilde, cercana, excepcional, adiantada ao seu tempo… Benedicta non se sinte unha estrela, aínda que a recoñezan pola rúa… É moi xenerosa, sempre disposta a colaborar cando se solicita a súa presenza e moi agradecida, como di sempre: Estou encantada de sentirme útil e poder axudar, non ser un estorbo.

Benedicta é unha persoa que ama a natureza por encima de todo, abraza as árbores para cargarse de enerxía, síntese moi relaxada e tranquila rodeada de animais, por algo pensa que non é necesario matalos para poder vivir, que contamos con suficientes alimentos para garantir unha alimentación saudable. De feito é vexetariana dende o ano1953.

Benedicta é, como moi ben escribiu Diego Ameixeiras “señora de cabelos prateados, lentes trotskistas e muiñeira imprevisible, arregada polo tempo, enérxica na calma e serena na dúbida”.

**PALABRAS CLAVE**

Benedicta Sánchez, Manán de Abaixo, O Corgo, Casa da Campa, Alejo, Oliver Laxe, Fraialde, Pol, Ramón, Río de Xaneiro, Sr. Pedrelo, Francisco Juan Laissue, fotógrafa, O que Arde, Amador Arias, Barcelona, vigo, Canarias, Valencia.



Imaxe 0. Benedicta, abrazada a unha árbore

## 1. LIMIAR

Cando me comprometín a escribir este artigo sobre Benedicta Sánchez para a revista Corga nº 7, non sabía verdadeiramente coa persoa que me ía atopar, sempre imaxinei que tiña que ser moi interesante, xa que non é común que unha señora de oitenta e tres anos se presente a unha proba para participar nun filme e inicie un novo rumbo na súa vida, cando o resto dos mortais a esa idade está xa iniciando a invernía da súa existencia… Mais equivoqueime de cheo, atopei unha persoa chea de proxectos, dinámica, activa… chea de vida…

Despois de conversar con ela nunhas cantas ocasións, de asistir a estrea do filme, O que Arde, en Navia de Suarna, logo de acompañarnos na

entrega de premios no XIII Certame Literario Terras de Chamoso organizado pola A. C. Arumes de O Corgo, de acompañala a unha nova visualización do filme anteriormente citado nos cines Codex de Lugo, de ter lido diversas entrevistas que lle realizaron, chego a conclusión de que asoma de pronto unha vida incompatible coa época e coa Galicia na que medrou, aquela España que trataba as mulleres, todas elas subordinadas cos dereitos comprometidos e a liberdade cercenada. Benedicta tiña outros proxectos para ela e grazas ao éxito do filme do que é protagonista sabemos da súa vida rebelde. Sería preciso moito tempo e moito espazo para expresar todo o que esta muller leva feito ao longo da súa interesante existencia.

A Benedicta non lle gusta amarrarse a nada. Conta que o mellor piropo que lle botaron na súa vida foi cando lle dixeron que era a muller máis libre, independente e salvaxe que coñeceran.

## 2. A SÚA VIDA EN MANÁN DE ABAIXO (1ª ETAPA)

A infancia é unha etapa moi importante no desenvolvemento da personalidade do individuo, pode describirse como o proceso vital polo que transcorre todo o individuo onde se establecen unhas bases e directrices de carácter e comportamento determinadas, a partires delas confórmanse os rasgos, valores e formas de funcionamento organizados e estables no tempo de cada persoa.

Estes mecanismos serven como referencia para cada ser humano nas súas interaccións co contexto (ambiental ou físico e interpersoal ou social) no que se desenvolve de cote.

### 2.1. A SÚA INFANCIA

Benedicta e filla de emigrantes, os seus pais Alejo e Nieves, estiveron en Cuba dez anos, alí tiveron o seu primeiro fillo, Manuel, único irmán da protagonista. Cando regresaron da emigración naceu Benedicta, en outubro de1935, vén ao mundo en Sanfiz de Paradela (O Corgo) e alí pasa a primeira etapa da súa vida. Uns anos máis tarde os seus pais instálanse en Manán de Abaixo, parroquia limítrofe. Ela cóntame que foi unha época moi rebelde, aceptaba todo o traballo que tiña que realizar dende ben pequena, pero non admitía as prohibicións e había moitas… Non podía soportar a diferenza que existía entre nenos e nenas, non entendía aquilo que tantas veces lle repetía súa nai, hai que ser feminina…

Non entendía que non podía subir ás cerdeiras; non podía montar en bicicleta; non podía montar a cabalo; non podía ir aprender a nadar ao río Chamoso… Iso só o podían facer os nenos. Benedicta di: Miña nai quería que fixera as camas, que aprendera a cociñar e a min gustábame ir coas vacas e traballar no campo co meu pai. Lembra moi ben un dito que lle dicía súa nai: “Muller que non sabe coser non é nin media muller”.



Imaxe 2.1.1. Benedicta con 5 anos

Foi a escola, era unha alumna aplicada, na súa casa había libros, dende ben pequena tivo ocasión de ler a Voltaire, León Tolstoi entre outros, era observadora, tiña moita curiosidade polo que pasaba ao seu arredor e no mundo… Lembra que levaba a Enciclopedia Escolar (libro de texto) cando ía alindar as vacas, e cando nunha páxina

aparecía unha imaxe da xiralda de Sevilla poñía a man encima e dicía: algún día poderei eu ir a Sevilla?, se vía algunha imaxe do mar, dicía: Poderei eu algún día ver o mar e pisar a area?, ela quería voar, coñecer mundo, xa de ben nena, O Corgo, empezaba a quedarlle pequeno.



Imaxe 2.1.2. O día da súa primeira comuñón, con 9 anos

A súa mestra, Dona Elisa Polanco González, marcou dalgunha maneira a súa infancia e tamén a súa adolescencia. A súa infancia, porque ten moi boas lembranzas dela, pensa que aprendeu moito e tiña un trato moi cariñoso con todo o alumnado; e na súa adolescencia, porque cando Benedicta tiña catorce anos levouna para a súa casa de Lugo e posibilitou que fora ao Instituto facer o Bacharelato. Neste momento o ámbito familiar de Benedicta estaba pasando por momentos dificultosos, debido a que Alejo da Campa (seu pai) foi represaliado e estivo dous anos preso.

## 2.2 A SÚA ADOLESCENCIA

Benedicta marcha para Lugo a estudar ao Instituto e vivir na casa familiar da súa mestra Dona Elisa, esta falou co seu pai, aconsellándoo de que a súa filla debía formarse xa que tiña capacidade suficiente e ela ofrecíalle o seu fogar. O seu pai, agradecido aceptou o consello e díxolle: "Eu quería que fose estudar a Lugo, pero as dificultades da vida impídenmo". Tampouco foi unha boa etapa para ela, xa que tiña nese momento catorce anos e as súas compañeiras de estudos once e doce, esa diferenza de idade pesaba moito na rapaza de Manán, as conversas que mantiñan a ela non lle interesaban nada... Aínda por riba sentíase inferior, pensa que sería porque as nenas da cidade parecíanlle anxos amidonados e ela era unha rapaza que viña de traballar no campo e víase máis bruta, máis maior... Ela conta que aquelas nenas tan guapas de pel de melocotón non lle interesaban nada, non tiña ningunha empatía con elas...



Imaxe 2.2.1. Aos 15 anos, foto de estudio, pousando para un fotógrafo lucense.

Ao regresar Alejo para a casa da Campa, fíxose cargo da manutención da súa filla e levouna a unha pensión situada na rúa Chantada, cuxos propietarios eran a familia Cela, Manolo e Lola (Manolo tiña unha barbería xunto a estación ferroviaria moi coñecida naquela época). Por certo a estación de tren de Lugo foi un espazo que vai marcar o futuro da protagonista deste artigo.



Imaxe 2.2.2. En Manán de Abaixo, na finca O Boneiral coa súa vaca favorita, Rubia, o 21/09/1959

Cada día que pasaba levaba peor os estudos, porque na súa mente estaba o viaxar, coñecer mundo, e xa que non podía voar… Quería correr… Na pensión dos Cela coñeceu a Ramón, que logo sería o seu marido. Ramón tiña 12 anos máis ca ela, era un intelectual, sempre co libro debaixo do brazo, era fillo de ferroviario, nacera en A Coruña, pero pola profesión de seu proxenitor tiveron que irse a Cataluña. Chegara a pensión onde estaba Benedicta para curarse dunha pleuresía a través da medicina natural, el posuía libros de dita especialidade. A familia de Ramón enviouno a Lugo, ao pensar que sempre podería estar máis protexido do frío que na aldea onde vivía, Fraialde (Pol). Cando era adolescente, chegara a este concello procedente de Lérida, a súa nai tivo que enviar aos seus fillos con familiares que vivían en distintas comunidades, por circunstancias graves (o seu pai falecera nun quirófano, cando lle realizaban unha operación).

Di Benedicta: Era pequeno, fraco, feucho, iso sí cuns ollos moi bonitos… Así mesmo di, que se namorou de Ramón por ser unha persoa educada (tratábaa de vostede) era moi diferente aos rapaces cos que ela se relacionaba, tal foi, que cando aínda era unha adolescente casou.

### 3. O SEU CASAMENTO

Casou moi nova, no ano 1953, aos dezasete anos. Para calquera persoa o casamento é unha época de cambio, no caso de Benedicta de cambio absoluto, primeiro porque marcha a vivir a aldea do seu home e distanciase de Manán de Abaixo, de Lugo e dos estudos, que non logra rematar, e en segundo lugar porque colle o temón da familia que pretenden formar… Moncho como o chamaba a familia non era experto nos labores do campo, era unha persoa enfermiza e nunca traballara de labrador, así que Benedicta coa súa enerxía, forza e sabedoría, tivo que traballar máis ensinar.

Como muller intelixente, libre e independente, non vía o seu futuro traballando a terra nunha casa allea… Ela dende sempre tiña no seu pensamento emigrar algún día e se ía acompañada de Ramón, mellor… Pero o seu home non llo puxo nada fácil, posiblemente se amedrentara ante a personalidade irresistible da súa muller, era un home máis ben apoucado, e aínda que se casaron con esa ilusión ao pouco tempo comezou a recuar e xa o de emigrar non lle facía demasiada gracia. Tiveron oportunidade de marchar a Barcelona e despois de moito pelexar co seu home para ir buscar futuro, non lle quedou outra que irse ela soa e as agachadas… O itinerario foi o que ela me contou: Collín o autobús que viña de Meira para Lugo, quedeime a durmir na casa do meu irmán, en Lugo, e o día seguinte collín o Shanghái (tren) que saía ás doce da noite, e marchei para Barcelona á casa duns amigos que tiñan o pai en Fraialde (este señor era un filósofo arxentino, que lle daba moi bos consellos a Ramón). Homero, fillo do filósofo citado, vivía en Barcelona.

Cando xa pasara un mes, Ramón emprendeu viaxe a Barcelona en busca da súa muller para volver a Fraialde, Benedicta xa estaba a traballar de asistenta cunha familia na Rúa Córcega. Mais, entre ela e unha irmá de Ramón, convencérono para irse ao Brasil. Regresaron por Madrid e logo duns días, emprenderon a viaxe cara Vigo, onde saía o barco para Río de Xaneiro. Non foi nada fácil.

## 4. VIAXE E ESTANCIA EN BRASIL

É o día 18 de decembro de 1960, Benedicta e o seu home están no porto de Vigo para embarcar cara o Brasil, a ela parecíalle case imposible, polo que lle custou. Pelexou tanto para poder emigrar, que cando o barco zarpou de Vigo, dixo: Pase o que pase, como se se funde o barco, eu non quero ter que volver a España. Fan escala nas Illas Canarias e coas ansias que tiña de velo todo, no tempo que lles deixaron libre, a pesares de que o seu home non quixo saír do barco, ela visitou a cidade e entretúvose demasiado, estando a piques de non chegar a tempo para embarcar, grazas a uns militares que ao ver que corría moito, preguntáronlle que lle pasaba e levárona nun todoterreo ao peirao, tanto quería coñecer e todo para ela era novidoso, que por poucos minutos queda en terra. Por certo o militar con graduación superior deulle unha tarxeta de recomendación para que se presentaran a un familiar empresario que tiña en Río de Xaneiro.



Imaxe 4.1. En Río de Xaneiro, en setembro de 1970

Benedicta e o seu home levaban o enderezo dun empresario, amigo do seu pai, orixinario de Pobra de San Xiao, o Sr. Pedrelo, que tiña negocios de hostalería e ópticas. Este Pobrense, axudoulles a buscar o primeiro traballo, foi nunha facenda para realizar a tarefa de mordomos. Só estiveron de xoves ao domingo, Ramón non tiña suficiente carácter para dita actividade, aínda que Benedita sentíase capaz. Na segunda ocupación, había traballo para ela pero non para o seu home. Traballou once meses cunha familia adiñeirada como asistenta, alí posuía unha habitación para os dous, Ramón intentou buscar traballo, mais non o conseguiu…El pasaba os días cuns amigos prosoviéticos onde pasaba moito tempo charlando e comentando os libros que estaban de actualidade.

O Sr. Pedrelo, amigo de Alejo, comunicoulle á familia de Benedicta todo o que ela estaba a traballar e as xornadas intensas que realizaba. O seu pai, pediulle que lles axudara, a ver se conseguía que Ramón traballara. Foi por isto que lles deixou un bar para que se fixeran cargo da súa explotación… Alí Benedicta puxo unha froitaría, ela, como sinalei anteriormente, é ovo-lacteo-vexetariana, e quería dalgunha maneira introducir a súa disciplina alimentaria aos clientes do bar. Tamén tiña unha sección de xeados, estes elaborados con froitas e verduras. As innovacións que incorporaba ao negocio tiveron éxito, aínda que o seu home non lle gustaba esa actividade.

O bar serviría de escaparate para que Benedicta desenvolvera outro traballo totalmente distinto que lle aportaría máis liberdade como muller e como persoa. A súa relación con Ramón facía augas dende había un tempo e decidiron que ela cambiara de traballo e lle axudaría a el no bar.

Un matrimonio arxentino, Francisco Juan Laissue e a súa muller eran donos da mellor libraría de Río de Xaneiro, pasaban todos os días polo bar a tomar un xeado, e ofrecéronlle a Benedicta traballar no seu negocio. Era unha libraría especializada en Psicoloxía, Psiquiatría, Orientalismo, Budismo, Masonería, etc. Este sería o cuarto traballo en pouco tempo, aí atopou

a horma do zapato, gozaba naquela actividade. Pero tiña que traballar o dobre… xa que tamén abría e pechaba o bar, na librería traballaba das 12:00 ás 20:00 horas.



Imaxe 4.2. En Río, xullo de 1965

Ao pouco tempo de comezar a traballar na libraría chegou a separación do seu home, el deixou o bar e Benedicta quedouse na libraría a xornada completa… Logo dun tempo puido facer unha viaxe por distintos países do mundo cos donos da libraría, acompañando a diversos escritores e editores na presentación de libros e outros eventos culturais, viaxe que lembra moi enriquecedor tanto cultural como espiritualmente.



Imaxe 4.3. En Río, toda unha profesional da fotografía. xaneiro de 1970.

Nesa etapa, Benedicta fórmase en distintas disciplinas, principalmente na fotografía, logra facer cursos cos mellores fotógrafos de Río, para logo traballar co mellor profesional desa época, facendo reportaxes e fotografando acontecementos varios.

Comeza unha nova vida, profesional e persoal, por fin logra ser libre e independente, e posúe estudo de fotografía propio, unha das primeiras mulleres que o consigue, desenvolve o seu traballo colleitando moitos éxitos. Aos trinta e cinco anos foi nai.



Imaxe 4.4. 27/03/1971, disposta para realizar unha reportaxe

En Brasil, aínda lle quedou tempo para cultivar outra gran afección, xunto coa fotografía que realizou durante anos, o alpinismo. Participou en distintas expedicións colectivas e individuais, co obxectivo principal de estar en contacto coa

natureza e gozar da vida ao ar libre, que lle producía unha sensación de benestar do corpo e da alma.

No ano 1979 volveu a España, coa súa filla e co seu equipo de fotografía (non lle deron facilidades en Lugo para instalarse como fotógrafa). Despois de insistir en establecerse na súa terra e non conseguilo, emigra a Valencia e reside alí durante dezaseis anos.

## 5. ESTADÍA EN VALENCIA

No ano 1991 viaxa a Valencia en busca de traballo e disposta a comezar unha nova etapa, un pouco desencantada das oportunidades que non lle ofrecía Lugo. Moi pronto atopou traballo, e ademais puido desenvolver outra das súas aficións, a apicultura, gústanlle moito as abellas e toda actividade que hai arredor delas: Preparación do exterior e interior das colmeas, tarefas de recolleita do mel, esmelgar, etc.  Regresou a O Corgo no ano 2007.



Imaxe 5.1. Benedicta coas abellas.  Ribarroja (valencia). Xullo 1991

## 6. REGRESO A MANÁN DE ABAIXO (2ª ETAPA)

No 2007, Benedicta volve definitivamente a Manán de abaixo (O Corgo), dedícase principalmente ao cultivo da horta e ao arranxo da súa casa familiar e así van pasando os días e os anos… Atópase ben en contacto coa súa amada natureza, volvendo a súa terra nai, gozando da paisaxe, sentíndose libre... Trata de  recuperar o tempo que non estivo…

Outra das súas afecións é o teatro, está a participar co grupo Os Trocos de Castro de Ribeiras do Lea, unha actividade que lle axuda a desenvolver a súa creatividade, a partillar con xente de distintas idades e a enriquecerse interiormente.

E xa cando parecía estar no outono da súa existencia, ou máis ben entrando na invernía, aparece un mago na súa vida, OLIVER LAXE, que a sitúa na primavera, ao seleccionala como protagonista do filme “O QUE ARDE”. É con este filme, co que Benedicta volve a renacer. Dáse a coñecer a outras xeracións do Corgo que non sabían da súa valía e deixounos totalmente abraiados;  e a veciñanza que a coñecía de sempre, deulles o que esperaban dende hai tempo, porque eran sabedores do seu talento. Por todo isto, agroma en Manán unha estrela para o mundo.

Estamos a finais de 2017 e principio  de 2018 e iníciase a rodaxe do filme antes citado, e sería en 2019 cando comeza a colleita de premios nos distintos festivais a que se presentan.

### 6.1 PARTICIPACIÓN EN FESTIVAIS, PREMIOS E HOMENAXES

No primeiro festival no que participou co filme “O que arde” foi no festival de Cannes, foi a gañadora na sección Un Certain Regard.  Alí estaba Benedicta cun “salero” a proba de alfombras vermellas. Ninguén diría que nunca se puxera diante dunha cámara  e que nunca fixera  cinema. Ninguén o diría ao vela pousar ante decenas de fotógrafos en Cannes, dende logo que non se deixou atemorizar polos flashes, onde o filme de Oliver Laxe converteuse no primeiro que se proxectou en lingua galega na historia deste certame.

Benedicta coa súa media melena gris, un xuvenil vestido largo e o seu blazer claro, conquistou coa súa seguridade e marcándose uns pasos da muiñeira, espallou simpatía ata lograr eclipsar aos outros protagonistas. A súa falta de experiencia non imposibilitou ver un dos momentos máis insólitos de todas as edicións do festival: Unha muiñeira en Cannes, foi Benedicta a protagonista.

Antes de arrancarse a bailar, non deixou de insistir aos fotógrafos para que lle falasen en galego e así poder entendelos mellor.



Imaxe 6.1.1. En Cannes con Oliver Laxe e Amador Arias

Seguidamente, O que Arde, participa no Festival de San Sebastián, colleita o Premio San Sesbastián-Gipuzkoa Film Commission do Festival de Donostia, foi distinguida tamén no festival de Ourense. Consegue así mesmo o Premio ao Mellor Deseño de Son no Chicago Film Festival. O filme foi premiado no festival de cinema de Mar de Prata (Arxentina) co Astor de prata ao mellor filme e mellor guión. No festival de Tesalónica (Grecia) mellor filme e mellor actor para Amador Arias. Belgrado, mellor director e secuencia máis cinematográfica. Estes galardóns, contribuíron a que fosen 49 salas, en todo o estado, as que se sumaran á estrea comercial da película galega, recollendo a suma de máis de 11.000 espectadores/as na primeira fin de semana que se proxectou. O filme de Oliver Laxe acaba de situarse de primeiro na listaxe das películas galegas con máis espectadores/as da historia, rodadas en versión orixinal galega.

A principios de decembro de 2019, Benedicta foi nominada á mellor actriz revelación nos Goya 2020, polo seu espectacular debut no filme citado. Con humildade recibiu esta nova. Pés na terra, na súa, na de O Corgo e moita sorpresa e agradecemento ante o que lle toca vivir aos seus 84 anos, chea de vitalidade, de superación e coa ilusión de mellorar cada día.




Imaxe 6.1.2. Na presentación dos premios Goya en Madrid.

Temos que lembrar tamén que foi premiada coa Medalla Castelao 2019. Feito que a encheu de satisfacción, e coa humildade que a caracteriza recibiuna con orgullo e agradecemento. Expresou que nunca imaxinara que algo así tan sensacional lle puidese pasar.



Imaxe 6.1.3. O día que lle foi concedida Medalla Castelao

O 22 de decembro, coincidindo coa entrega de premios do XIII Certame Literario Terras de Chamoso, organizado pola A. C. Arumes de O Corgo .Dita asociación réndelle unha homenaxe,

facendo unha lembranza dos seus éxitos logrados nos últimos anos, agasallándoa cunha figura de cerámica do artista corgués Lolo de Anseán.



Imaxe 6.1.4.Na entrega de premios do XIII certame literario Terras de Chamoso con membros de Arumes e membros do xurado. No Corgo o 22/12/2019

O Concello de O Corgo, no primeiro Pleno do ano 2020, fai a proposta de que o Centro de Día deste municipio leve o seu nome, como agradecemento por todo o que leva feito polo concello, en canto a dalo a coñecer ao longo da xeografía do estado.

Escribía Bernarda Tabarés, respecto de Benedicta, despois de vela descender dun chimpo asombroso as escaleiras do escenario do Teatro Principal de Santiago de Compostela: "Benedicta Sánchez, toda vontade e clase, coa súa beleza enxuta e oriental e a melena branca de medio lado, esa melena que Oliver Laxe lle pediu que non cortara. Claro está que a beleza non caduca nin envellece".

Nos días previos á viaxe a Málaga para asistir aos premios do cinema español, paseaba por Lugo coa mesma naturalidade e humildade que o fai de cote. A cada dous metros hai alguén que lle sae ao paso para felicitala e desexarlle sorte nos Goya. Para as respostas usa dúas metáforas: A uns explícalles que ela é un ingrediente da sopa que cociñou o chef Oliver Laxe e a outros que é "unicamente un ladrillo dunha construción".

Xa co artigo rematado, a noite do 25 de xaneiro será difícil de esquecer para os corgueses e corguesas, Benedicta acada o galardón para o que estaba nominada, Goya a mellor actriz revelación 2020. Orgullosos desta corguesa! Benedicta ao recoller o premio emocionou o público con unha sinxeleza e inocencia desbordantes. Abrazou o Goya antes de proclamar: "A vida dáche sorpresas e esta é moi grande na miña longa existencia".




6.1.3. En Málaga na Gala do cinema español 2020. Goya a mellor actriz revelación. 25 de xaneiro.

## 7. CONCLUSIÓN

Despois de ler moitas entrevistas que lle realizaron nos últimos tempos, de observar atentamente as súas intervencións en distintos programas de televisión, de obter información directamente de Benedicta, a través dalgunha entrevista e sobre todo das conversas mantidas con ela a miúdo durante os últimos catro meses, posúo datos para realizar algunha reflexións.

Dende pequena parecía que vivía con moita présa, como se non quixera deixar que pasara o tempo, parece que todo o quería facer e que sen pretendelo quería ser a primeira: como estudante a primeira, na súa época moi poucas nenas irían estudar a Lugo; casou sendo unha adolescente;

foi revolucionaria coa súa alimentación, cando chegou a cidade tivo acceso a libros relacionados co vexetarianismo, abríuselle un mundo de coñecemento e dime: “Eu tiña razón, os errados eran os outros!” sostén con énfase, non era moi común ser vexetariano no 1953, nun recuncho do concello de O Corgo; logo xa no Brasil destacando en todos os traballos que realizou, a primeira facendo xeados de froitas, a primeira muller formándose como fotógrafa; a primeira muller galega en Cannes; a primeira actriz recoñecida do noso Concello; a primeira Medalla Castelao de O Corgo e a primeira corguesa premio Goya.

Outra reflexión que me produciu tristura foi un pensamento que tiña Benedicta e que expresou nunha das múltiples entrevistas que lle fixeron dende a estrea de O que Arde, dixo: Sempre dixen que Galiza non me quería, porque saín de aquí e todo era máis fácil, aquí non había maneira. Agora, vendo o filme, cos ollos cheos de bágoas di que aprendeu que dentro dela está Galiza. Por fin está comprobando que si a queren, a queremos, e estase a recoñecer e valorar o seu talento.

Queda claro que ao longo da súa traxectoria vital houbo moitos cambios e de moita envergadura… Mais a súa vida deu un xiro enorme cando se cruzou na súa vida Oliver Laxe, sen dúbida foi o descubridor doutra faceta que Benedicta tiña agochada, a súa calidade interpretativa. Está nas mans de Oliver crear outra personaxe nun novo filme para poder espremer todo o que esta actriz revelación pode dar, de feito a pregunta de: Gustariache aparecer noutra película? ela contestou: Estou aberta ao que apareza e si é con Oliver… Se Oliver me di vén, eu déixoo todo….

É unha honra para o Centro de Estudos do Corgo e para min como autora, contar un resumo da vida de Benedicta Sánchez (Bene), como a ela lle gusta que a nomeen, a través deste artigo que será publicado na revista CORGA nº7. Este relato foi elaborado dende o cariño, a admiración e o orgullo de corguesa, de ter entre a veciñanza unha persoa excepcional, que ten acreditado e merecido todo o que está colleitando nos últimos anos… E aínda o que lle queda… Moitas grazas Benedicta pola túa colaboración desinteresada. O centro de Estudos do Corgo moi agradecidos.




Imaxe 7.1. Benedicta e a autora deste artigo, con algún nº da revista CORGA.

# JESÚS ABUÍN ARIAS: FILLO PREDILECTO E CRONISTA OFICIAL DO CORGO

**Outeiro Iglesias, Mario**
*mariooouteiro@edu.xunta.es*
Enxeñeiro Técnico Industrial (esp. en Química Industrial) e Enxeñeiro Químico.
Profesor de Ensino Secundario (esp. de Física e Química e Tecnoloxía) no IES Pedregal de Irimia (Meira).

*Unha árbore sen raíces endexamais poderá soportar o abater do vento.* ***Proverbio de África oriental***

## RESUMO

Este artigo é a biografía dun modesto investigador corgués, chamado Jesús Abuín Arias, que aos seus 85 anos recibe a homenaxe da súa veciñanza en forma de fillo predilecto e cronista oficial polo silencioso, pero imprescindíbel traballo de varias décadas.

Jesús, pese a non ter formación académica superior relacionada co mundo da historia, é un autodidacta que dedicou o seu tempo libre, sobre todo dende a súa prexubilación, a investigar sobre a xenealoxía da súa veciñanza, a historia e heráldica das casas grandes do concello, as distintas corporacións municipais dende que O Corgo se constituíu como concello, entre outras moitas cousas. Jesús destaca tamén por ser o pai do escudo e da bandeira oficiais do concello do Corgo, por recoller durante décadas todo canto publicaban os distintos xornais sobre O Corgo, por ser un membro activo da asociación de veciños/as da súa parroquia e por colaborar con ata 3 artigos para a revista Corga (o que o converte en socio "Investigador" do Centro de Estudos do Corgo).

## PALABRAS CLAVE

Jesús Abuín, fillo predilecto, cronista oficial, investigador, xenealoxía, heráldica, escudo, bandeira, historia, AAVV do Corgo.

## 1 LIMIAR

As orixes deste artigo remóntanse a comezos da primavera de 2018 cando o Grupo Municipal do BNG, presenta unha moción no concello do Corgo para o recoñecemento a Jesús Abuín por toda unha vida dedicada aos distintos estudos sobre o concello e para a dixitalización da súa obra. Aquela moción sintetizaba parte dos méritos deste ilustre corgués e sería aprobada por unanimidade no pleno ordinario do mes de abril.

Aprobado o inicio do expediente para nomear a Jesús Abuín Arias fillo predilecto (como pedía a moción) pero tamén cronista oficial do Corgo (como solicitou o alcalde, Antonio Ferreiro, no pleno de abril), encárgaseme (como asinante da moción anterior) dende a alcaldía unha memoria xustificativa para a aprobación definitiva. É aí onde o actual artigo colle corpo coa colaboración tanto de Jesús Abuín como da súa familia. En xullo de 2018 apróbanse definitivamente as dúas distincións e no mes de setembro Jesús recibiría a cálida homenaxe da corporación municipal e da súa veciñanza, aspectos que tamén se recollen neste artigo.

## 2. BREVES APUNTAMENTOS BIOGRÁFICOS

D. Jesús Abuín Arias naceu na parroquia do Corgo o día 29 de decembro de 1932. Foi o único fillo do matrimonio formado por José Abuín Fernández e Celsa Arias Doval.



Imaxe 2.1. Jesús Abuín en novembro do 1936



Imaxe 2.2. Jesús coa súa nai, Celsa Arias

Fixo os estudos primarios en Xunqueira de Ambía, lugar onde comezaría tamén os estudos de bacharelato. Trasladouse coa súa familia ao Corgo e remataría o bacharelato superior no Instituto Masculino de Lugo. Jesús cursou, posteriormente, por libre os estudos de delineación.




Imaxe 2.3. Jesús Abuín cos seus compañeiros de instituto (curso 1950-51). A súa foto está situada na esquina inferior dereita

Jesús Abuín casaría o 25 de xullo de 1965 con Gloria Bande Díaz, con quen tería un único fillo, José Jesús.



Imaxe 2.4. Jesús e Gloria o día do seu casamento

A súa carreira profesional estivo ligada a EMESA (A Coruña) realizando labores de oficina e de delineante. Despois de vinte e cinco anos ligado á empresa de estruturas metálicas, Jesús prexubilaríase regresando definitivamente á súa parroquia natal, O Corgo.



Imaxe 2.5. Jesús e Gloria o día do bautizo do seu único fillo

Jesús, foi presidente da Asociación de Veciños da parroquia do Corgo durante décadas destacando deste período a rehabilitación integral da igrexa parroquial de San Xoán do Corgo.



Imaxe 2.6. Igrexa parroquial de San Xoán do Corgo

## 3 O SEU LABOR DE INVESTIGACIÓN

Detrás da proposta da elección de Jesús Abuín Arias como fillo predilecto e cronista oficial do Corgo está o seu gran labor como investigador sobre distintas temáticas relacionadas co concello do Corgo, a súa verdadeira paixón.

### 3.1 O ESTUDO XENEALÓXICO DAS FAMILIAS DE 19 PARROQUIAS DO CONCELLO

Jesús Abuín Arias estudou a xenealoxía das familias de 19 parroquias do concello dende os séculos XVII-XVIII ata o século XX. As parroquias estudadas son: Abragán, Alto, Anseán, Bergazo, Castrillón, Cela, Cerceda, Chamoso (San Cristovo), Chamoso (Santo André), O Corgo, Fonteita, Franqueán, Gomeán, Lapío, Laxosa, Manán (San Cosme), Marei, Sabarei e Segovia.

### 3.2 O DESEÑO E A ELABORACIÓN DO EXPEDIENTE XUSTIFICATIVO DO ACTUAL ESCUDO E BANDEIRA OFICIAIS DO CONCELLO DO CORGO

Este é se cadra un dos méritos máis salientábeis xa que o seu traballo represéntanos oficialmente hoxe como concello.




Imaxe 3.1.1. Estudo xenealóxico das familias da parroquia do Corgo




IImaxe 3.2.1. Expediente xustificativo dos actuais escudo e bandeira municipais

A proposta de Jesús Abuín logrou ser aprobada logo de décadas onde varios intentos foron desbotados por oposición veciñal, da Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia ou da propia corporación municipal.



Imaxe 3.2.2. Propostas de escudo desbotadas anteriormente

O escudo heráldico (anexo I) está formado por un ondado de azur e prata (simbolizando o significado da palabra "corgo" así como os numerosos ríos que atravesan o territorio), cunha banda brochante de gules (representando a Vía romana XIX-XX e o Camiño Real de acceso a Galiza) cargada de catro torres de ouro (lembrando as numerosas torres e pazos existentes no concello). Ao timbre, coroa real pechada.

A bandeira consta, sobre pano azul, dunha franxa vertical vermella no centro con dúas torres amarelas.



Imaxe 3.2.3. Proposta de escudo e de bandeira aprobados definitivamente

Os actuais escudo e bandeira foron aprobados no Decreto 208/2000, do 21 de xullo DOG núm. 157 (14 de agosto de 2000).

## 3.3 O ESTUDO DOS ESCUDOS HERÁLDICOS DOS PAZOS E DAS CASAS GRANDES MÁIS SENLLEIRAS DO NOSO CONCELLO

Jesús é un apaixonado da heráldica e da xenealoxía e froito diso estudou os escudos das principais casas do concello como:

- Pazo do Corgo (O Corgo). Posúe tres escudos.
- Casa de Neira (O Corgo).
- Casa de Resch (O Corgo).
- Casa de Florencio en Serín (O Corgo).
- Pazo de Piñeiro (Folgosa).
- Casa-granxa en Seoane (Folgosa).
- Casa grande de Sabarei (Sabarei).
- Pazo de Cabreiros (Cabreiros).
- Casona en Hospital (Chamoso, Sto. André).
- Casa-mesón de San Cristovo (Chamoso, San Cristovo). Hoxe desaparecida.
- Casa de Ulloa (Pedrafita).
- Pazo de Ron de Laxes (Camposo).
- Casa Grande de Quintela (Farnadeiros, S. Pedro).
- Casa de Neda (Arxemil).
- Casa de Carlos de Vilanova (Marei).
- Etc.

## 3.4 O ESTUDO DA IGREXA PARROQUIAL DE SAN XOÁN DO CORGO

Baixo a súa presidencia na AAVV do Corgo acometeuse a rehabilitación integral da igrexa parroquial. Isto fixo que Jesús realizase un estudo exhaustivo do propio edificio, da restauración do continente e do seu contido (retablo maior, lámpadas, así como outros obxectos de valor).



Imaxe 3.3.1. Escudo do Pazo de Piñeiro (Folgosa), un dos moitos estudados por Jesús




Imaxe 3.4.1. Estudo da igrexa parroquial de San Xoán do Corgo

## 3.5 "HISTORIA DE CORGO"

Libro publicado polo Servizo de Publicacións da Excma. Deputación Provincial de Lugo no ano 2000 (ISBN: 84-8192-189-0 e Depósito Legal: S-577-2000). É unha reprodución facsimilar, de 225 páxinas, feita pola Imprenta Catedral de Salamanca dun libro feito por el, con anterioridade, e no que recolle a historia da parroquia que dá nome ao concello do Corgo.

O libro comeza ofrecendo unha contextualización histórica e patrimonial das terras corguesas, en xeral, e finalmente da parroquia do Corgo, en particular. A maiores no libro tamén introduce o estudo arquitectónico, dos escudos e da xenealoxía das tres casas máis importantes da parroquia capitalina: o Pazo do Corgo, a Casa de Neira e a Casa de Resch (hoxe desaparecida).

## 3.6 "ALCALDES Y CONCEJALES DE CORGO EN EL SIGLO XIX"

Relación das corporacións municipais do século XIX, ordenadas de xeito cronolóxico entre o 1840 e o 1904 (sen publicar).




Imaxe 3.5.1. "Historia de Corgo" publicado pola Excma. Deputación Provincial de Lugo




Imaxe 3.6.1. "Alcaldes y concejales de Corgo en el s. XIX" (sen publicar)

## 3.7 "160 AÑOS DE GOBIERNO MUNICIPAL EN CORGO"

Colección de 8 tomos que recolle os asuntos aprobados nos plenos e nas xuntas de goberno do concello do Corgo dende o 1840 ata o 31 de decembro de 2000, ordenado cronoloxicamente (sen publicar).

## 3.8 "ALCALDES Y CONCEJALES DE CORGO"




Imaxe 3.7.1. "160 años de gobierno municipal en corgo" (sen publicar)




Imaxe 3.8.1. "Alcaldes y concejales de corgo". Tomo 4 (sen publicar)

Colección de 6 tomos que recolle os asuntos aprobados nos plenos e nas xuntas de goberno do concello do Corgo dende o 1840 ata o 31 de decembro de 2000, ordenado por alcaldes (sen publicar).

## 3.9 A REVISTA CORGA

Jesús Abuín Arias, no seu afán de colaborar co tecido asociativo cultural ten impartido conferencias nalgunha Xornada sobre Patrimonio organizada pola Asociación Cultural Arumes do Corgo, así como escrito tres artigos de investigación que foron publicados pola revista Corga que edita o Centro de Estudos do Corgo.

Achegamos aquí unha pequena síntese dos artigos de investigación:

- **"O pazo do Corgo"** (Corga nº 2, páx 46-57, 2011)

  Escrito conxuntamente con Dna. Josefa González Díaz. O artigo comeza cunha descrición xeral dos pazos galegos, e a súa orixe, para despois realizar un estudo arquitectónico completo dos elementos máis senlleiros do pazo do Corgo: a fachada principal, o patio central, os escudos, a escaleira, a capela, a cociña, a cheminea, o pombal, o hórreo, a fonte e o xardín.



Imaxe 3.9.1. Jesús Abuín e Josefa González expoñendo ao público o traballo sobre o pazo do Corgo, en presenza de Chelo Vázquez, presidenta do CEC



Imaxe 3.9.2. Maqueta do pazo do Corgo realizada a escala 1:50 por Jesús Abuín e exhibida na Feira Nacional do Campo en Madrid (1953)

- **"Os escudos do concello do Corgo"** (Corga nº 3, páx. 58-69, 2012)

  Escrito conxuntamente con Dna. Josefa González Díaz. Despois de facer unha presentación dos escudos en xeral (simboloxía de metais e esmaltes, partes e pezas, particións e distribucións, figuras heráldicas… así como os ornamentos exteriores do mesmo) os autores fan un estudo pormenorizado dos escudos do Pazo do Corgo (ten tres pedras armeiras), da Casa de Neira (O Corgo), da Casa de Resch (O Corgo), do Pazo de Piñeiro (Folgosa), da Casa-granxa en Seoane (Folgosa), do Pazo de Ron de Laxes (Camposo), da Casa Grande de Quintela (Farnadeiros, S. Pedro) e da Casa de Carlos de Vilanova (Marei).

- **"Historia do Concello do Corgo I (1840-1880)"** (Corga nº 6, páx. 66-79, 2016)

  Escrito conxuntamente con Dna. Josefa González Díaz. Despois de repasar os principios establecidos no primeiro paradigma de goberno local (o concello) no Estado (institucionalizados na Constitución de 1812) os autores fan un repaso aos acordos máis importantes das actas da corporación entre o 1840 e o 1880.

Ao presentar tres traballos, Jesús converteríase no 2016 en socio Investigador do Centro de Estudos do Corgo.

## 3.10 OUTROS

O seu gusto polo cinema fixo que tamén escribise o libro "Cuatro años de cine en Lugo". O volume é un estudo das proxeccións da salas de cine de Lugo entre os anos 1946 e 1950 (sen publicar).

Jesús é tamén afeccionado á numismática (sobre a que ten tamén un pequeno estudo) e á filatelia, cunhas importantes coleccións persoais.




Imaxe 3.9.3. Corga nº 3, na que fixo un estudo dos escudos máis senlleiros do concello




Imaxe 3.10.1. "Cuatro años de cine en Lugo" sen publicar)

## 4. PROCESO DE NOMEAMENTO DE FILLO PREDILECTO E CRONISTA OFICIAL DO CONCELLO DO CORGO

Como se indicou no limiar, o proceso iníciase despois de que no pleno celebrado o día 25 de abril 2018 se aprobara por unanimidade unha moción do BNG na que se propoñía:

1. *Que o concello do Corgo, vistos os méritos expostos, inicie o expediente para o nomeamento de D. Jesús Abuín Arias como "Fillo Predilecto" do concello do Corgo.*
2. *Que o concello do Corgo contrate a dixitalización do arquivo persoal de D. Jesús Abuín Arias a unha empresa especializada na materia, co fin de non danar a documentación orixinal, e que dote ao autor dunha copia do mesmo.*

A maiores, e a proposta da alcaldía, aprobouse iniciar tamén expediente co fin de nomear a Jesús Abuín Arias cronista oficial do concello do Corgo.

Dende a alcaldía encargaríaselle a memoria xustificativa para os dous nomeamentos a D. Mario Outeiro Iglesias, voceiro do BNG do Corgo, que asinou a antedita moción.



**Jesús Abuín será Hijo Predilecto y cronista oficial de O Corgo**

▸ El pleno acordó por unanimidad, a propuesta del BNG, reconocer su labor como investigador de la historia del municipio

Jesús Abuín.

O Corgo

PABLO RODRÍGUEZ

LUGO. El pleno de O Corgo aprobó ayer por unanimidad, a propuesta del BNG, iniciar trámites para nombrar Hijo Predilecto a Jesús Abuín Arias, por su labor altruista de investigación de la historia local. En virtud de la moción se digitalizará su archivo y, a mayores, el alcalde, el popular José Antonio Ferreiro, propuso que sea el cronista oficial corgués, algo que respaldaron también todos los partidos.

Entre los numerosos trabajos de Abuín Arias, el portavoz del BNG, Mario Outeiro, destacó, entre otros, el estudio genealógico de las familias de una veintena de parroquias, el libro 'Historia do Corgo' o la colección 'Alcaldes y concejales de O Corgo'. En su día ya recibieron esa distinción de Hijo Predilecto el general Tella y el escultor Otero Besteiro y, más recientemente, en 2016, se nombró Hijo Adoptivo a título póstumo al agente forestal Enrique Casanova, por su labor política y cultural.

En la sesión, el gobierno local recibió el visto bueno, con la abstención de PSOE y BNG, a su adhesión al plan de la Xunta Doing Business, de ayuntamientos emprendedores, con el que se busca atraer empresas con bonificaciones fiscales y en el suelo industrial. También se aprobó la contratación de la obra de creación del cierre de la piscina.

Sobre el resto de acuerdos, el independiente Javier Vila recibió apoyo unánime a sus mociones para que se tomen medidas ante los daños causados por las cigüeñas, se complete la red de saneamiento en Adai y se refuerce el servicio de urbanismo.

**POLÉMICA POR LAS ACERAS.** En la sesión, una moción del PSOE para impulsar rutas verdes, que no prosperó al recibir solo el apoyo del BNG, generó polémica.

El socialista Javier Cerqueiro proponía que se destinasen a ese proyecto los fondos del plan único. Criticó que con ese dinero se financien aceras en la N-VI, a su paso por la capital municipal, al entender que debe costearlas Fomento y al haber un acuerdo del Congreso en ese sentido.

Tanto Ferreiro como Javier Vila, que puso la creación de aceras como requisito para apoyar el actual presupuesto municipal, argumentaron que urgía ese proyecto y que no se podía contar a corto plazo con apoyo del ministerio.

Imaxe 4.1. El Progreso, día 26 de abril de 2018

Todo concello (ou outras administracións públicas) do estado pode conceder a un cidadán o título de **fillo predilecto**, e só pode recaer en quen, nacendo no lugar do outorgante do título, destacara de forma extraordinaria polas súas calidades ou méritos persoais ou servizos prestados en beneficio e honra do concello e acadara consideración indiscutíbel no ámbito do público.

Por outra banda o nomeamento de **cronista oficial** dun concello adoita recaer sobre persoas físicas que se distinguiran no seu labor de estudo, investigación e difusión dos temas relacionados co termo municipal. O cronista soe recibir o título honorífico, con carácter vitalicio e non remunerado.



# Jesús Abuín, futuro fillo predilecto corgués

ESTE MÉRCORES aprobábase, de xeito unánime, unha moción do BNG co fin de iniciar o expediente para nomear ao historiador local, Jesús Abuín Arias, Fillo Predilecto do concello do Corgo. Deste xeito Jesús recollerá o testemuño de Francisco Otero Besteiro, xa que na sesión extraordinaria do pleno, o día 24 de maio de 1994 (tres días despois do seu pasamento), o alcalde propuña a concesión, a título póstumo, de Fillo Predilecto do concello ao escultor, debuxante e deseñador corgués pola súa proxección nacional e internacional. Dende aquela o abano de mencións amplíouse coa concesión do título de Fillo Adoptivo a Xosé Henrique Casanova (concelleiro nacionalista no Corgo, axente forestal, activista social, sindicalista...), tralo seu pasamento, tamén a proposta do

TRIBUNA POLÍTICA

MARIO OUTEIRO

Parabéns Jesús, dende antonte pasaches a formar parte desa historia que tanto levas estudando durante décadas, con letras douradas

BNG pero apoiado unanimemente polos demais grupos.

Jesús Abuín naceu na parroquia do Corgo en decembro de 1932. Na súa mocidade estudou o bacharelato superior e posteriormente estudos de delineación. A súa carreira profesional estivo ligada a Emesa realizando labores de oficina e de delineante. Foi presidente da Asociación de Veciños da parroquia do Corgo durante décadas, pero o seu gran labor foi como investigador sobre distintas temáticas relacionadas co concello do Corgo, a súa verdadeira paixón.

Ao longo de varias décadas de traballo incansábel, Jesús realizou o estudo xenealóxico das familias de 19 parroquias do concello (a metade), dende os séculos XVII-XVIII, fixo o deseño e a elaboración do expediente xustificativo do actual escudo e bandeira oficiais do Corgo, estudou os escudos heráldicos dos pazos e das casas grandes máis senlleiras do noso concello e a historia da igrexa parroquial de San Xoán do Corgo. A maiores escribiu 'Historia de Corgo', libro publicado pola Deputación Provincial de Lugo no ano 2000, así como a historia do goberno municipal do Corgo dende o 1840 ata o 2000 no que atinxe aos seus alcaldes e concelleiros así como aos acordos máis importantes tanto dos plenos como das xuntas de goberno, estudo que lle ocuparía varios tomos. Na última década publicou tres artigos de investigación na revista Corga, xunto con Josefa González Díaz, sobre o pazo do Corgo (2011), os escudos do concello (2012) e a historia do concello do Corgo dende o 1840 ata o 1880 (2016).

A maiores, don Jesús ten recompilados case todos os artigos publicados en prensa relacionados co concello do Corgo dende a segunda metade do s. XX, exercendo durante todo este tempo o labor de Cronista 'non oficial' do concello do Corgo. Foi esa mención na exposición de motivos da moción a que animou ao equipo de goberno a propoñer no pleno a concesión tamén do título de Cronista Oficial do concello, algo que sería referendado polos demais grupos políticos.

Por outra banda todo o seu traballo está en papel e baixo a súa custodia, polo que o BNG propuxo na moción a dixitalización do seu arquivo co fin de que se conserve para estudo e consulta tanto no presente como nas vindeiras xeracións. A súa xenerosa entrega, o seu estudo escrupuloso e sistemático, a súa humildade, a súa paixón polo concello do Corgo faino máis que merecente dunhas distincións como son a de Fillo Predilecto e a de Cronista Oficial do concello, así como a organización dun acto de homenaxe. Parabéns Jesús, dende antonte pasaches a formar parte desa historia que tanto levas estudando durante décadas, con letras douradas.

Imaxe 4.2. El Progreso, día 27 de abril de 2018

Xeralmente os cronistas oficiais comprométense a realizar tarefas como:

1. Emitir a súa opinión e evacuar consultas sobre aqueles temas relacionados coa historia do Concello, ou aqueles que a Corporación estime oportuno someter a súa consideración.
2. Redactar memorias ou crónicas con carácter periódico na que se recollan os principais acontecementos sociais, culturais, políticos e de todo tipo relacionados co Concello.
3. Conservar para o futuro as lembranzas colectivas do pasado, xa sexa na súa forma documental, tradicións, costumes, etc.
4. Conservar para o futuro todo o que, ocorrendo na actualidade, poida ter interese para as futuras xeracións.

A maiores dos méritos expostos nos distintos apartados do artigo, Jesús ten recompilados case todos os artigos publicados en prensa relacionados co concello do Corgo dende a segunda metade do s. XX, exercendo durante todo este tempo o labor de cronista "non oficial" do concello do Corgo.

Todos estes motivos fixeron que trala aprobación inicial no pleno do 25 de abril, a corporación municipal por unanimidade (anexo II) aprobara no pleno celebrado o 27 de xullo de 2018 o nomeamento de fillo predilecto e cronista oficial do Corgo a Jesús Abuín Arias.



Imaxe 4.3. Jesús Abuin Arias recibindo a medalla de socio numerario do Centro de Estudos do Corgo no ano 2011

## 5 HOMENAXE DO CONCELLO DO CORGO A JESÚS ABUÍN

O sábado, 22 de setembro de 2018, ás 12:30 h, celebraríase no Centro Sociocultural do Corgo un acto de homenaxe a Jesús Abuín, no que se procedería á entrega da medalla de cronista oficial e o diploma de fillo predilecto (anexo III).



Imaxe 5.1. Jesús Abuín e a súa dona rodeada polos representantes políticos do concello (Foto de Victoria Rodríguez cedida por El Progreso)

A homenaxe, secundada por numerosos veciños e veciñas do concello estaría presidida polo alcalde D. José Antonio Ferreiro González (PP), acompañado polos voceiros da oposición: D. Javier Cerqueiro González (PSOE), D. Mario Outeiro Iglesias (BNG) e D. Francisco Javier Vila Núñez (DIC). Ademais das intervencións dos representantes políticos, Mario Outeiro faría unha presentación dos méritos do homenaxeado e o propio Jesús Abuín remataría cunhas palabras de agradecemento (anexo IV).



Imaxe 5.2. Público asistente á homenaxe (Foto de Victoria Rodríguez cedida por El Progreso)

Ao final do acto un veciño do concello, Eladio Bernabe Castedo, agasallaría a Jesús cunha poesía (en castelán e galego) e na que aquí reproducimos a versión galega:

*A Jesús Abuín*

*Este home de letras artesáns*
*construídas unha a unha da súa man,*
*redondillas, e góticas soberanas*
*plasmaron a historia desta terra.*

*Con acougo de anos incansables*
*levado do seu puño e letras solidarias,*
*axuntando historias e debuxos lexendarios*
*con escudos de nobres e vasalos.*

*Nada somos sen historias e legados*
*só iso nos queda dos devanceiros,*
*eses seres que elevaron o pasado*
*creando un corredor de nostalxias.*

*Por iso el puxo da súa man*
*vestixios desa heráldica,*
*deixándoo que voe polo tempo*
*como notas e apuntes esculpidos.*

*Como cal legado de palabras*
*hilvanando caseríos e linaxes,*
*aí queda para todos a súa entrega*
*como obra vitalicia dos lugares.*

Tralo acto de homenaxe celebraríase un xantar de confraternización no resturante Prados do Corgo con asistencia de preto de cen persoas.



Imaxe 5.3. Jesús Abuín coa medalla e o diploma (Foto de Victoria Rodríguez cedida por El Progreso)

## 6 CONCLUSIÓNS

Como avanzamos no limiar, o artigo baséase na memoria realizada para xustificar o nomeamento de Jesús Abuín Arias como fillo predilecto e como cronista oficial do Corgo.

A súa xenerosa entrega, o seu estudo escrupuloso e sistemático (relatados con anterioridade), a súa humildade, a súa paixón polo concello do Corgo fan que D. Jesús Abuín Arias cumpra dun xeito máis que salientábel os requisitos expostos no apartado 4 para recibir ambas as dúas distincións por parte do Concello do Corgo, tal e como corroborou a unanimidade da corporación municipal tanto para a aprobación inicial como para a súa aprobación definitiva.

Hai que sinalar que cando se está a redactar este artigo (en xaneiro de 2020) aínda queda algo moi importante sen realizar que é a dixitalización do impoñente arquivo de Jesús Abuín Arias para que outros investigadores poidan consultar a devandita información, para a conservación da documentación (actualmente en papel) e para compartir o magnífico legado con futuras xeracións.

## ANEXO I: DEBUXO DO ESCUDO DO CONCELLO FEITO POR JESÚS ABUÍN ARIAS



## ANEXO II: EXTRACTO DA ACTA DO PLENO DE CONCESIÓN DAS DISTINCIÓNS A JESÚS ABUÍN

**7. Nomeamento de fillo predilecto do Concello do Corgo a D. Jesús Abuín Arias.**

Dáse conta do expedie instruido para nomear fillo predilecto e cronista oficial a D. Jesús Abuín Arias, no que se contén a relación de méritos que o fan digno dese honor. Entre outros méritos, relaciónanse os seguintes:

- *O estudo xenealóxico das familias de 19 parroquias do concello: Abragán, Alto, Anseán, Berganzo, Castrillón, Cela, Cerceda, Chamoso (San Cristovo), Chamoso (Santo André), O Corgo, Fonteita, Franqueán, Gomeán, Lapío, Laxosa, Manán, (San Cosme), Marei, Sabarei e Segovia, dende os séculos XVII-XVIII.*
- *O deseño e a elaboración do expediente xustificativo do actual escudo e bandeira oficiais do concello de Corgo.*
- *O estudo dos escudos heráldicos dos pazos e das casas grandes máis senlleiras do noso concello.*
- *O estudo da igrexa parroquial de San Xoán do Corgo.*
- *"Historia de Corgo". Libro publicado polo Servizo de Publicacións da Excma. Deputación Provincial de Lugo no ano 2000.*
- *"Alcaldes y concejales de Corgo en el siglo XIX". Relación das corporacións municipais do século XIX, ordenadas de xeito cronolóxico (sen publicar).*
- *"160 años de gobierno municipal en Corgo". Colección de 8 tomos que recolle os asuntos aprobados nos plenos e nas xuntas de goberno do concello do Cordo dende o 1840 ata o 31 de decembro de 2000, ordenado cronoloxicamente (sen publicar)*
- *"Alcaldes y concejales de Corgo". Colección de 6 tomos que recolle os asuntos aprobados nos plenos e nas xuntas de goberno do concello do Corgo dende o 1840 ata o 31 de decembro de 2000, ordenado por alcaldes (sen publicar).*
- *"Cuatro años de cine en Lugo". Estudo das proxeccións da salas de cine de Lugo entre os anos 1946 e 1950 (*sen publicar).

En consecuencia, o pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda nomear a D. Jesús Abuín Arias fillo predilecto do Concello do Corgo e o seu cronista oficial.

## ANEXO III: MEDALLA DE CRONISTA OFICIAL E DIPLOMA DE FILLO PREDILECTO

O diploma foi elaborado por Pedro Gómez, artista nacido en Mondoñedo e afincado en Madrid.




Diploma de fillo predilecto do Corgo

A medalla foi elaborada polo prestixioso ceramista corgués, e vocal do Centro de Estudos do Corgo, Manuel Fernández López, coñecido como "Lolo da Vila" ou "Lolo de Anseán".




Diploma de fillo predilecto do Corgo

## ANEXO IV: DISCURSO DE agradecemento de JESÚS ABUÍN NA SÚA HOMENAXE

*Moi bo día a todas e todos,*

*Tomoa palabra co fin de expresar, coa maior brevidade, o meu profundo agradecemento por este acto de homenaxe.*

*En primeiro lugar agradecer á corporación municipal do Corgo que por unanimidade me concedese o título de fillo predilecto e o de cronista oficial do Corgo. Neste momento, onde as diverxencias están sempre nun plano superior ao das avinzas, é moi de agradecer que as catro forzas políticas que nos representan se puxeran de acordo para levar a cabo unha proposta.*

*En segundo lugar, quero dar as grazas a todas as veciñas e veciños do concello. Eles foron o obxectivo de tantas e tantas horas de traballo e investigación. Porque o seu pasado é a historia dun país traballador e orgulloso da súa cultura e tradicións.*

*Quero tamén expresar o meu agradecemento a todas e todos os que me acompañastes hoxe, algúns de lonxe, no que será, sen dúbida algunha, un día inesquecible para min.*

*E remato a rolda de agradecementos, cos máis importantes, a miña familia. Sen o seu apoio nunca podería levar a cabo a investigación que me tivo sumido durante décadas. Porque nas longas travesías hai momentos complexos nos que sen o seu apoio un non podería seguir adiante.*

*Como fillo predilecto e cronista do Corgo asumo unha responsabilidade con toda a veciñanza; un servizo que poño a disposición de todos e de todas dentro das miñas posibilidades.*

*E remato xa, cunha petición. Que o acordo das catro forzas políticas para a miña homenaxe sexa estendida a moitas máis propostas, polo ben de todos os corgueses e corguesas.*

*Moitas grazas.*

# QUEN FORON CURAS NESTAS TERRAS? ANTIGOS ARCIPRESTADOS DO CORGO: MAESTRESCOLÍA, FARNADEIROS, PICATO E SARRIA

**González Murado, Óscar**
*oscar.gonzalez.murado@gmail.com*
PhD en Historia da Igrexa
Director do Arquivo diocesano de Lugo

## RESUMO

O arciprestado é a unidade administrativa eclesiástica equiparable a un concello. O concello actual de O Corgo abarcaba parroquias de catro arciprestados ata ben fai pouco: Maestrescolía, Farnadeiros, Picato e Sarria. Tratamos neste artigo de analizar a documentación correspondente as actuais parroquias do concello de O Corgo nos seus antigos arciprestados. A documentación obxecto de estudo é a sección de beneficiales do Arquivo Diocesano de Lugo e vai desde o século XVI ata mediados do século XX. A través dela descubrimos a formación dos diferentes curatos e de case 200 cregos que pasaron ou tiveron relación con estas parroquias.

## PALABRAS CLAVE

Arciprestado, Maestrescolía, Farnadeiros, Picato, Sarria, párrocos, beneficiales, sinecura, concura.

## 1 INTRODUCIÓN

Pretendemos esta vez presentar unha parte da documentación que hai no Arquivo Diocesano de Lugo e ó mesmo tempo saciar a sede de coñecemento e abrir as portas a futuras investigacións sobre as terras do Chamoso, nome vetusto.

Polo tanto isto non pretende ser máis que unha humilde guía para coñecer quen guiaron as comunidades cristiáns nos últimos catrocentos anos. Seguramente quedan lagoas por encher pero nisto consiste o facer historia: en desenterrar e enterrar os datos, dalos a coñecer, e meditar sobre eles. Sei que é unha lista dos curas das parroquias incompleta, porque faltan os dos últimos 70 anos, pero cinguíndonos á documentación estrita desta sección do Arquivo Diocesano, Beneficiales, podemos dicir que ese tipo de documentación deixou de facerse porque cambiaron os tempos e as maneiras de afrontar os problemas. E non só nomes de curas das parroquias, tamén incluímos os nomes daqueles que non estando nin residindo nas parroquias cobraban unha renda que lles adxudicaba un presenteiro determinado. Normalmente desfrutaban deste tipo personaxes distinguidas, que tiñan un bo padriño detrás. Son os chamados prestamos sinecura.

## 2 XURISDICIÓNS CIVÍS FRONTE A XURISDICIÓNS ECLESIÁSTICAS

De seguido presentamos dúas cuestións para axudar a entender a sección de Beneficiales, correspondente ó Provisorato[1]: a división administrativa e a maneira de nomear os curas das parroquias.

A configuración do concello de O Corgo esconde outra división administrativa anterior. Podemos diferenciar cinco xurisdicións previas ó concello constitucional establecido no ano 1835. Vémolas na primeira táboa que poñemos aquí ó lado: Adai, Arxemil e Fonteita, Gomeán, Manán e Sanfiz de Paradela e a Pobra de San Xiao. A extensión variaba: por exemplo Gomeán abarcaba só a parroquia, Arxemil e Fonteita abarcaba tres parroquias fronte ás 29 parroquias que comprendía a xurisdición de Adai. Cada unha destas xurisdicións tiñan ó fronte un señor sendo na súa maior parte o Conde de Lemos quen ostentaba ese poder civil e criminal sobre os seus vasalos. Compartía a xurisdición o Conde de Lemos na parroquia de Manán de Abaixo coa Encomenda de Portomarín, en Santo André de Chamoso co Marqués de Castelar, en Farnadeiros co Cabido de Lugo. A encomenda de Portomarín tiña a xurisdición integra sobre Manán de Arriba. Outro señorío que era exercido íntegro era o bispo de Lugo en Santiago de Gomeán, as Dominicas de Lugo en San Fiz de Paradela. No caso da xurisdición de Arxemil e Fonteita a xurisdición exercíana varias persoas: así en Arxemil José Enríquez e José das Seixas; en Fonteita José de Páramo e Pedro Luís de Ulloa; e en Pedrafita Justo Gayoso, Alejandro de Páramo e José das Seijas.

[1]Provisorato é a oficina do provisor ou vigairo xeral, lugartenente do bispo. Diante del pasaba todo o relativo ós expedientes de nomeamento de curas de parroquias e de capelanías.

| PARROQUIA | ARCIPRESTADO | XURISDICIÓN | SEÑOR DA XURISDICIÓN |
|---|---|---|---|
| **Cabreiros, Santa Mariña** | Farnadeiros | Adai | Conde de Lemos |
| **Farnadeiros, San Estevo** | Farnadeiros | Adai | Conde de Lemos |
| **Farnadeiros, San Pedro** | Farnadeiros | Adai | Conde de Lemos<br>Cabido de lugo |
| **Quinte, Santalla** | Farnadeiros | Adai | Conde de Lemos |
| **Sabarei, Santa María Madalena** | Farnadeiros | Adai | Conde de Lemos |
| **Anseán, Santa Catarina** | Maestrescolía | Adai | Conde de Lemos |
| **Adai, Santiago** | Maestrescolía | Adai | Conde de Lemos |
| **Bergazo, Sanfiz** | Maestrescolía | Adai | Conde de Lemos |
| **Campelo, San Xulián** | Maestrescolía | Adai | Conde de Lemos |
| **Chamoso, San Bartolomeu** | Maestrescolía | Adai | Conde de Lemos |
| **Chamoso, San Cristovo** | Maestrescolía | Adai | Conde de Lemos |
| **Chamoso, San Pedro de Santo André** | Maestrescolía | Adai | Conde de Lemos<br>Castelar, Marqués |
| **Folgosa, San Estevo** | Maestrescolía | Adai | Conde de Lemos |
| **Folgosa, San Martin, San Xoán e San Pedro** | Maestrescolía | Adai | Conde de Lemos |
| **Laxosa, Santiago** | Maestrescolía | Adai | Conde de Lemos |
| **Manán de Abaixo, San Cosme** | Maestrescolía | Adai | Conde de Lemos<br>Encomenda de Portomarín |
| **O Corgo, San Xoán de** | Maestrescolía | Adai | Conde de Lemos |
| **Píñeiro, Santa María** | Maestrescolía | Adai | Conde de Lemos |
| **Queizán, Santa María** | Maestrescolía | Adai | Conde de Lemos |
| **Castrillón, O Salvador** | Picato | Adai | Conde de Lemos |
| **Franqueán, Santa María** | Picato | Adai | Conde de Lemos |
| **Marei, Santa María** | Picato | Adai | Conde de Lemos |
| **Arxemil, San Pedro** | Maestrescolía | Arxemil e Fonteita | José Enríquez<br>José das Seixas |
| **Fonteita, Santiago** | Maestrescolía | Arxemil e Fonteita | José de Páramo<br>Pedro Luis de Ulloa |
| **Pedrafita, San Miguel** | Maestrescolía | Arxemil e Fonteita | Justo Gayoso<br>Alejandro de Páramo<br>José das Seixas |
| **Gomeán, Santiago** | Picato | Gomeán | Bispo de Lugo |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Manán de Arriba, Santa María Madalena** | Farnadeiros | Manán e San Fiz | Encomenda de Portomarín |
| **Paradela, San Fiz de** | Farnadeiros | Manán e San Fiz | Dominicanas de Lugo |
| **Cerceda, San Pedro** | Farnadeiros | Pobra de San Xiao | Conde de Lemos |
| **Lapío, San Miguel, con** | Farnadeiros | Pobra de San Xiao | Conde de Lemos |
| **Abragán, San Bartolomeu** | Ficato | Pobra de San Xiao | Conde de Lemos |
| **Santalla do Picato, O Salvador de** | Ficato | Pobra de San Xiao | Conde de Lemos |
| **Composo, Santiago** | Sarria | Pobra de San Xiao | Conde de Lemos |
| **Cela, San Xoán** | Sarria | Pobra de San Xiao | Conde de Lemos |
| **Maceda, San Pedro** | Sarria | Pobra de San Xiao | Conde de Lemos |

Tabla 1: Organización das parroquias por xurisdicións e cos señores que exercían nelas

Isto danos idea dos *intríngulis* que había detrás nas xurisdicións. Pois ben, hai outra división administrativa, neste caso eclesiástica, que tamén ten o seu aquel. O territorio actual de O Corgo pertencía a catro arciprestados: Maestrescolía (23 parroquias), Farnadeiros (9), Picato (3) e Sarria (3). Estas unidades son ás que hai que acudir á hora de estudar as diferentes parroquias.

### 3 O dereito de presentación ou padroado

Feita esta sucinta presentación imos abordar o tema das parroquias e quen eran os que podían ou exercían o seu dereito á hora de presentar un cura. Cae de caixón que os señores xurisdicionais intentarían evitar que elementos estraños ou pouco afíns se entrometesen. Pero ás veces ese querelo controlar todo non o podían facer, ben porque unha familia adquirira dereitos sobre a igrexa parroquial, ben porque os comprara ou ben porque cobraba unhas rendas por un ben feito en prol da igrexa. Ese dereito consistía en presentar un clérigo cando vacaba a parroquia, ben por morte ou ben por promoción. Eran dereitos que podían ser vendidos. Entre as obrigacións que tiñan os presenteiros estaba tamén o de manter a igrexa parroquial con certa decencia.

Ás veces ese dereito de presentación era exercido por varias persoas. O Conde Lemos exercía *in solidum* a presentación en trece parroquias. O Marqués de Castelar exercíao en exclusiva en Santo André de Chamoso e o Conde de Altamira en Santa Catarina de Anseán; e a Encomenda de Portomarín en Manán de Arriba; o Cabido de Lugo en San Xillao de Campelo. Compartíano as Dominicas de A nova co morgado de Arxemil e Pedrafita en San Bartolomeu de Chamoso, San Pedro de Arxemil e San Miguel de Pedrafita. En Quinte e en Cerceda compartía o dereito de presentación o Rei e máis o Cabido de Lugo. O mesmo ocorría nas dúas Farnadeiros, Sabarei e Lapío. En Gomeán e Marei compartíano estes dous señores, Rei e Cabido, co bispo de Lugo. Temos o caso no que comparecen varias voces presentando é o caso de Folgosa e Queizán. E temos o caso dunha vicaría do mosteiro de Samos: Abragán. A alternancia de presentacións debíase a que a partir do século XVI comezan a unirse parroquias constituíndo anexos e principais. Ó formarse os curatos tamén se suman as persoas xurídicas que presentan as parroquias e ás veces provocaba ruidosos pleitos que se dilataban no tempo. Observamos que hai unha serie de parroquias que alterna o dereito de presentación coa Coroa. Isto sobre todo ocorre a partir da desamortización de Mendizábal do ano 1835, xa que a Coroa asume o dereito de padroado rexio.

| PARROQUIA | ARCIPRESTADO | | DEREITOS DA PRESENTACIÓN | |
|---|---|---|---|---|
| **Cabreiros, Santa Mariña** | Farnadeiros | 1 | Lemos, Conde de | |
| **Paradela, San Fiz** | Farnadeiros | 1 | Lemos, Conde de | |
| **Manán de Arriba, Santa María Madalena** | Farnadeiros | 1 | Portomarín, encomenda, da Orde Sanxoanista | |
| **Quinte, Santalla** | Farnadeiros | 2 | O Rei | Cabido de Lugo |
| **Cerceda, San Pedro** | Farnadeiros | 2 | O Rei | Cabido de Lugo |
| **Farnadeiros San Estevo** | Farnadeiros | 2 | O Rei | Cabido de Lugo |
| **Farnadeiro San Pedro** | Farnadeiros | 2 | O Rei | Cabido de Lugo |
| **Sabarei, Sata María Madalena** | Farnadeiros | 2 | O Rei | Cabido de Lugo |
| **Lapío, San Miguel** | Farnadeiros | 2 | O Rei | Cabido de Lugo |
| **Anseán, Santa Catarina** | Maestrescolía | 1 | Altamira, conde de | |
| **Chamoso, San Bartolomeu** | Maestrescolía | 2 | Arxemil e Pedrafica, morgado | Lugo, dominicas de A Nova |
| **Arxemil, San Pedro** | Maestrescolía | 2 | Arxemil e Pedrafica, morgado | Lugo, dominicas de A Nova |
| **Pedrafita, San Miguel** | Maestrescolía | 2 | Arxemil e Pedrafica, morgado | Lugo, dominicas de A Nova |
| **Campelo, San Xulián** | Maestrescolía | 1 | Cabido | |
| **Chamoso, San Pedro de Santo André** | Maestrescolía | 1 | Castelar, marqués de | |
| **Adai, Santiago, con** | Maestrescolía | 1 | Lemos, conde de | |
| **Bergazo, Sanfiz** | Maestrescolía | 1 | Lemos, conde de | |
| **Chamoso, San Cristovo** | Maestrescolía | 1 | Lemos, conde de | |
| **Corgo, San Cristovo** | Maestrescolía | 1 | Lemos, conde de | |
| **Laxosa, Santiago** | Maestrescolía | 1 | Lemos, conde de | |
| **Manán de Abaixo, San Cosme** | Maestrescolía | 1 | Lemos, conde de | |
| **Piñeiro, Santa María** | Maestrescolía | | Lemos, conde de | |
| **Fonteita, Santiago** | Maestrescolía | 1 | San Pedro de Cellán, coto de | |
| **Queizán, Santa María** | Maestrescolía | V | Varias Voces | |
| **Folgosa, San Estevo** | Maestrescolía | V | Varias Voces | |
| **Folgosa, San Martiño, San Xoán e San Pedro** | Maestrescolía | V | Varias Voces | |
| **Franqueán, Santa María** | Picato | 2 | Láncara, señor de | |
| **Castrillón, O Salvador** | Picato | 2 | Lemos, conde de | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Folgosa, San Martiño, San Xoán e San Pedro** | Maestrescolía | V | Varias Voces | |
| **Franqueán, Santa María** | Picato | 2 | Láncara, señor de | |
| **Castrillón, O Salvador** | Picato | 2 | Lemos, conde de | |
| **Santalla do Picato, O Salvador** | Picato | 1 | Lemos, conde de | |
| **Marei, Santa María** | Picato | 3 | O Rei | Cabido |
| **Gomeán, Santiago** | Picato | 4 | O Rei | Cabido |
| **Abragán, San Bartolomeu** | Picato | | Samos, mosteiro | |
| **Camposo, Santiago** | Sarria | 1 | Lemos, conde de | |
| **Cela, San Xoán** | Sarria | 1 | Lemos, conde de | |
| **Maceda, San Pedro** | Sarria | 1 | Lemos, conde de | |

Tabla 2: Clasificación dos curatos por xurisdicións e dereitos de presentación. V: Varias voces.

Imos a analizar neste artigo os diferentes curatos que o conforman e tamén os cregos que pasaron polos diferentes curatos. Primeiro debemos aclarar que en orixe cada parroquia era atendida por un só cura. Había tantos curas como parroquias. Pero a partir do século XVI empeza a haber movementos de unión de parroquias porque cada unha por si sola non podía facer que un cura vivise dignamente. Así como exemplo traemos a colación dous casos que non foron: así no ano 1605 hai un intento de unión do beneficio de San Cosme de Manán ó de San Pedro de Santo André de Chamoso. O cura de Santo André era Juan de Nóvoa e o de San Cosme de Manán era Jácome López Torrón. Este último falecera no 1605. O certo é que o Conde de Lemos presenta a Pedro Díaz de Guitián[2]. Finalmente unirase Manán a Laxosa. No ano 1633 volvese a intentar unir catro parroquias baixo un mesmo cura: é o caso de Laxosa, Paradela, Cabreiros e Manán. Hai unha pretensión por parte do cura de Laxosa e de San Fiz de Paradela por unir os catro beneficios. Xa Laxosa estaba unida a San Cosme de Manán e San Fiz a Cabreiros. Pois ben no ano 1633 pretendese a unión de Laxosa con San Fiz de Paradela e Santa Mariña de Cabreiros. Nese ano renuncia a Paradela e Cabreiros Juan López de Gaibor. E ese ano conveñen entre Antonio González da Penela, cura de Paradela, e Pedro Buelta de Teça, cura de Laxosa a unión dos tres beneficios. Pouco debeu durar pola información que nos aportan os pleitos beneficiales de San Fiz de Paradela. O asunto non prosperou, sendo Pedro Buelta de Teça condenado a pagar as costas do pleito[3].

O que noutrora coñecíamos como principais e anexos foi unha solución na Idade Moderna de cara a subsistencia dos párrocos. Cos novos tempos xa non podemos falar de tal distinción. As esixencias debido á falta de cregos son outras: menos cregos, máis parroquias.

[2]AHDLu, Provisorato, Beneficiales (en diante: AHDLu, P, B) Farnadeiros, Mazo 3, Laxosa-Manán, leg. 1.

[3]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, Laxosa - Manán, legaxo 2.

## 4 CURATO DE SAN XOÁN DE O CORGO, SAN FIZ DE BERGAZO E SAN CRISTOVO DE CHAMOSO

| 4.1. Ata 1638 | 4.2. 1638- actualidade |
|---|---|
| San Xoán de O Corgo e San Fiz de Bergazo | |
| San Cristovo | San Xoán de O Corgo, San Fiz de Bergazo e San Cristovo de Chamoso |

Nas tres parroquias presentaba o Conde de Lemos. Supoñemos que ata o século XVI San Cristovo de Chamoso e San Xoán de O Corgo con San Fiz de Bergazo eran beneficios que estaban separados. Intuimos que pode ser que O Corgo e Bergazo podían formar curato e despois foi unido San Cristovo. Por iso a primeira noticia que temos de cura deste curato na Idade Moderna e do ano 1574. Esta data extraémola do legaxo que nos fala do intento de anexar O Corgo a Santa María de Marei[4]. Explicarémola no seu momento.

Pero temos unha nova anterior: San Cristovo no ano 1579 queda vacante de cura por morte de Pedro Ares de Prado e o conde de Lemos, Pedro Fernández de Castro, presenta a Pedro de Neyra, fillos de Bastián López de Corgo e de Francisca López[5]. A partir do 1638 xa comparten as tres parroquias cura.

### 4.1. SAN CRISTOVO DE CHAMOSO

Sabemos que no ano 1579 hai a vacante en San Cristovo de Chamoso e que presenta Pedro Fernández de Castro, Conde de Lemos. É a noticia que temos de cando era unha parroquia sen formar parte do curato de O Corgo.

1. *Pedro Ares de Prado,* (-†1579)
2. *Pedro de Neira,* (1579-)[6]

[4]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Marei e Gomeán, legaxo 1.
[5]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, San Cristovo, Corgo e Bergazo, legaxo 1.
[6]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, San Cristovo de Chamoso, legaxo 1.

### 4.2. SAN XOÁN DE O CORGO CON SAN FIZ DE BERGAZO E SAN CRISTOVO DE CHAMOSO

1. *Domingo Besteiro* (1574)
2. *Alonso de Armesto,* (†1638). Fora cura de Santiago de Adai e Santa María de Piñeiro[7].
3. *Diego Rodríguez de Ulloa*, (1638-1653)[8].
4. *Marcos Díaz de Guitián*, (1653-). Fora antes abade de San Xoan de Cortegadas, diocese de Ourense[9].
5. *José de Herreros Aira de Rozabales,* (1654-1656)
6. *Juan Fernández de Rois y Luaces*, (1656-1687). Era antes cura de San Miguel de Canedo. Permutarán co José de Herreros[10].
7. *Froilán Teijeiro Montenegro,* (1687-1721). Era capelán de San Francisco en Santa Mariña de Cortapezas e natural de San Miguel de Pedrafita. Permutara o beneficio co cura anterior[11].
8. *Froilán Teijeiro*, (1721-1755). Era capelán de San Antonio de Padua en Santa Mariña de Oriz. Sobriño do cura anterior con quen permuta o beneficio[12].
9. *Tiburcio Anselmo Díaz da Fouce,* (1755-†1758). Era cura ata incorporarse a O Corgo de San Cristovo de Fornas[13].
10. *Julián Antonio Rodríguez y Quiroga*, (1758-†1783)[14]. Era natural de Lapío.
11. *Francisco Cousiño y Franco,* (1783-1801). Proviña do curato de San Xoán de Bardaos.
12. *Lucas López Somoza,* (1801-†1810). Era cura de San Xoán de Outeiro de Rei[15].
13. *José Valcarce,* (1810-1814). Natural de O Corgo[16].

[7] AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 1, Santiago de Adai, legaxo 3.
[8] AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, San Cristovo, Corgo e Bergazo, legaxo 2.
[9] AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 2, San Cristovo, Corgo e Bergazo, legaxo 3.
[10] AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 2, San Cristovo, Corgo e Bergazo, legaxo 4.
[11] AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 2, San Cristovo, Corgo e Bergazo, legaxo 5.
[12] AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 2, San Cristovo, Corgo e Bergazo, legaxo 6.
[13] AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 2, San Cristovo, Corgo e Bergazo, legaxo 8.
[14] AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 2, San Cristovo, Corgo e Bergazo, legaxo 7.
[15] AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 2, San Cristovo, Corgo e Bergazo, legaxo 9.
[16]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 2, San Cristovo, Corgo e Bergazo, legaxo 10.

14. *Juan Fernández Pereiro*, (1814-1852). Era cura de San Xoán de Outeiro de Rei[17].
15. *Francisco Janeiro,* (1852-†1900). Era párroco de Vilachambre[18].
16. *Robustiano Vázquez Boán*, (1900-1906). Párroco anteriormente do Cebreiro e arcipreste de Triacastela.
17. *Manuel Rodríguez Rodríguez,* (1906-). Cura de San Pedro de Carmoega e veciño de Curbián[19].
18. *Francisco Mourelle González,* (†1924).
19. *Manuel Yáñez Veiga*, (1924-). Oriundo de Lugo. Era cura de san Vicenzo de Ulloa[20].

## 5. SAN PEDRO DE CERCEDA E SANTALLA DE QUINTE

| |
|---|
| **5.1. Ata 1890** |
| 5.1.1. San Pedro de Cerceda e Santalla de Quinte |
| 5.1.2 San Xoán de Cela, Santiago de Camposo e San Pedro de Maceda |
| 5.1.3 Santa María Madalena de Escoureda |
| 5.1.4 San Pedro e Santo Estevo de Farnadeiros |
| **5.2. 1890-** |
| 5.2.1 San Pedro de Cerceda e San Xoán de Cela |
| 5.2.2 Santa María de Escoureda e San Pedro de Maceda |
| 5.2.3 San Pedro e Santo Estevo de Farnadeiros e Santalla de Quinte |

### 5.1.1 SAN PEDRO DE CERCEDA E SANTALLA DE QUINTE

1. *Rodrigo de Páramo* (1591)[21]
2. *Juan Bautista da Barreda* (-1625). Permuta ó beneficio co seguinte. Pasa a Santa Eulalia de Donsión.
3. *Juan Rodríguez de Losada* (1625-1629). Ven de atender ó beneficio de Santa Eulalia de Donsión. No ano 1629 pasa a Santa María de A Parte, Monforte.
4. *Amaro Fernández de Rubinos* (1629-)
5. *Andrés Rodríguez* (-†1738).
6. *Manuel de Torres y Barreiro* (1738-1752) Pasa ó beneficio de Santiago de Pousada no ano 1752.
7. *Diego Ignacio de Aira* (1752-1756). Natural de Santa María Madalena de Pena pasa a San Pedro de Arcos.
8. Manuel de Neira (1756-)[22]
9. *Ramón Rodríguez Villaver* (-1785). Pasa a San Miguel de Marcelle.
10. *Felipe Abuín* (1785-1791). Pasa ó beneficio de Santa María Madalena de Coeses no 1791[23].
11. *Manuel Armada* (-1814). Pasa ó beneficio de San Xoán de Remesar[24].
12. *Manuel Antonio Cortón* (1814-1824). Pasa ó de San Xurxo de Piquín[25].
13. *Ramón Grandas* (1824-†1863).
14. *José Camilo Vázquez Seijas* (1863-1867). Oriundo de Camporramiro, onde no 1867 exercerá de cura[26].
15. *Benito Balboa Peña* (1867-1877)[27]. Pasa ó beneficio de Santa María de Castrosante.
16. *Antonio Correa Valcarce* (1877-)[28]

### 5.1.2 SAN XOÁN DE CELA, SANTIAGO DE CAMPOSO E SAN PEDRO DE MACEDA

1. *Diego Arias Somoza de Rubián* (-1678). No ano 1678 cambia o beneficio de San Xoán de Cela pola capelanía de San Diego.
2. Pedro González Somoza (1678-†1711). Era capelán da capelanía de San Diego, sita en San Xoán de Cela. Era unha capelanía perpetua pegada á igrexa de San Xoán de Cela na parte de abaixo. Fora fundada por Diego Arias Somoza de Rubián, anterior cura e permutante no 1678, no ano 1659[29].
3. *Antonio de Losada y Guitián* (1711-†1720)[30].
4. *Rodrigo Somoza y Quiroga* (1720-†1733)
5. *Pedro Cedrón y Ulloa* (1733-1742). Cura de Santalla Alta[31].

[17] AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 2, San Cristovo, Corgo e Bergazo, legaxo 11.
18 AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 2, San Cristovo, Corgo e Bergazo, legaxo 12.
[19]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 2, San Cristovo, Corgo e Bergazo, legaxo 14.
[20]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 2, San Cristovo, Corgo e Bergazo, legaxo 15.
[21]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 1, Sincura de Santa Pedro de Cerceda, legaxo 1.

[22]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 1, Cerceda - Quinte, legaxo 1.
[23]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 1, Cerceda - Quinte, legaxo 2.
[24]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 1, Cerceda - Quinte, legaxo 3.
[25]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 1, Cerceda - Quinte, legaxo 4.
[26]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 1, Cerceda - Quinte, legaxo 5.
[27]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 1, Cerceda - Quinte, legaxo 6.
[28]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 1, Cerceda - Quinte, legaxo 7.
[29]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Cela-Camposo-Maceda, legaxo 1.
[30]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Cela-Camposo-Maceda, legaxo 2.
[31]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Cela-Camposo-Maceda, legaxo 3.

6. *Benardo Antonio Pardo* (1742-†1754) Era capelán do convento das Clarisas de Monforte de Lemos[32].
7. *Manuel de Quiroga y Somoza* (1754-†1803). Era cura de San Miguel de Feás, bispado de Ourense[33].
8. *José Benito Moure y Delgado* (1803-1807). Era cura de Santa Mariña de Cabreiros, diocese de Mondoñedo. Sabemos polo nomeamento feito pola Condesa de Lemos, María Teresa de Silva y Palafox, que dito beneficio tiña vinculada unha pensión de corenta ducados de ouro, en moeda romana, a favor do Seminario da vila de Monforte. Desta forma o cura que gozara o beneficio tiña que rendir ese tributo. Sendo o primeiro este cura. [34]No ano 1807 pasa ó beneficio de San Mamede de Vilasouto e Santa María de Outariz.
9. *Juan Antonio Caballería* (1807). Párroco anterior de San Xoán de Argas. Renuncia.
10. *Juan García Rodríguez* (1807-†1845). Cura de Santiago de Adai[35].
11. *José García Vaamonde* (1845-1848). Cura ecónomo de Santo Tomé de Castelo[36]. Pasa ó beneficio de Santa María de Reboiro.
12. *Juan Pardo y Quiroga* (1848-†1876). Era natural de San Pedro de Cerceda[37].
13. *Manuel Fernández Díaz* (1876-) Veciño de Santa María Madalena de Moscán[38].

### 5.1.3 SANTA MARÍA MADALENA DE ESCOUREDA

Presentación do morgado da casa de Láncara.

1. *Sebastián López de Neira*, (-†1719).
2. *Salvador Varela*, (1719-1741). Pasa ó beneficio de San Pedro de Láncara[39].
3. *Manuel García de Neira*, (1741-1753). Era veciño de San Pedro de Láncara. Pasa ó benéfico de San Pedro de Láncara[40].

**4.** *Juan Balboa y Velón*, (1753-1774). Pasa ó beneficio de San Xulián de Montojo, bispado de Mondoñedo.
**5.** *Pedro Caldeiro*, (1774-1784). Natural de San Salvador de Toirán[41]. Pasa a Santiago de Cedrón.
**6.** *Manuel Francisco González*, (1784-†1802).
**7.** *Juan Manuel López,* (1802-†1819). Natural de San Fiz de Bergazo[42].
**8.** *Pedro Reija*, (1819-†1845). Natural de San Paio de Arcos[43].
**9.** *José Fernández Castroverde* (1845-1881). Natural de Santa Catarina de Anseán e residente no momento do nomeamento en San Martín de Bascós. Falece na parroquia.
**10.** *Elías Fernández Díaz* (1881-1917). Natural de Santa María Madalena de Moscán[44].

### 5.1.4 SAN PEDRO E SANTO ESTEVO DE FARNADEIROS

**1.** *Juan de Farnadeiros* (-1609). Pasa a ser capelán da capelanía fundada por Pedro de Robles, coengo, na catedral de Lugo.
**2.** *Domingo López Paymoure* (1609-†1630)
**3.** *Benito de Neira y Balboa* (-1667). Pasa ó beneficio de San Pedro de Vilachá de Cancelada.
**4.** *Pedro Fernández de Senra* (1667-†1690)[45]
**5.** *Andrés López Carlín* (1690-†1718)
**6.** *Baltasar de Vila y Vázquez* (-†1765). Natural de San Vicenzo do Veral[46].
**7.** *Carlos Bernardo Saavedra y Luaces* (1765-†1809)[47].
**8.** *Manuel López de Neira* (-†1851)[48].
**9.** *José López Somoza* (1851-1859). Natural de San Salvador do Mato. Pasa no 1859 a Santa María de Corvelle.
**10.** *Manuel Ignacio Méndez*[49] (1859-†1872)
**11.** *Antonio Ramos Díaz*[50] (1872-†1902)

[32]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Cela-Camposo-Maceda, legaxo 4.
[33]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Cela-Camposo-Maceda, legaxo 5.
[34]Concedida esa pensión pola bula do Papa do 15 de novembro de 1773. Hai que ter en conta que a Compañía de Xesús fora suprimida no ano 1768. AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Cela-Camposo-Maceda, legaxo 6.
[35]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Cela-Camposo-Maceda, legaxo 7
[36]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Cela-Camposo-Maceda, legaxo 8
[37]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Cela-Camposo-Maceda, legaxo 9
[38]AHDLu, P, B,, Farnadeiros, Mazo 4, Cela-Camposo-Maceda, legaxo 10
[39]AHDLu, P, B,, Farnadeiros, Mazo 3, Sta Mariña Madalena de Escoureda, legaxo 1.
[40]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, Sta Mariña Madalena de Escoureda, legaxo 4.
[41]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, Sta María Madalena de Escoureda, legaxo 3.
[42]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, Sta María Madalena de Escoureda, legaxo 5.
[43]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, Sta María Madalena de Escoureda, legaxo 6.
[44]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, Sta María Madalena de Escoureda, legaxo 7.
[45]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, San Pedro de Farnadeiros, legaxo 1.
[46]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, San Pedro de Farnadeiros, legaxo 2.
[47]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, San Pedro de Farnadeiros, legaxo 3.
[48]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, San Pedro de Farnadeiros, legaxo 4.
[49]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, San Pedro de Farnadeiros, legaxo 5.
[50]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, San Pedro de Farnadeiros, legaxo 6.

5.2.1 SAN PEDRO DE CERCEDA E SAN XOÁN DE CELA

1. *Andrés Sánchez Díaz* (-†1901).
2. *Modesto Carnero Carnicero* (1901-1912)[51]. Trasládase a Ourense.
3. *Antonio Vila González* (1912-)[52]

5.2.2 SANTA MARÍA MADALENA DE ESCOUREDA E SAN PEDRO DE MACEDA

Logo do arranxo parroquial do 1890 queda así a parroquia.

1. *Manuel Fouce Moreira* (1917-). Natural de Pacios, San Xoán de Cela. Era coadxutor de Santa María de Castro de Rei[53].

5.2.3 SAN PEDRO E SAN ESTEVO DE FARNADEIROS E SANTALLA DE QUINTE

1. *Manuel Saco Cedrón* (1902-)[54]

## 6 SANTA CATARINA DE ANSEÁN-MANÁN DE ARRIBA E MANÁN DE ABAIXO-LAXOSA-SANFIZ DE PARADELA-CABREIROS

| |
|---|
| **6.1 Ata o 1605** |
| 6.1.1 San Cosme de Manán |
| **6.2. 1605 - 1890** |
| 6.2.1 Santa Catarina de Anseán |
| 6.2.2 Santiago de Laxosa e San Cosme de Manán |
| 6.2.3 San Fiz de Paradela e Santa Mariña de Cabreiros |
| **6.3. 1890 - actualidade** |
| 6.3.1 Santa Catarina de Anseán e San Cosme de Manán |
| 6.3.2 Santiago de Laxosa e Santa Mariña de Cabreiros |
| 6.3.3. San Fiz de Paradela e Santa María Madalena de Manán de Arriba |

[51]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 1, Cerceda - Quinte, legaxo 8.
[52]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 1, Cerceda - Quinte, legaxo 9.
[53]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, Santa María Madalena de Escoureda, legaxo 9.
[54]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, San Pedro de Farnadeiros, legaxo 7.

6.1. SAN COSME DE MANÁN

1. *Alonso López de Torrón* (-†1590)
2. *Jácome López de Torrón*, (-†1605)[55]

6.2.1 SANTA CATARINA DE ANSEÁN

1. *Francisco López do Corgo* (-†1574)
2. *Benito Fernández* (1574-†1622)[56]
3. Bastián López de Rivera (-1678). Permuta o beneficio de Santiago de Espasande no 1678 co seguinte.
4. *Pedro López de Neira* (1678-†1694). Era cura de Santiago de Espasande.
5. *Francisco Méndez de Navia* (1694-†1748). Era veciño de Santa María de Ludrio, diocese de Mondoñedo[57].
6. *Marcos Barrero Sotomayor* (1748-1769). Natural de Santa María de Rao, diocese de Oviedo. Pasa ó beneficio de San Salvador de Santiso, diocese de Oviedo.
7. *José Antonio Rodil y Cancio Montenegro* (1769). Era cura de Villa de Torre de Juan Abad, Ciudad Real. No mesmo ano 1769 pasa ó beneficio de San Lorenzo de Pousada.
8. *Joaquín Antonio Ferrón y Valladares* (1769-1773). Era cura ecónomo de San Xoán de Lázaro e Santa María de Arnego, no arcebispado de Santiago. No ano 1773 pasa ó beneficio de Santa María de Ordes, arcebispado de Compostela.
9. *Domingo Antonio Basallo Bermúdez* (1773-1777). Natural de San Martiño de Cances. No 1777 pasa ó beneficio de San Pedro de Barizo, no arcebispado compostelán.
10. *Tomás del Allo y Nóvoa* (1777-1785). Natural de San Martín de Carantoña. Pasa o beneficio de Santa María de Trobo, diocese daquela de Oviedo.
11. *Fernando Barreiro y Bolaño* (1785-1787)[58]. Pasa ó beneficio de Santa María de Ordes no ano 1787.

[54]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, San Pedro de Farnadeiros, legaxo 7.
[55]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, Laxosa -Manán, legaxo 1.
[56]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 1, Santa Catarina de Anseán, legaxo 1.
[57]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 1, Santa Catarina de Anseán, legaxo 2.
[58]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 1, Santa Catarina de Anseán, legaxo 3.

**12.** *Gregorio Vázquez* (1787-1790). Era tenente cura en San Xoán de Baión, diocese compostelá. No ano 1790 pasa a Santa María de Maroxo[59].

**13.** *Francisco Antonio de Parga* (1790-1794). Veciño no momento do nomeamento de San Salvador de Erbezedo, diocese de Santiago de Compostela[60]. No ano 1794 pasa a Santa María de Barizo, diocese de Santiago.

**14.** *Pedro Pinzas y Pérez* (1794-†1796). Veciño da vila de Baiona, bispado de Tui[61].

**15.** *Juan López de Prado* (1796-1818). Natural de San Cristovo de Martín. Era cura de Pereiramá[62]. No ano 1818 pasa ó beneficio de Santiso de Abres, Oviedo.

**16.** *Pedro López de Páramo* (1818-†1828). Natural de San Bartolomeu de Chamoso e vicario de San Vicenzo de Coeo[63].

**17.** *José Gayoso y Luaces* (1828-1847). Natural de Santa María de Luaces. Pasa a San Martiño de Caraño[64].

**18.** *José González Guitián* (1847-†1882). Natural de San Estevo de Rivas de Miño e vicario de A Pumarega[65].

**19.** *Manuel Rodríguez Losada* (1882-1889). Veciño de San Martiño de Torre[66]. Pasa a Santa Eufemia de Vilarmosteiro.

**20.** *Manuel Fernández y Fernández* (1889-1897). Natural de Santo André de Castro[67].

6.2.2. SANTIAGO DE LAXOSA E SAN COSME DE MANÁN DE ABAIXO

**1.** *Pedro de Autamaqui* (-†1590)[68]

**2.** *Pedro Díaz de Guitián* (1605)[69]

[59]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 1, Santa Catarina de Anseán, legaxo 4.
[60]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 1, Santa Catarina de Anseán, legaxo 5.
[61]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 1, Santa Catarina de Anseán, legaxo 6.
[62]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 1, Santa Catarina de Anseán, legaxo 7.
[63]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 1, Santa Catarina de Anseán, legaxo 8.
[64]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 1, Santa Catarina de Anseán, legaxo 9.
[65]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 1, Santa Catarina de Anseán, legaxo 10.
[66]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 1, Santa Catarina de Anseán, legaxo 11.
[67]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 1, Santa Catarina de Anseán, legaxo 12.
[68]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, Laxosa-Manán, legaxo 1.
[69]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, Laxosa-Manán, legaxo 1.

**3.** *Pedro Buelta de Teça* (1632)[70]

**4.** *Matías Buelta de Teça,* (-1658). Cambia o beneficio con Diego de Ojea. Pasa a San Fiz da Xesta e Botos.

**5.** *Diego de Ojea de Albán,* (1658-†1667). Era cura de San Fiz da Xesta e Botos.

**6.** *Alonso Santiso de Ulloa,* (1667-1704)[71]. Natural de Santa María de Oriz. Cambia o beneficio pola capelanía de San Antonio en Uriz no ano 1704.

**7.** *Alonso Pardo y Saavedra*, (1704-†1715). Era capelán da capelanía de San Antonio en Uriz[72].

**8.** *Juan de Lema y Andrade*, (1715-†1748). Era natural de Santa Eulalia de Brens, en Santiago de Compostela.

**9.** *Rafael de Lama,* (1748-1773). Natural de Monforte de Lemos.

**10.** *Rafael López de Lago,* (1773-1776)[73]. Pasa a San Tirso de Espinaredo en Santiago de Compostela.

**11.** *José Núñez Casanova,* (1776-†1777). Era natural de Lugo.

**12.** *Domingo Antonio García Cernuda*, (1777-†1788). Natural de Muides, Oviedo[74].

**13.** *Antonio Cedrón Valcarce*, (1788-†1812)[75]

**14.** *Francisco Díaz,* (1812-1821). Pasa ó beneficio de Rábade.

**15.** *Marcos López,* (1821-1830). Era cura de Santa María de Vilachambrán. No 1830 pasa ó beneficio de San Vicenzo de Paradela e San Mamede de Castro[76].

**16.** *Manuel Bernárdez,* (1830-1833). Natural de Santiago de Cornada, Ourense. Renuncia no ano 1833.

**17.** *Felipe Sánchez,* (1833-†1876)[77].

**18.** *Manuel Cela Lugilde* (1876-1897)[78].

[70]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, Laxosa-Manán, legaxo 2.
[71]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, Laxosa-Manán, legaxo 3.
[72]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, Laxosa-Manán, legaxo 4.
[73]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, Laxosa-Manán, legaxo 5.
[74]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, Laxosa-Manán, legaxo 6.
[75]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, Laxosa-Manán, legaxo 7-8.
[76]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, Laxosa-Manán, legaxo 9.
[77]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, Laxosa-Manán, legaxo 11.
[78]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, Laxosa-Manán, legaxo 13.

### 6.2.3 SAN FIZ DE PARADELA E SANTA MARIÑA DE CABREIROS

Presenta en San Fiz de Paradela os descendentes de María da Penela, muller de Domingo de Traseira, veciña de San Pedro de Santa Comba.

Os inicios dos pleitos beneficiales deste curato son un pouquiño escuros. Alí entran en xogo os beneficios de Santa María Madalena de Manán de Arriba e Santiago de Laxosa. Parece ser que houbo intentos de unión de Laxosa a San Fiz de Paradela. No ano 1633 únese o beneficio de San Fiz de Paradela e de Santa Mariña de Cabreiros.

1. *Francisco Díaz Pallares*, (-†1624).
2. *Pedro López* (1624-). Natural de San Fiz de Paradela[79].
3. *Juan López de Gaibor* (-1633). Renuncia a Paradela e Cabreiros[80].
4. *Antonio González de Penela*, (†1634)[81]. Era cura de San Fiz e Santa Mariña de Cabreiros.
5. *Pedro Díaz Buelta de Teça,* (1634-1669). Por permuta co Díaz Pallares pasa á vicaría de Santa María Madalena de Manán de Arriba.
6. *Juan Díaz Pallares,* (1669 -). É cura de Santa María Madalena de Manán de Arriba e pasa a San Fiz de Paradela.
7. Pedro López (-†1761)
8. *Luis Antonio Méndez de Castro,* (1761-) Era cura de Santalla de Bardaos.
9. *Agustín Salgado,* (-1784). Provén de Santalla do Alto e Castrillón. Pasa ó beneficio de San Pedro de Maside.
10. *Francisco de Prado y Calbelo,* (1784-†1811). Era cura de San Vicenzo de Rábade[82].
11. *Bartolomé Díaz,* (-1829). Pasa ó beneficio de Santa María de Gondrame.
12. *Antonio Gandoy,* (1829-†1855). Natural de San Pedro de Santa Comba e vicario de San Xoán de Pena[83].
13. *Ramón López Losada,* (1855-†1867), natural de San Cosme de Fiolleda.
14. *Laureano Guitián y Rubinos,* (1867-1874). Natural de Portomarín[84]. No ano 1874 pasa a San Salvador de Nocedo del Valle.
15. *Manuel López Vázquez,* (1874-†1889). Era párroco de Augasantas.
16. *Antonio Fernández Vila*, (1889-). Era coadxutor de Furís.



Detalles do retablo maior de Santa Mariña de Cabreiros no que se amosa a inscripción do nome do cura; Ramón López Losada.

### 6.3.1 SANTA CATARINA DE ANSEÁN E SAN COSME DE MANÁN

1. *Juan Bautista Vázquez González* (1897-1906)
2. *Antonio Varela Rodríguez* (1906-)[85]
3. *Manuel Gómez Cela* (-†1934)[86].

### 6.3.2 SANTIAGO DE LAXOSA E SANTA MARIÑA DE CABREIROS

1. *Manuel Moure Bande,* (1897-) . Era o cura de Santa Mariña de Cabreiros[87].
2. *Serafín Marcos Rodríguez,* (-†1923).
3. *Bautista Sanfiz Saa*, (1923-)[88].

[79]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, San Fiz de Paradela - Cabreiros, leg. 1.
[80]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Laxosa-Manán, legaxo 2.
[81]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, San Fiz de Paradela - Cabreiros, leg. 2.
[82]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, San Fiz de Paradela - Cabreiros, leg. 4.
[83]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, San Fiz de Paradela - Cabreiros, leg. 6.
[84]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, San Fiz de Paradela - Cabreiros, leg. 8.
[85]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 1, Santa Catarina de Anseán, leg. 13.
[86]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 1, Santa Catarina de Anseán, leg. 14.
[87]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, Laxosa-Manán, legaxo 13.
[88]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, Laxosa-Manán, legaxo 14.




Lápida sepulcral de Serafín Marcos Rodríguez en Laxosa falecido no 1923.




Placa a Bautista Sanfiz Sáa no altar maior de Laxosa nomeado no ano 1923.

### 6.3.3 SAN PEDRO FIZ DE PARADELA CON SANTA MARÍA MADALENA DE MANÁN DE ARRIBA

1. *Antonio Vázquez Villares* (-†1906).
2. *Bautista Vázquez González,* (1906-). Natural de San Pedro de Santa Comba[89].

[89]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, San Fiz de Paradela - Cabreiros, leg. 10.

### 7 SAN PEDRO DE SANTO ANDRÉ DE CHAMOSO

1. Nóvoa, Juan de (1605-)[90]
2. *Gregorio Díaz Teijeiro* (†1670)
3. *Álvaro Losada* (1670-)
4. *Pedro Álvarez de Villares* (1691-†1703). Era cura de San Pedro de Santa Cruz.
5. *Álvaro de Bolaño* (†1691)[91]
6. *Antonio Valcarce* (1703-1757). Natural de Vilouzán[92].
7. *Pedro López Valcárcel y González,* (1757-1787). Sobriño do anterior. O seu tío cédelle este beneficio[93].
8. *Ramón de Navia y Seijas,* (1787-1794), natural de San Pedro de Asperela[94] No ano 1794 pasa ó beneficio de Santa María de Abeleda, Ourense.
9. *Gaspar Antonio González Caro*, (1794-1797), natural de Padrón, arcebispado de Santiago[95]. No ano 1797 pasa ó beneficio de Santa María de Abeleda, Ourense[96].
10. *Bernardo Gregorio Carballeda*, (1797-1807). Era cura antes de San Martín de Fonteceda, arcebispado de Santiago. No ano 1807 pasa a Louvizán, arcebispado de Santiago.
11. *Ramón Rivera,* (1807-1815). Era cura de San Salvador de Seiro, Ourense. No ano 1815 pasa a San Cristovo de Corzón, Ourense[97].
12. *Juan de la Peña*, (1815-1831. Residía en Santiago de Compostela no momento do nomeamento[98]. No ano 1831 pasa a San Pedro de Outes, arcebispado de Santiago.
13. *Juan Domingo Fernández*, (1831-1845). Era natural de San Vicenzo de Betote e pasa no 1845 ó beneficio de San Xoán de Baión, arcebispado de Santiago[99].

[90]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, Laxosa-Manán, legaxo 1.
[91]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 2, Santo André de Chamoso, legaxo 1.
[92]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 2, Santo André de Chamoso, legaxo 2.
[93]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 2, Santo André de Chamoso, legaxo 3.
[94]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 2, Santo André de Chamoso, legaxo 4.
[95]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 2, Santo André de Chamoso, legaxo 5.
[96]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 2, Santo André de Chamoso, legaxo 6.
[97]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 2, Santo André de Chamoso, legaxo 7.
[98]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 2, Santo André de Chamoso, legaxo 8.
[99]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 2, Santo André de Chamoso, legaxo 9.

**14.** *Ramón Moldes*, (1845-1851). No ano 1851 pasa a San Xoán de Baión, arcebispado de Santiago[100].
**15.** *Pedro Sarmiento y Seijas,* (1851-†1853). Era teólogo da Universidade de Santiago e morre no ano 1853[101].
**16.** *Manuel Pérez Pumares,* (1853-†1887). Era natural de Vilaúxe, Chantada. Falece no ano 1887[102].
**17.** *Domingo Antonio Cela Lugilde,* (1887-1948)[103].
**18.** *Luis Fraga Cabado,* (1948-). Natural de Santa Eulalia de Lousada. Debía de estar xa na parroquia como ecónomo.

## 8 MAREI - CORGO - FRANQUEÁN - GOMEÁN - VILARELLO

| |
|---|
| **8.1. 1574** |
| 8.1.1 Santa María de Marei e San Xoán de O Corgo |
| 8.1.2 Santa María de Franqueán |
| **8.2. 1619-1890** |
| 8.2.1 Santa María de Marei e Santiago de Gomeán |
| 8.2.2 San Salvador de Toirán, Santa María de Franqueán e San Pedro de Vilarello |
| **8.3. 1890** |
| 8.3.1 Santa María de Franqueán e Santiago de Gomeán |
| 8.3.2 Santa María de Marei |

### 8.1.1 SANTA MARÍA DE MAREI E SAN XOÁN DO CORGO

No ano 1574 hai un intento de unión dos beneficios de Santa María de Marei e San Xoán do Corgo. Falece o cura de Marei, Francisco López de Corgo e o cura do Corgo, Domingo Besteiro propón a unión daquel beneficio[104].

[100]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 2, Santo André de Chamoso, legaxo 11.
[101]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 2, Santo André de Chamoso, legaxo 12.
[102]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 2, Santo André de Chamoso, legaxo 13.
[103]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 2, Santo André de Chamoso, legaxo 14.
[104]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Marei e Gomeán, legaxo 1.

### 8.1.2 SANTA MARÍA DE FRANQUEÁN

Presentan neste beneficio Bartolomé López, clérigo, Francisco de Outeiro e Vertolo, María Núñez e Pedro López de Franqueán. En definitiva son os descendentes de Pedro López da Torre os que tiñan o dereito de presentación, pero só era ¼ do dereito. No ano 1585 intentase unir Castrillón a Franqueán[105].

1. *Pedro Ares de Riomol* (-1570)
2. *Juan de Farnadeiros* (1570-1595)[106]

### 8.2.1 SANTA MARÍA DE MAREI E SANTIAGO DE GOMEÁN

Aparecen unidos un ao outro no ano 1619.
1. *Bartolomé Sánchez de Trebolle*, (†1619)[107].
2. *Antonio Sarmiento* (1619-)
3. *Matías de Quiroga y Armesto*, (-†1653).
4. *Antonio Teijeiro* (1653-1692). Era cura de Santiago de Prógalo. No ano 1692 renuncia a favor de Luis Teijeiro.
5. *Luis Teijeiro y Lamas* (1692-1715). Era capelán da capelanía de San Lourenzo en Quintá de Cancelada[108].
6. Alonso de Páramo y Neira, (1715-1760). Era preceptor de Gramática no Colexio Seminario San Lorenzo de Lugo. No ano 1760 cambia o beneficio pola capelanía de San Ildefonso en Santa María de Pacios con Vicenzo de Páramo.
7. *Vicente Páramo y Neira,* (1760-†1763). Capelán da capelanía de San Ildefonso en Santa María de Pacios[109].
8. *Antonio Núñez de Fontela,* (1763-)[110]
9. *Lorenzo Fernández Senra,* (-1789)
10. *José Portela*, (1789-1793). Pasa ó beneficio de San Xurxo de Piquín[111].
11. *Juan Jul y Prado*, (-†1820)[112].
12. *Pedro García Cabana* (-1849). Pasa ó beneficio de Santiago de Saa.
13. *Alejandro Gómez* (1849-1897)[113].

[105] AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 4, Santiago de Fonteita, legaxo 1.
[106]AHDLu, P, B, Picato, Mazo 5, Toirán-Franqueán-Vilarello, legaxo 1.
[107]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Marei e Gomeán, legaxo 2.
[108]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Marei e Gomeán, legaxo 3.
[109]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Marei e Gomeán, legaxo 5.
[110]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Marei e Gomeán, legaxo 6.
[111]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Marei e Gomeán, legaxo 7.
[112]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Marei e Gomeán, legaxo 8.
[113]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Marei e Gomeán, legaxo 9.

### 8.2.2 SAN SALVADOR DE TOIRÁN, SANTA MARÍA DE FRANQUEÁN E SAN PEDRO DE VILARELLO

No ano 1595 prodúcese a unión dos dous beneficios de Toirán e Franqueán con San Pedro de Vilarello. Nese ano 1595 deixa ó beneficio de Franqueán, Juan de Farnadeiros. Francisco Vázquez, cura de Toirán e Vilarello[114], aduce como motivo para a unión de Toirán e Vilarello, que non chegaban para sustento con dignidade dun cura. Tamén o cura de Castrillón, Juan López, pide que se una Franqueán ó seu beneficio. Antes do 1595 producirase a unión de Vilarello e Toirán, sendo cura Francisco Vázquez. Aprovéitase que queda unha delas libre e non sabemos cal por morte de Pedro Chantres.

1. *Francisco Vázquez de Sampaio* (1595-1611)[115]
2. *Marcos López* (1611-†1628)[116]
3. *Pedro de Losada y Ulloa* (-†1672)
4. *Pedro Díaz Bolaño* (1672-†1702). Natural de San Xoán de A Lastra[117].
5. *Juan Díaz Sandiás* (1702-1718). Natural de Ourense. Pasa no 1718 a Santa María de Parada.
6. *Manuel Montes Noguerol* (1718-). Natural de San Martiño de Villambrán[118].
7. *Jacinto López* (-†1742)
8. *Francisco Antonio Losada* (1742-1775)[119].
9. *Tomás Ramón García* (1775-). Residía no momento do nomeamento en San Pedro de Láncara[120].
10. *Fermín Fernández Estrada* (-†1832).
11. *Juan Antonio Lema* (1832-). Natural de Carcacía, arcebispado de Santiago[121].
12. Ramón García de la Vega (-†1845)
13. Juan Pombo de la Torre (1845-1869)[122]
14. José María Rubinos y Santiso (1869-1915). Natural de Santa María de Vilaleo[123].
15. José Vázquez Castro (1915-). Era cura de Santa María de Rubián e ecónomo de Santiago de Reboredo[124].

[114]Era de presentación dos descendentes de Gonzalo Fernández do Curral, El Viejo.
[115]AHDLu, P, B, Picato, Mazo 5, Toirán-Franqueán-Vilarello, legaxo 2.
[116]AHDLu, P, B, Picato, Mazo 5, Toirán-Franqueán-Vilarello, legaxo 3.
[117]AHDLu, P, B, Picato, Mazo 5, Toirán-Franqueán-Vilarello, legaxo 4.
[118]AHDLu, P, B, Picato, Mazo 5, Toirán-Franqueán-Vilarello, legaxo 6.
[119]AHDLu, P, B, Picato, Mazo 5, Toirán-Franqueán-Vilarello, legaxo 7.
[120]AHDLu, P, B, Picato, Mazo 5, Toirán-Franqueán-Vilarello, legaxo 8.
[121]AHDLu, P, B, Picato, Mazo 5, Toirán-Franqueán-Vilarello, legaxo 9.
[122]AHDLu, P, B, Picato, Mazo 5, Toirán-Franqueán-Vilarello, legaxo 10.
[123]AHDLu, P, B, Picato, Mazo 5, Toirán-Franqueán-Vilarello, legaxo 11.

### 8.3.1 SANTA MARÍA DE FRANQUEÁN E GOMEÁN

Co arreglo parroquial únese Gomeán a Franqueán e sepárase aquel de Marei.

1. *José López Santiso de la Fuente* (-†1917)
2. *Francisco Díaz Castroverde* (1917-). Natural de San Xoán de O Corgo. Era cura ecónomo de Santa María de Franqueán[125].

### 8.3.2 SANTIAGO DE MAREI

No ano 1897 co arranxo parroquial créase este curato.

1. *Manuel Prado Pacios* (1897-)[126]

## 9 SANTALLA DO ALTO-CASTRILLÓN-FONTEITA

| |
|---|
| **-1592** |
| 9.1.1 San Salvador de Castrillón |
| 9.1.2 Santiago, San Vicenzo e San Bartolomeu de Fonteita con San Salvador de Castrillón |
| **1592-1890** |
| 9.2.1 Santalla do Alto e San Salvador de Castrillón |
| 9.2.2 Santiago de Fonteita |
| **1890** |
| Desaparece Castrillón como parroquia |

### 9.1.1 SAN SALVADOR DE CASTRILLÓN

No ano 1597 queda vaco porque Juan López deixa o beneficio. Neste ano prodúcese a unión con Fonteita.

1. *Juan López* (-1597)

[124]AHDLu, P, B, Picato, Mazo 5, Toirán-Franqueán-Vilarello, legaxo 12.
[125]AHDLu, P, B, Picato, Mazo 5, Toirán-Franqueán-Vilarello, legaxo 13.
[126]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Marei e Gomeán, legaxo 10.

9.1.2 SANTIAGO DE FONTEITA E SAN VICENZO E SAN BARTOLOMEU DE FONTEITA. SAN SALVADOR DE CASTRILLÓN

No 1606 presenta Juan de la Riguera y Quiroga, señor dos cotos de Cellán e Fonteita, noutro lugar coto e torre de Fonteita. Por Castrillón presentan nunha tercia parte os descendentes de Alonso da Fouce.

1. *Álvaro da Riveira* (-†1585)
2. *Mateo de Neira* (1585-1592)

9.2.1. SANTALLA DO ALTO E SAN SALVADOR DE CASTRILLÓN

O 12 de setembro de 1616 Francisco Valcárce, cura de Santalla do Alto, quere que se lle una o beneficio de Castrillón. Este era de presentación do Conde de Lemos, Pedro Fernández de Castro. En cambio Castrillón era de presentación dos apelidados Pensos e do rexedor Ribera e os froitos da parroquia eran percibidos entre Diego de Yebra Pimentel e o cura da parroquia. Explícase neste legaxo que entre Santalla do Alto e Castrillón estaba a parroquia de Gomeán. Ademais diso, Castrillón e Santalla do Alto estaba separada por dous ríos: un deles cruzado por unha ponte de pedra boa, e o río máis pequeno é atravesado por unha ponte de madeira. Os ríos son chamados Tordiela e Gomeán[127].

1. *Francisco Valcarce* (1616)
2. *Jorge de Balboa* (†1661)
3. *Marcos Antonio das Seijas* (1661-†1710)[128]
4. *Tomás de Losada e Quiroga* (1710-1711)
5. *Benito Escudero y Herazo* (1711-1716). Pasa ó beneficio de San Xoán de Arroxo.
6. *Pedro Cedrón e Ulloa* (1716-1737). Pasa ó beneficio de San Xoán de Cela[129].
7. *José Rivera y Quiroga* (-1737). Ascende a San Xoán de Arroxo.
8. *Agustín Gregorio de Castro* (1737-1740). Pasa ó beneficio de Corbelle.
9. *Francisco Pérez Osorio* (1740-1744). Era colector da igrexa parroquial de San Salvador de Madrid. No ano 1744 pasa a Santa María de Rioseco, bispado de Ourense[130].
10. *Antonio de Rivera* (1744-1746). Pasa ó beneficio de Santa María de Rioseco, bispado de Ourense.
11. *José Antonio González de Rivera* (1746-1749). Antes era cura de San Miguel do Monte e no 1749 pasa a ser cura de Santiago de Pousada.
12. *Francisco Antonio Pereira* (1749-1753). Residía en Madrid e no ano 1753 pasa ó beneficio de San Cosme de … e San Xiao de Serantes.
13. *José Nieto* (1753-1757). Residente en Monforte no momento do seu nomeamento[131]. No ano 1757 pasa a San Vicenzo de Rábade.
14. *Francisco Pérez* (1757-1763), natural de Lexo, Baralla. No ano 1763 pasa a San Xoán e Santa Eulalia de Bardaos.
15. *Domingo Fernández Sieiro* (1763-1767), natural de Poboeiros -Castro Caldelas- e nacido en San Vicenzo de Paradela, Ourense. No ano 1767 pasa a ser cura de San Xoán de Lubre, Santiago de Compostela.
16. *Agustín Salgado* (1767-1773). Natural da xurisdición de Castro Caldelas. Pasa no 1773 a San Fiz de Paradela.
17. *José Martín de Arrojo* (1773-†1803). Natural de Cruzul, Becerreá[132].
18. *Julián Martínez Asensio* (1803-1812). Natural da vila de Valtanes, Palencia. Era bacharel en cánones pola universidade de Valladolid. No ano 1812 pasa a Santillana de Campos, en Castela[133].
19. *Andrés García Villasante* (-1835). Pasa ó beneficio de San Paio de Abades.
20. *Ramón Fernández Barbeito* (1835-1848). Era catedrático de maiores en Pontedeume. No ano 1848 pasa a San Pedro de Rivas Altas[134].
21. *Juan Ferreiro* (1848-). Natural de San Salvador de Castrillón[135].

[127] AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Alto-Castrillón, legaxo 3.
[128] AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Alto-Castrillón, legaxo 4.
[129] AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Alto-Castrillón, legaxo 7.

[130] AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Alto-Castrillón, legaxo 5.
[131] AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Alto-Castrillón, legaxo 8.
[132] AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Alto-Castrillón, legaxo 9.
[133] AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Alto-Castrillón, legaxo 10.
[134] AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Alto-Castrillón, legaxo 12-13.
[135] AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Alto-Castrillón, legaxo 13.

9.2.2 SANTIAGO DE FONTEITA

1. *Diego de Quiroga* (1592-1606) Pasa ó beneficio de San Salvador de Toral de Mera, bispado de Astorga.
2. *Diego Álvarez de Castroverde* (1606-). Fillo de Juan López do Campo e María Fernández de Maside
3. *Juan de Castro* (-†1616)
4. *Pedro Álvarez de Cedrón* (1616-†1620)
5. *Diego de Escobar* (1620-1624). No ano 1624 deixa o beneficio por non poder residir nel e estar ó servicio de Melchor de Moscoso, bispo de Segovia).
6. *Pedro Fernández* (1624-†1652)
7. *Juan de Rigueira y Quiroga* (-1679). Pasa ó beneficio de Santa María da Pumarega.
8. *Pedro Fernández del Río* (1679-†1693)[136]
9. *Juan de la Riguera y Quiroga* (1694-)
10. *Sebastián Díaz de Neira* (-†1731)
11. *Bernardo de la Riguera y Quiroga* (1731-†1781) [137]
12. *Juan de la Reguera* (1781-†1828). Natural do lugar de Balgos, San Martiño da Riveira.
13. *Manuel de Soto* (1828-†1859)[138]. Era veciño do couto de Cellán, Castroverde.
14. *Manuel Castro Paz* (1859-†1902). Veciño de Lugo[139].
15. *Serafín Roldán Doval* (1902-) Cura de San José de Vilar, en Quiroga[140].

## 10 SANTA MARÍA MADALENA DE MANÁN DE ARRIBA

Era vicaría perpetua da Colexiata de Portomarín.

1. *Andrés Díaz de Quiroga* (-1669)
2. *Juan Díaz Pallares* (1669-1669)
3. *Pedro Díaz Buelta de Teça* (1669-)[141]
4. *Manuel López de Neira* (-1813). Pasa ó beneficio de Santo Estevo de Farnadeiros[142].

[136]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 4, Santiago de Fonteita, legaxo 1.
[137]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 4, Santiago de Fonteita, legaxo 5.
[138]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 4, Santiago de Fonteita, legaxo 6.
[139]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 4, Santiago de Fonteita, legaxo 7.
[140]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 4, Santiago de Fonteita, legaxo 8.
[141]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Paradela-Cabreiros, legaxo 2.
[142]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, SMMde Manán de Arriba, legaxo 9.

## 11 SAN MIGUEL DE LAPÍO E SANTA MARÍA MADALENA DE SABAREI

1. *Domingo Capón* (-†1606)[143]
2. *Blas García de Quiroga* (-†1613)[144]
3. *Antonio Sarmiento* (-1620). Clérigo da diocese de Mondoñedo. Pasa a Marei como cura.
4. *Alonso de Ribeira* (1620-)[145]
5. *Juan Alonso de Millares* (-†1706)
6. *Domingo López Chantre* (1706-†1734). Era vicario da vicaría de San Xoán de Pena e San Vicenzo de Coeo
7. *Francisco Fernández Valladares* (1734-1776)[146].
8. *Bernardo Antonio de Sande* (1776-1811)[147]
9. *Esteban Osorio* (1811-†1823)[148]
10. *Bernabé Antonio Vázquez* (1823-1826). Pasa ó beneficio de Santiago de Casardeita, bispado de Ourense[149].
11. *Antonio Fernández de Saavedra* (-†1863)[150]
12. *Ángel María Varela* (1863-1893). Nomeado pola raíña Isabel II. Pasa ó de San Martiño de Suarna no 1893.
13. *Antonio Rodríguez Álvarez* (1893-). Era cura de San Vicenzo de Gondrame[151].

## 12 SAN BARTOLOMEU DE CHAMOSO-ARXEMIL-PEDRAFITA

| |
|---|
| **-1616** |
| 12.1.1 San Pedro de Santa Comba e San Bartolomeu de Chamoso |
| 12.1.2 San Pedro de Arxemil, San Miguel de Pedrafita, San Martiño de Perliños |
| **1616-** |
| 12.2.1 San Pedro de Arxemil, San Miguel de Pedrafita, San Martiño de Perliños e San Bartolomeu de Chamoso |
| 12.2.2. San Pedro de Santa Comba, Santa María de Bóveda e San Lorenzo de Recimil[152] |

[143]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Lapío-Sabarei, legaxo 1.
[144]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Lapío-Sabarei, legaxo 4.
[145]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Lapío-Sabarei, legaxo 2.
[146]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Lapío-Sabarei, legaxo 3; leg. 4.
[147]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Lapío-Sabarei, legaxo 5.
[148]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Lapío-Sabarei, legaxo 6.
[149]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Lapío-Sabarei, legaxo 7.
[150]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Lapío-Sabarei, legaxo 8.
[151]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Lapío-Sabarei, legaxo 9.
[152]Este curato non o tratamos aquí por non pertencer ó concello actual de O Corgo.

12.1.1 SAN PEDRO DE SANTACOMBA E SAN BARTOLOMEU DE CHAMOSO

No ano 1616 ó vacar o beneficio de San Pedro de Santa Comba unido a San Bartolomé de Chamoso por morte de Domingo González, opúxose Pedro Sánchez, cura de San Pedro de Arxemil pedindo a unión de San Bartolomeu a Arxemil. Neste acto o bispo Alonso López Gallo fai a seguinte desmembración: Anexa a San Pedro de Santa Comba, Santa María de Bóveda e San Lorenzo de Recimil e San Bartolomé de Chamoso a San Pedro de Arxemil.

**1.** *Domingo González* (-†1616)

12.2.1 SAN PEDRO DE ARXEMIL, SAN MIGUEL DE PEDRAFITA, SAN MARTIÑO DE PERLIÑOS, SAN BARTOLOMEU DE CHAMOSO

Son de presentación de Diego de Neira e Balboa, señor do vínculo e morgado de Arxemil e Pedrafita.

**1.** *Pedro Sánchez* (-†1654)
**2.** *Antonio de Castro* (1654-†1655)
**3.** *Luis Teijeiro Montenegro*(1707-†1759)
**4.** *Fernando Capón* (1759-†1777)[153]
**5.** *Pedro Álvarez Cedrón* (1777-1798)[154]
**6.** *Pedro Fernández Valiño* (-†1829)[155]
**7.** *Domingo Veiga y Valcarce* (1829-1834). Natural de Santa María de Trascastro. No 1834 pasa ó de Santiago de Felmil, diocese de Mondoñedo[156].
**8.** *José González del Corral* (1834-†1863). Veciño de Santalla de Trascastro[157].
**9.** *Domingo Piñeiro* (1863-†1880) Natural de San Mamede dos Anxos e párroco antes de Santiago de Nespereira[158].
**10.** Severiano López Díaz (1880-†1905). Oriundo de San Miguel de Pedrafita[159].
**11.** *Froilán Jesús Pérez Gómez* (1905-)[160]

[153]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 2, Arxemil-Pedrafita-Perliños- SBChamoso, leg. 2.
[154]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 2, Arxemil-Pedrafita-Perliños- SBChamoso, leg. 1.
[155]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 2, Arxemil-Pedrafita-Perliños- SBChamoso, leg. 3.
[156]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 2, Arxemil-Pedrafita-Perliños- SBChamoso, leg. 4.
[157]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 2, Arxemil-Pedrafita-Perliños- SBChamoso, leg. 5.
[158]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 2, Arxemil-Pedrafita-Perliños- SBChamoso, leg. 6.
[159]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 2, Arxemil-Pedrafita-Perliños- SBChamoso, leg. 7.
[160]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 2, Arxemil-Pedrafita-Perliños- SBChamoso, leg. 8.

## 13 SAN XIAO DE VILACHÁ DE CHAMOSO-ADAI-PIÑEIRO

13.1.1 SAN XILLAO DE VILACHÁ, VICARÍA DE SAN VICENZO DE COEO E SAN XOÁN DE

| |
|---|
| **1599** |
| 10.1.1 San Xiao de Vilachá, vicarías de San Vicenzo de Coeo e San Xoán de Pena |
| 10.1.2 San Mamede dos Anxos, Santo André de Castro e San Xillao de Vilachá |
| **-1615** |
| 10.2.1 Santiago de Adai |
| 10.2.2 San Xiao de Vilachá e Santa María de Piñeiro |
| **1615-** |
| 10.3.1 Santiago de Adai e Santa María de Piñeiro |

PENA

No ano 1599 únese a vicaría de San Vicenzo de Coeo e San Xoán de Pena, dependentes da mesa capitular a Vilachá de Chamoso e Santa María de Piñeiro.

**1.** Bartolomé Fernández (1599-)
**2.** *Sebastián Pérez* (-1653)
**3.** *Pedro Díaz Saavedra* (1653-)[161]

13.1.2 SAN MAMEDE DOS ANXOS, SANTO ANDRÉ DE CASTRO E SAN XIAO DE VILACHÁ.

Presenta nestes beneficios o Cabido da Catedral de Lugo por San Mamede dos Anxos; o señor de Sangüñedo e Lamas de Moreira por Santo André de Castro; e o bispo de Lugo por San Xiao de Vilachá.

No ano 1694 preténdese a unión de San Xillao de Vilachá de Chamoso ó de San Mamede dos Anxos e Santo André de Castro. As razóns que se aducen é que quedou vaco o beneficio e ningún se presentou: "por no tener congrua sustentación para cura que por si pudiese servir y administrar dicho beneficio por llevar la mayor parte de las

[161] AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 1, Santiago de Adai, legaxo 3.

rentas del colexio Seminario desta ciudad para sustentación de sus colexiales”. Quen solicita é Juan Arias de Santalla, cura de San Mamede dos Anxos. No ano 1784 os veciños de Vilachá protestan e piden que unan a parroquia a Bascuas. A solución proposta foi poñer un coadxutor para Vilachá.

No arranxo parroquial do ano 1890 disgregase Vilachá de San Mamede dos Anxos.

1. *Froilán Varela* (-1694). Pasa ó beneficio de San Salvador de Francos.
2. *Juan Arias de Santalla* (1694-) É o cura mediante o que se une San Mamede dos Anxos a San Xillao de Vilachá[162].
3. *Pedro Díaz Guitián* (-†1742).
4. Diego Arias de Neira (1742-†1784). Veciño de Lugo[163].
5. *José Fernández Murias* (1784-1795)[164]
6. *Juan de Porras* (1795-1811) Natural de Murias de Paredes, bispado de Oviedo. Nacera no ano 1773 en Lazado, vicaría de San Millán, parroquia de San Andrés de Senra, arciprestado de Omaña, Oviedo. Era fillo de Francisca González, nai solteira, natural de Villa Armeniol, bispado de Astorga. O seu padriño foi o presbítero Domingo Antonio Álvarez[165]. No ano 1810 toma posesión dunha canonxía na Catedral de Lugo.
7. *Ramón Teijeiro y Mosquera* (1811-†1820) Natural de Santa María de Nogueira[166].
8. *José Herbón* (1820-†1858) Natural de Santa María de Son, bispado de Oviedo[167].
9. *Andrés Gandoy* (1858-†1891).Natural de San Pedro de Santa Comba, Lugo[168].

[162]AHDLu, P, B, Cotos da Izquierda, Mazo 1, Anxos-SACastro-Vilachá, legaxo 1.
[163]AHDLu, P, B, Cotos da Izquierda, Mazo 1, Anxos-SACastro-Vilachá, legaxo 2.
[164]AHDLu, P, B, Cotos da Izquierda, Mazo 1, Anxos-SACastro-Vilachá, legaxo 3.
[165]AHDLu, P, B, Cotos da Izquierda, Mazo 1, Anxos-SACastro-Vilachá, legaxo 4.
[166]AHDLu, P, B, Cotos da Izquierda, Mazo 1, Anxos-SACastro-Vilachá, legaxo 5.
[167]AHDLu, P, B, Cotos da Izquierda, Mazo 1, Anxos-SACastro-Vilachá, legaxo 6.
[168]AHDLu, P, B, Cotos da Izquierda, Mazo 1, Anxos-SACastro-Vilachá, legaxo 7.

### 13.2.1 SANTIAGO DE ADAI

1. *Sebastián Pérez.* Parece ser que este cura foi o que foi entrometéndose en Piñeiro e acabou levando el o beneficio.
2. *Alonso de Armesto*
3. *Antonio Fernández de Moure* (-1615). Pasa en 1615 a San Xoán de Muro.
4. *Diego de Armesto* (1615-†1643). Era veciño de San Martiño de Perliños e fillo de Domingo de Armesto e de María López de Adai[169].

### 13.2.2 SAN XIAO DE VILACHÁ E SANTA MARÍA DE PIÑEIRO

1. *Juan de Lamas*
2. *Bartolomé Fernández da Viña*
3. *Sebastián Pérez*
4. *Pedro Saavedra y Lamas*

### 13.3.1 SANTIAGO DE ADAI E SANTA MARÍA DE PIÑEIRO

Parece que durante o “pontificado” de Diego de Armesto prodúcese a unión.

1. *Domingo Vázquez* (1643-1649). Pasa ó beneficio de San Xoán e Santa Eulalia de Bardaos.
2. *Domingo Rodríguez Carcacía* (1649-1650). Era veciño de San Vicenzo de Pombeiro. Pasa ó de Santa María de Sarria.
3. *Diego de Losada* (1650-1656). Era veciño de Santa María da Pobra de Trives. Pasa a un curato da diocese de Astorga chamado San Miguel de Nabea[170].
4. *Antonio López de Neira o Baca de Neira* (1656-+1685)
5. *Antonio Sánchez das Seijas* (1685-1693)[171] No ano 1693 pasa ó beneficio de Santa María de Doroña e San Pedro de Grandal no arcebispado de Santiago de Compostela.
6. *Domingo Gómez Cancelada* (1693-†1717)[172].
7. *Bartolomé Sánchez de Castro* (1717-†1767). Residía en Madrid no momento de ser nomeado.

[169]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 1, Santiago de Adai, legaxo 1.
[170]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 1, Santiago de Adai, legaxo 2.
[171]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 1, Santiago de Adai, legaxo 4.
[172]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 1, Santiago de Adai, legaxo 5.

8. *Miguel Cayetano* Romero (1767-1771) Era veciño de Santa Mariña de Cabreiros, diocese de Mondoñedo. Pasa no 1771 ó de San Fiz de Re imonde.
9. *Nicolás de la Vega y Armesto* (1771-1773). Era veciño de San Pedro de Maside. Pasa no 1773 ó de Santalla de Rebordaos.
10. *Pedro Antonio Pardo de Vales* (1773-1776). Natural da vila de Pontedeume. Pasa ó curato de San Xoán de Lubre, Bergondo.
11. *Juan Polín* (1776-†1790). Natural de Santa María de Piñeiro[174].
12. *Francisco Antonio Rivera* (1790-1805). Era párroco de San Paio de Fitoiro, diocese de Ourense[175]. No ano 1805 pasa a San Xillao da Pobra.
13. *Juan García Rodríguez* (1805-1808). Era natural de Pradilla, diocese de Astorga[176].
14. *Froilán Rodríguez Mosquera* (1808-). Natural de San Paio de Abeleda, diocese de Ourense. Era veciño do lugar e casa do Sabugueiro, Santa Tecla de Abeleda[177]. No ano 1825 pasa ó beneficio de Santalla de Licín e San Xoán de Vilatán.
15. *Jorge Antonio Fernández de la Osa* (1825-1829). Natural da vila de Aracena, diocese de Sevilla[178]. No ano 1829 pasa ó curato de San Xiao de Insua.
16. *José Díaz Rivera* (1829-†1869). Párroco de Santa María de Pesqueiras[179].
17. *Antonio Ferreiro Torre*(1869-†1912). Párroco de Santa María de Ouselle[180].
18. *José Arias González* (1912-†1930)[181]. Natural de San Pedro de Romeán.
19. *Antonio Díaz Fernández* (1930-). Era párroco de Ferreiros de Balboa[182].

[174]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 1, Santiago de Adai, legaxo 7.
[175]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 1, Santiago de Adai, legaxo 8.
[176]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 1, Santiago de Adai, legaxo 9.
[177]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 1, Santiago de Adai, legaxo 10.
[178]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 1, Santiago de Adai, legaxo 11.
[179]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 1, Santiago de Adai, legaxo 12.
[180]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 1, Santiago de Adai, legaxo 13.
[181]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 1, Santiago de Adai, legaxo 14.
[182]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 1, Santiago de Adai, legaxo 15.

## 14 SAN XOÁN DE SEGOVIA

### 11.1 SAN PEDRO DE ROMEÁN, SAN XOÁN DE SEGOVIA E SANTO ESTEVO DE PADERNE

1. *Bartolomé López de Rioseco* (1583)[183]
2. *Francisco Estévez* (-1661). Natural de San Xurxo de Sacos, bispado de Santiago de Compostela. Por motivos de saúde cambia co seguinte o beneficio pasando a ser cura e racioneiro da catedral de Santiago de Compostela.
3. *Francisco do Val y Moure* (1661-†1666). Era racioneiro de Sancti Spiritus da cidade de Santiago. Cambia este beneficio co anterior[184].
4. *Domingo Sánchez Ulloa* (-†1695)
5. *José de Soto* (1695-†1722)
6. *Benito Touzón* (1722-1726). Era cura de San Xoán de Fonfría. No ano 1726 pasa ó de San Xurxo de Piquín.
7. *Andrés de Estua y Mosquera* (1726-). Veciño de Lugo.
8. *Pedro Pérez de Neira* (-1741). Renuncia a favor de Juan Díaz Castroverde.
9. *Juan Díaz Castroverde* (1741-†1744)
10. *Juan de Montes y la Cuesta* (1744-†1762)[187]
11. *Bartolomé García* (1762-1791). Pasa ó beneficio de Santa Eulalia de Pedrafita e San Xoán de Veiga[188].
12. *Pedro Gil Gutiérrez* (1791-1796). Pasa a ser cura de Santa María de Carballedo e San Mamede de Losada[189].
13. *Bernardo Álvarez Losada* (1796-1807). Pasa ó de San Martiño da Torre e San Pedro de Santa Comba[190].
14. *Manuel González Quindós* (1807-1813). Pasa ó beneficio de Santa María de Vilavella[191].

[183]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 7, Santa Mariña de Queizán. Simple, legaxo 1.
[184]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 6, Romeán-Segovia-Paderne, legaxo 1.
[185]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 6, Romeán-Segovia-Paderne, legaxo 2.
[186]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 6, Romeán-Segovia-Paderne, legaxo 3.
[187]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 6, Romeán-Segovia-Paderne, legaxo 4.
[188]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 6, Romeán-Segovia-Paderne, legaxo 5.
[189]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 6, Romeán-Segovia-Paderne, legaxo 6.
[190]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 6, Romeán-Segovia-Paderne, legaxo 7.
[191]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 6, Romeán-Segovia-Paderne, legaxo 8.

**15.** *Joaquín María Teijeiro* (1813-†1845)
**16.** *Félix García* (1845-†1862). Nomeado por Isabel II[192].
**17.** Esteban González (1862-†1887)[193]

## 15 QUEIZÁN-CAMPELO

### 15.1. SANTA MARÍA DE QUEIZÁN E SAN XILLAO DE CAMPELO

Campelo era de presentación do deán e cabido da catedral de Lugo. Queizán era de presentación laical. No 1700 presenta Antonio López de la Rivera, veciño de San Pedro de Farnadeiros, da casa de Bacariza.

1. *Bartolomé López* (-†1664)
2. *Domingo Fernández* (1664-1700). Era natural de San Martiño de Caraño, concello de Pol. Tiña 80 anos cando permuta o beneficio co seu sobriño. Pasa a ser capelán de San Ildefonso e Santiago de Lestedo.
3. *Francisco Fernández* (1700-†1717). Fora capelán da capelanía de San Ildefonso na igrexa parroquial de Santiago de Lestedo[194].
4. *Antonio Díaz de Camba* (1717-1718). Pasa ó beneficio de Trascastro por permutalo co seguinte[195].
5. *Antonio Abad y Queipo* (1718-1735). Fora cura de Santalla de Trascastro do Incio. Permuta o beneficio con Gutierre de Mon, capelán da capelanía de Nosa Señora de Llan, sita na ermida do mesmo nome en San Xillao de Freixo.
6. *Gutierre de Mon y Valledor* (1735-†1776). Era natural de Santo Millano, bispado de Oviedo. Cambia a capelanía que disfrutaba polo curato de Queizán[196].
7. *Juan de Jul y Prado,* (1776-1793). Renunciara á vicaría de Santa María de Marrube, nomeado polo rei. Era substituto da cátedra de moral por ausencia do catedrático propietario. Era tamén secretario vicepresidente da Academia Moral. Pasa ó beneficio de San Vicenzo do Burgo no ano 1793.
8. *Antonio Lence* (1793-1805)[197]. Pasa a San Xoán de Muro no ano 1805.
9. *Juan Sánchez Mosquera* (1805-†1852) Natural da Vila de Sarria[198].
10. *José Fernández Quiroga* (1852-1902). Natural de Santa María Madalena de Moscán[199].
11. *Maximino Gayoso Varela* (1902-1917)[200]. Pasa ó beneficio de Meirama na diocese compostelá.
12. *José Arrojo Iglesias* (1917-). Natural de San Pedro de Romeán. Era cura de Santiago de Piugos[201].

## 16 SAN MARTIÑO E SANTO ESTEVO DE FOLGOSA

### 16.1.1 SAN MARTIÑO E SANTO ESTEVO DE FOLGOSA E SAN PEDRO DE COTO.

1. *Lope Díaz de Castroverde* (-†1631) Era cura de San Martiño e Santo Estevo de Folgosa e de San Pedro de Coto.

### 13.1.2 SAN XOÁN DE FOLGOSA

1. *Andrés López de Pacios* (1631-†1637) Era cura de San Xoán de Folgosa.

### 13.2.1 SAN XOÁN, SAN MARTIÑO E SANTO ESTEVO DE FOLGOSA E SAN PEDRO DE COTO

Aparece tamén como anexo San Pedro de Coto. Presentan os herdeiros de Francisco Rodríguez Varela e María de Balboa y Prado, que son no ano 1684 Francisco Varela y Prado, rexedor perpetuo da cidade de Lugo. Tamén presentan as monxas dominicas de A Nova.

[192] AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 6, Romeán-Segovia-Paderne, legaxo 9.
[193] AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 6, Romeán-Segovia-Paderne, legaxo 10.
[194] AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 7, Santa María de Queizán- Campelo, legaxo 1.
[195] AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 7, Santa María de Queizán. Simple, legaxo 2.
[196] AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 7, Santa María de Queizán. Simple, legaxo 3.
[197] AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 7, Santa María de Queizán. Simple, legaxo 5.
[198] AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 7, Santa María de Queizán. Simple, legaxo 6.
[199] AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 7, Santa María de Queizán. Simple, legaxo 7.
[200] AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 7, Santa María de Queizán. Simple, legaxo 8.
[201] AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 6, Queizán-Campelo, legaxo 1.

1. *Andrés López de Pacios* (1631-†1637) Era cura de San Xoán de Folgosa.
2. *Men Vázquez Somoza* (1637-†1684). Era veciño de Santiago de Cedrón[202].
3. *Juan de Quiroga Osorio*(1684-†1731).Era o fillo do presenteiro Juan de Quiroga.
4. *Juan de Mouriz* (1731-†1770)[203]. Era patrimonial de San Xulián de Rubiás.
5. *José de la Torre y Quiroga* (1770-†1810) Veciño de Santo Estevo de Neira[204].
6. *Francisco García de la Vega* (1810-†1831) Veciño de San Pedro de Láncara[205].
7. *Francisco de Neira y Gallardo* (1831-†1878)[206]
8. *Ángel López Fernández* (1878-†1928)[207]. Natural de San Martiño de Ombreiro, Lugo.

Cremos que a raíz do arranxo parroquial queda como única parroquia San Martiño e Santo Estevo de Folgosa.

1. *Antonio Sanfiz López* (1928-). Natural de San Martiño de Carballido e cura de San Cosme de Ouselle[208].

## 17 PRÉSTAMOS SINECURA

A todos os anteriores chamáselles tamén préstamos concura. Quere dicir que había tamén outros préstamos que non levaba consigo a cura de almas, é dicir, que tivesen algún deber para coas parroquias. Son os sinecura. Para entendernos: sería coma unha renda que era adxudicada polos señores a un clérigo. No concello do Corgo había seis: San Xoán de Corgo, xunto con Cerceda, Fonteita e a parroquia lalinense de Méixome (14.1-14.3); Vilarello e Castrillón (14.4); Bergazo, Perliños e Guilfrei, Becerreá, (14.5-14.6); Piñeiro (14.7); Serés, en Castroverde, con San Bartolomeu de Chamoso (14.8); Queizán e San Xoán de Barredo (14.9).

[202]AHDLu, P, B, Picato, Mazo 1, San Martiño e Santo Estevo de Folgosa, legaxo 2.
[203]AHDLu, P, B, Picato, Mazo 1, San Martiño e Santo Estevo de Folgosa, legaxo 3.
[204]AHDLu, P, B, Picato, Mazo 1, San Martiño e Santo Estevo de Folgosa, legaxo 4.
[205]AHDLu, P, B, Picato, Mazo 1, San Martiño e Santo Estevo de Folgosa, legaxo 5.
[206]AHDLu, P, B, Picato, Mazo 1, San Martiño e Santo Estevo de Folgosa, legaxo 6.
[207]AHDLu, P, B, Picato, Mazo 1, San Martiño e Santo Estevo de Folgosa, legaxo 7.
[208]AHDLu, P, B, Picato, Mazo 1, San Martiño e Santo Estevo de Folgosa, legaxo 8.

### 17.1 PRÉSTAMO SINECURA DE SAN XOÁN DO CORGO, SAN PEDRO DE CERCEDA, SANTIAGO DE FONTEITA E SANTIAGO DE MÉIXOME

Quen tiña o dereito de nomear o beneficiario destas rendas era o Conde de Lemos. As primeiras noticias son do ano 1632 nas que morre Leonardo de Argensola (Barbastro, Huesca, 26 de agosto de 1562-Zaragoza, 4 de febreiro de 1631), famoso poeta do século de Ouro.




Imaxe de Bartolomé Leonardo de Argensola, crego vinculado á parroquia de O Corgo

1. *Leonardo de Argensola* (-1632)
2. *Juan de Bracamonte*, (1646-1652). Natural de Toledo, aio do Conde de Andrade. Morre o 15.04.1652.
3. *Félix de Castro*, (1632-1646), quen casa no ano 1656 e polo tanto ten que deixar de desfrutar ditas rendas.
4. *Melchor de Obando*, (1652-1687), residente en Zaragoza e presbítero fiscal da Reverenda Cámara Apostólica[209].

[209]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 2, Sinecura Corgo, legaxo 1.

5. *Francisco Díez Ortega,* (1687-1725), que era beneficiado da Villa de Frades, Palencia[210].
6. *Dionisio Bernardo González Andía*, (+ 5.09.1687)
7. *Tomás de Guzmán y Espínola*, (1725-1747)[211]
8. *Pedro Borruel*, (1747-1752)
9. *Melchor Borruel* (1752-1794)[212]
10. *Pedro González* (1794-1836), natural de Madrid[213].
11. *Pascual Salazar* (1836-), cursante de dereito na Universidade de Alcalá e colexial de Santa Catarina, mártir[214].

## 17.2 PRÉSTAMO SINECURA DE SAN PEDRO DE CERCEDA

Presentaba o préstamo o Conde de Lemos. Rodrigo de Páramo, párroco de San Pedro de Cerceda, no 1591, ó morrer Marcos Ruiz Calvo, pide se integre o préstamo dentro do préstamos concura. Composto pola metade dos diezmos maiores e menores. O 6 de decembro de 1798, mediante un auto aprobado polo Rei, ponse como condición que para cubrir esta vacante o suxeito debe servir irremisiblemente persoalmente e cumprir coas cargas e obrigacións impostas: vivir dentro do termo da parroquia, dicir alternativamente unha das misas ás que ten dereito o curato de Cerceda aplicándoa pro populo, facer dela as advertencias de avisos, festas e demais que se acostuman, axudar ó párroco nas funcións do seu ministerio. Non pode administrar o sacramento do bautismo nin do matrimonio sen licenza do párroco. Nesa vegada fora presentado tamén Juan Antonio Rodríguez, capelán de Coro da Real Capela, residente en Madrid[215].

[210]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, Sinecura Corgo, legaxo 3.
[211]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 2,Sinecura Corgo, legaxo 2.
[212]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, Sinecura Fonteita, legaxo 4.
[213]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, Sinecura Corgo, legaxo 5; Maestrescolía, Mazo 4, Sinecura Santiago de Fonteita, legaxo 1.
[214]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 3, Sinecura Corgo, legaxo 6; Maestrescolía, Mazo 4, Sinecura Santiago de Fonteita, legaxo 2.
[215]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 1, Préstamo simple. Cerceda, legaxo 5.

1. *Marcos Ruiz Calvo* (-†1591)
2. *Bastián Fernández* (1591-)[216].
3. *Melchor de Borruel* (-†1794)
4. *Constantino Escoín y Trigo* (1794-†1795). Presbítero vicario da Igrexia parroquial do lugar de Bardallur, diocese de Zaragoza[217]. Falece en Plasencia o 24 de setembro de 1795.

5. *Manuel María Calvo Idalgo* (1796-1816). Natural da vila de Daganzo, diocese de Toledo[218]. No ano 1816 casa e polo tanto queda vacante o beneficio simple.
6. *Matías Gayoso y Saavedra* (1816-1821). Natural de San Salvador de Cortes[219]. No ano 1821 é nomeado cura párroco de Santiago de Pousada e anexos.
7. *Benancio Macía* (1821-1826). Natural de Vilanova dos Infantes, Ourense. No ano 1826 pasa ó beneficio curato de Santa Mariña de Vilachambre e Santo Tomé de Guimarei[220].
8. *Bernardo Quintás* (1826-1828). Natural de Santiago de Couso de Sales, xurisdición de Rairiz de Veiga, Ourense[221]. No ano 1828 pasa a Santa María de Pinel.
9. *Manuel María López* (1828-). Era veciño de Santalla de Quinte.

## 17.3. PRÉSTAMO SIMPLE DE SANTIAGO DE FONTEITA

Á morte de Melchor Borruel no ano 1794 en Fonteita tamén se fai pleito beneficial á Fonteita.

1. *Pedro González* (1794-). Natural e veciño da vila e Corte de Madrid.

[216]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 1, Préstamo simple. Cerceda, legaxo 1.
[217]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 1, Préstamo simple. Cerceda, legaxo 3.
[218]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 1, Préstamo simple. Cerceda, legaxo 4.
[219]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 1, Préstamo simple. Cerceda, legaxo 5.
[220]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 1, Préstamo simple. Cerceda, legaxo 6.
[221]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 1, Préstamo simple. Cerceda, legaxo 7.

17.4 PRESTAMO SINECURA DE SAN PEDRO DE VILARELLO E SAN SALVADOR DE CASTRILLÓN

1. *Agustín Vázquez de Sampaio* (-†1669)
2. *Tomás de Neira* (†1690)
3. *Pedro López del Corral* (1690-†1726)[222]
4. *Juan Domingo de Yebra Pimentel* (1726-1738), que era cura de Santa María de Mones e Santiago de Pitín, Valdeorras, Ourense[223].
5. *Juan Ventura de Yebra y Nóvoa* (1738-). É de San Vicenzo de Graíces, Ourense.
6. *Agustín Ventura de Yebra Pimentel* (-1762). Cura da abadía de Moces. Empezou sendo beneficiado de Vilaleo[224].
7. *Andrés María de Yebra Oca y Pimentel* (1762-1824).
8. *Fermín Fernández Estrada* (1824-†1832). Era cura de Budián, antiga provincia de Mondoñedo.
9. *Juan Antonio Lema* (1832-) . Natural de San Pedro de Carcacía[225].

17.5 SAN FIZ DE BERGAZO E SAN MARTIÑO DE PERLIÑOS. BENEFICIO SIMPLE

Consérvase un único legaxo correspondente ó ano 1819. Presentaba polo que parece o Duque de Berwick Liria e Alba, Conde de Lemos.

1. *Carlos de Mur* (-†1780)
2. *Simón Tadeo García y Llopis* (1780-†1819). No momento de obter este beneficio simple era doutor en Sagrados cánones e avogado dos Reales Consellos. Era beneficiado da igrexa parroquial de Liria.
3. *Laureano Rojo Norzagaray*[226] (1819-) Cursante na facultade de leis da cidade de Valladolid. Actúa como titor o seu pai José Rojo Guillén, oidor da Real Chancillería de Valladolid[227].

[222]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Vilarello y San Salvador de Castrillón, legaxo 12
[223]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Vilarello y San Salvador de Castrillón, legaxo 2.
[224]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Vilarello y San Salvador de Castrillón, legaxo 4
[225]AHDLu, P, B, Farnadeiros, Mazo 4, Vilarello y San Salvador de Castrillón, legaxo 5.
[226]http://dbe.rah.es/biografias/85019/laureano-rojo-de-norzagaray
[227]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 2, Perliños. Préstamo simple, legaxo 1.

17.6 PRÉSTAMO SIMPLE DE SAN FIZ DE BERGAZO E SANTALLA DE GUILFREY

No ano 1819 o nomeado José María Cienfuegos opta ós beneficios simples de Guilfrei e Bergazo. Noméao o Conde de Lemos.

1. *José María Cienfuegos* (1819-). Veciño de Mondoñedo[228].

17.7. SANTA MARÍA DE PIÑEIRO. PRÉSTAMO SIMPLE

Os presenteiros son os descendentes de Pedro Díaz Mourillón

Ó mesmo tempo o presenteiro era o coengo porque a el lle foron doados estes dereitos. No ano 1646 preséntase a si mesmo para gozar deste beneficio simple. Era un préstamo tercia parte sinecura. No ano 1732 o presenteiro era o dono da casa da Pobra, neste caso Fernando Quiroga Somoza y Ulloa. No ano 1818 dísenos que Salvador María Quiroga Arias era presenteiro nos seguintes beneficios, ademais do de Piñeiro: simple metade sinecura de San Vicenzo de Vilamor do Courel, da segunda capelanía eclesiástica colativa sita no altar da Virxe dos Ollos Grandes da Catedral de Lugo e da capelanía colativa presente na igrexa de San Xiao da Pobra.

1. *Gonzalo Belón Becerra* (-†1646) Cóengo da Catedral de Lugo.
2. *Diego de Somoza y Quiroga* (1646-1661) Cóengo da catedral de Lugo. Deixa o préstamo sinecura.
3. *Diego de Armesto y Reymóndez* (1661-1671). Veciño de San Pedro de Láncara[229]
4. *Diego Belón Reimóndez ou Reimóndez e Armesto* (1671-1682). No 1682 deixa este préstamo sinecura por gozar o beneficio de Santa María de Amandi. É o herdeiro de Diego Somoza e Quiroga, presenteiro.
5. *José Somoza y Quiroga* (1682-†1732). Era cóengo coadxutor na Catedral de Lugo[230]. No momento do seu pasamento era cóengo Dignidade de Xuíz de Fuero.

[228]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 6, San Fiz de Bergazo. Simple, legaxo 1.
[229]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 1, Santa María de Piñeiro. Sinecura, legaxo 1.
[230]AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 1, Santa María de Piñeiro. Sinecura, legaxo 2.

6. *Fernando Díaz de Camba* (1732-†1761). Veciño de Santa María de Vilafiz.
7. *Pedro González Cedrón ou Campazas* (1761-†1762)[231] No momento do seu pasamento era capelán da capelanía de Nosa Señora da Concepción na Pobra de San Xillao.
8. *Antonio Ramón Quiroga y Vivero* (1762-1817). Era natural da Pobra de San Xillao.[232] Cando morre era capelán en dúas capelanías: os Ollos Grandes na Catedral e a da Concepción da Pobra.
9. *Salvador Quiroga* (1817-1827)[233] Cásase no ano 1827.
10. *José Fernando Quiroga* (1827-). Natural da Pobra de San Xiao[234].

17.8 SAN PEDRO DE SERÉS E SAN BARTOLOMEU DE CHAMOSO. PRÉSTAMO SINECURA

Era de presentación do Conde de Altamira.
1. *Francisco Remigio de Mon* (-†1798)
2. *Francisco Mantilla de los Ríos* (1798-)[235]

17.9 PRÉSTAMO SINCURA SANTA MARÍA DE QUEIZÁN E SAN XOÁN DE BARREDO

Tercia parte do préstamo sincura de Santa María de Queizán. Era de presentación dos descendentes de Inés López da Barreira, nai de Juan López Pallín. No ano 1803 transformase en beneficio simple residencial.

1. *Juan López de Adai* (-1583). Parece que é o cura.
2. *Diego Ares de Chamoso* (-†1583)
3. *Alonso López de Pallín* (1583-1612)[236]
4. *Diego de Quiroga (*1612-
5. *Alonso López Pallín* (-†1624)
6. *Antonio Pallín* (1624-†1662) Era cura de San Salvador da vila de Sarria?
7. *Jacinto Pallín* (1662-†1673). Veciño do Coto de Soutomerille[237]. Cura de Sarria.
8. *Domingo López Pallín* (1673-†1704). Natural de San Salvador de Soutomerille[238].
9. *Antonio Cabarcos Pallín* (1704-†1733)
10. *José Cabarcos y Pallín* (1733-†1762)[239]
11. *Andrés Fernández Freijo y Pradeda* (1762-†1778) Cura de Santa María Madalena de Pena[240].
12. *Juan Neira Cabarcos y Ojea* (1778-1785). Colexial de San Lorenzo de Lugo[241]. No ano 1785 contrae matrimonio.
13. *Manuel de Villarino* (1785-1803). Natural de San Xurxo de Mourazos[242].

17.10 BENEFICIO SIMPLE RESIDENCIAL DE SANTA MARÍA DE QUEIZÁN

1. *Juan Teijeiro Ribadeneira* (1803-†1826). Era veciño de San Xoán de Muro[243].
2. *Bernardino Pallín* (1826-†1860)[244]. Natural de San Estevo de Paderne.
3. *Antonio López Díaz* (1860-). Veciño de San Xoán de O Corgo[245].

[231] AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 1, Santa María de Piñeiro. Sinecura, legaxo 3.
[232] AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 1, Santa María de Piñeiro. Sinecura, legaxo 4.
[233] AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 1, Santa María de Piñeiro. Sinecura, legaxo 5.
[234] AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 1, Santa María de Piñeiro. Sinecura, legaxo 6.
[235] AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 1, San Bartolomeu de Chamoso. Sinecura, legaxo 1.
[236] AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 7, Santa María de Queizán. Simple, legaxo 1.
[237] AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 6, Barredo-Queizán. Sinecura, legaxo 1.
[238] AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 6, Barredo-Queizán. Sinecura, legaxo 2.
[239] AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 6, Barredo-Queizán. Sinecura, legaxo 3.
[240] AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 6, Barredo-Queizán. Sinecura, legaxo 4.
[241] AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 6, Barredo-Queizán. Sinecura, legaxo 5.
[242] AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 6, Barredo-Queizán. Sinecura, legaxo 6.
[243] AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 6, Queizán. Simple residencial, legaxo 1.
[244] AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 6, Queizán. Simple residencial, legaxo 2.
[245] AHDLu, P, B, Maestrescolía, Mazo 6, Queizán. Simple residencial, legaxo 3.

# MEMORIA DE ACTIVIDADES DA A.C. ARUMES DO CORGO (2015-2018)

## Ano 2015

### PRESENTACIÓN DO LIBRO RECOMPILATORIO DO CERTAME LITERARIO TERRAS DE CHAMOSO (EDICIÓNS 4, 5 E 6)

A presentación do segundo volume (o primeiro recollía as tres primeiras edicións) levouse a cabo o 13 de febreiro no refectorio do Museo Provincial de Lugo con presencia do presidente de Arumes, Xurxo Rodríguez, e do deputado de Cultura e Turismo, Mario Outeiro. Ao finalizar o acto todos os asistentes recibiron un exemplar de agasallo.



### CELEBRACIÓN DO ENTROIDO

A Asociación Cultural Arumes do Corgo, celebrou o 14 de febreiro o Entroido cun xantar de contraternización no “restaurante Prados” do Corgo onde uns setenta socios/as deron conta dun magnifico cocido.

### CAMIÑO DE SANTIAGO SUR OU DE INVERNO



Usada polos peregrinos, sobre todo na época invernal, para evitar os cumes nevados do Cebreiro. Fai a súa entrada en Galicia pola comarca ourensá de Valdeorras, sigue polo Sur da provincia de Lugo e nas proximidades do monte Faro entra na comarca pontevedresa do Deza, uníndose en Lalín ao camiño Sanabrés o Mozárabe. O Camiño de Inverno, dende Albaredo a Santiago, ten aproximadamente 188 km.
Fixemos este camiño en nove etapas:



1ª Etapa: **Albaredo-Quiroga.**
2ª Etapa: **Quiroga-Pobra de Brollón.**
3ª Etapa: **Pobra de Brollón-Monforte-Pazo de Reguengo.**
4ª Etapa: **Pazo de Reguengo- Chantada.**
5ª Etapa: **Chantada-Alto do Faro-Rodeiro.**
6ª Etapa: **Rodeiro-Lalín.**
7ª Etapa: **Lalín-Silleda-Bandeira.**
8ª Etapa: **Bandeira-Rubial.**
9ª Etapa: **Rubial-Santiago.**

**XORNADAS DE HORTICULTURA, RECOLECCIÓN DE SEMENTES E PREPARACIÓN DE PEBIDEIROS.**

O sábado 11 de abril, na Casa das Asociacións do Corgo, tiveron lugar as II Xornadas de Horticultura, recolección de sementes e preparación de pebideiros organizadas por esta asociación e que espertou grande interese na veciñanza.



**V ENCONTRO ASTUR-GALAICO DE ASOCIACIÓNS**

O domingo 19 de abril, e organizado pola Asociación Cultural Roteiros de Pol, asistimos a este encontro astur-galaico, que contou coa asistencia de numerosas asociacións tanto da veciña Asturias como de Lugo.



**EXCURSIÓN A ESTREMADURA**

Esta excursión por terras estremeñas fíxose os días 1, 2 e 3 de maio. A nosa primeira parada foi en **Plasencia**, considerada a capital do norte de Estremadura e coñecida como a Perla do Norte ou a Perla do Val. Situada na Ruta da Prata, o seu casco histórico conta con numerosos palacios, casas nobres e importantes construcións relixiosas. Moi preto das súas catedrais atópase a muralla da que se conservan 21 das 71 torres orixinais que rodeaban a cidade de Plasencia dende o ano 1200. Xunto a muralla está o acueduto medieval, que era a vía de entrada da auga que chegaba dende as serras de Cabezabellosa e El Torno á cidade. Construído no século XVI conta con 300 m de lonxitude e 55 arcos de medio punto.

A nosa seguinte parada foi en **Cáceres**. A cidade monumental de Cáceres foi declarada polo Consello de Europa como o terceiro conxunto monumental de Europa no ano 1968 (despois de Praga e Tallín), e foi declarada Patrimonio da Humanidade pola Unesco no ano 1986. Conta cunha muralla, romana, árabe e con edificios medievais. É coñecida como a "Vila dos mil e un escudos" que adornan as paredes exteriores e interiores dos seus palacios e casas señoriais. A súa praza maior é una das mais amplas de España.



Despois trasladámonos ata **Cabezuela del Valle**, localidade declarada conxunto histórico artístico, **Jerte, e Hervás**. Xa na Comarca da Vera visitamos Cuacos de Yuste, onde visitamos o **Mosteiro de Yuste**, lugar de retiro e falecemento do Emperador Carlos V.

O Real Monasterio de Yuste forma parte do Patrimonio Nacional de España e é sede da Fundación Academia Europea de Yuste,

dedicada a fomentar o espírito da Unión Europea. Componse de dúas partes: o convento, cunha igrexa gótica e dous claustros, e a residencia do emperador.

Nesta poboación atópase a Casa de Juan de Austria, fillo do emperador; hoxe é a sede da Mancomunidade de La Vera.

Xa para rematar esta viaxe visitamos a vila de **Jarandilla de la Vera**, onde se atopa o Castelo-palacio dos Condes de Oropesa e onde viviu o rei Carlos V, antes de construírlle a súa residencia en Yuste; hoxe é un parador de turismo.

**EXCURSIÓN: MOSTEIRO DE CARBOEIRO-FERVENZA DO TOXA**

O sábado 16 de maio partimos cara Lalín para visitar o Museo etnográfico Casa do Patrón, onde en máis de 2000 m2 de exposición se expoñen máis de 4.000 pezas recollidas por toda a xeografía galega, onde se poden contemplar as antigas escolas, os oficios esquecidos, unha taberna, un forno o unha forxa tradicional, pasando polos hábitos de vida dos nosos devanceiros.



Despois trasladámonos ao Mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro, que constitúe un dos monumentos máis característico da arte medieval galega. Dende alí fixemos unha ruta de sendeirismo ata a Fervenza do Toxa (no río Toxa), considerada a máis alta de Galicia en caída libre. Constitúe un espazo de alto valor paisaxístico que forma parte do sistema Fluvial Ulla-Deza.

De regreso, fixemos unha parada no Santuario da Virxe do Corpiño.

**PROXECIÓN DO DOCUMENTAL: O PILOTO**

O sábado 16 de maio, o Centro Sociocultural do Corgo acolleu a proxección do documental sobre a vida de José Castro Veiga, O Piloto, un dos últimos membros do Exército Guerrilleiro Galego, nado en Boelle (Arxemeil-O Corgo). O Piloto foi moito máis que o último guerrilleiro morto en combate, xa que é unha lenda que, 50 anos despois da súa morte, está presente no pobo. Na realización deste documental descubríronse novos aspectos totalmente descoñecidos sobre a súa figura e tamén se atoparon con moitas cousas sobre a súa persoa que non son verdade.

**VIII ENCONTRO DAS ASOCIACIÓNS CULTURAIS GALEGAS**

O sábado 23 de maio celebramos o X Encontro de Asociacións Culturais Galegas. Nesta ocasión a asociación encargada da organización foi a A.C. Arumes do Corgo e participaron ademais: A.C. Amigos do Patrimonio de Castroverde, Asociación Roteiros de Pol, Arcas de Sarria, Agrupación Instructiva de Redes e Caamouco e A Canteira de Neda.

Despois de facer a recepción aos grupos participantes comenzamos o roteiro accedendo a muralla pola Porta de San Fernando, continuamos pola zona da catedral e baixamos polo acceso á muralla situado na Porta de Santiago. Continuamos a camiñata ata a ponte romana. Despois dun pequeno almorzo para todos os participantes no paseo fluvial do Miño continuamos a ruta ata a Torre de Núñez.







Xa pola tarde trasladámonos ata O Corgo, para desfrutar coa actuación do grupo musical A Quenlla.

## V ENCONTRO SENDERISTA E CULTURAL "LUCUS A PÉ"

A Sociedade Micolóxica Lucus convidounos, ao igual que o ano pasado, a participar nesta actividade que tivo lugar o domingo 7 de xuño.

Despois da reunión dos participantes na Praza de San Marcos comezamos a ruta, cun acto de recreación histórica na porta falsa da muralla. Baixamos da muralla pola Porta de Santiago, pasamos a carón da Catedral, Pazo Episcopal, Piscina Romana, Porta de Santiago, calzada romana, paseo do Rato, paseo do niño, Ponte romana, para rematar cun xantar de campo nas instalacións do Club Fluvial de Lugo.

## VIAXE A CAMBADOS

O sábado 1 de agosto visitamos "a capital do Albariño": Cambados, para asistir a súa Festa do Viño Albariño, unha das exaltacións gastronómicas máis antigas do Estado, fundada en 1953 e declarada de Interese Turístico Nacional.

Despois de facer un percorrido polas súas vilas históricas que manteñen a súa autenticidade: Fefiñáns, Cambados e Santo Tomé diriximonos polo Paseo da Calzada onde as adegas de albariño abren as súas respectivas casetas e onde ofrecen os seus mellores caldos.



## GRUPO DE TEATRO BONECA LARETA

O venres 7 de agosto puidemos desfrutar coa actuación da compañía " Boneca Lareta" dentro do programa (Cultura sobre rodas) da Área de Cultura da Deputación de Lugo. Puxo en escena a obra "A última viaxe do Afiador", unha longametraxe documental en torno á vida dos vellos afiadores e coa que se pretendía revivir a experiencia dos "cinemas de verán".

## EXCURSIÓN: A VALLADOLID

O sábado 26 de setembro visitamos a cidade de Valladolid, capital da Comunidade Autónoma de Castela e León. Nos séculos XV e XVI chegou a ser a capital da Corte. Conserva un importante legado monumental e artístico, destacando o Colexio de Santa Cruz o edificio da primitiva Universidade, a Catedral o Palacio Real, o Palacio



do Sol, o Palacio dos Condes de Benavente, o Palacio Pimentel (onde naceu Felipe II), o palacio dos Vivero (onde tivo lugar a voda dos Reis Católicos) o Convento de San Agustín, o Mosteiro das Huelgas Reais, o Convento das Descalzas Reais e a Praza Maior, entre outros.

Tamén visitamos a Casa-Museo de Zorrilla, que recrea a época romántica na que viviu o poeta vallisoletano.

**EXCURSIÓN A MONDARIZ BALNEARIO-CASTEDO DE VILASOBROSO**

O sábado 17 de outubro dirixímonos ata a provincia de Pontevedra para facer unha visita ao Balneario de Mondariz, visita á fonte de augas termais de Gándara, a de Troncoso e o paseo sobre o río Tea. Despois fixemos una visita ao Castelo de Vilasobroso ou Sobroso. A fortaleza de Sobroso aséntase sobre un promontorio rochoso con restos da época castrexa, na ladeira do monte Landín.

**GRUPO DE TEATRO LUSCO E FUSCO**



O domingo 18 de outubro, no Centro Sociocultural do Corgo o grupo de teatro Lusco e Fusco puxo en escea a obra “ Tolerías de Impro”, á que asistiron un bo grupo de persoas.

**VII CARREIRA POPULAR ARUMES DO CORGO: MEMORIAL QUIQUE CASANOVA**

O domingo, 25 de outubro, celebrouse a VII Carreira Popular “Arumes do Corgo”, que organiza a asociación homónima e na que participaron máis de 250 deportistas de todas as idades, desde nenos e nenas de 3 anos ata veteranos.



O gañador da proba absoluta foi Juan Antonio Gude Vila, seguido de Iván Manso Pedrosa e Eduardo Valcarce Merayo.

Na categoría feminina a vencedora foi a corredora Chus Valiño Novo, seguida de Ana Belén González Margaride e Loli Piñeiro Rodríguez.

A VII Carreira Popular Arumes do Corgo estivo organizada pola propia asociación coa colaboración da Federación Galega de Atletismo



e o apoio económico da Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo e do Concello do Corgo.

Destacamos, coma todos os anos, o gran esforzo que supon para esta asociación a organización desta carreira na que colaboran de forma voluntaria e desinteresada, uns 50 socios/as, ademais de contar co apoio de persoal municipal.

**XORNADAS DE RECOÑECEMENTO E EXPOSICIÓN DE COGOMELOS.**

Estas xornadas micolóxicas celebráronse este ano os días 13 e 14 de novembro. O día 13 foi a parte teórica, a cargo do membro da Asociación Micolóxica Lucus José Antonio Castro Ferreiro.



O día 14 fixemos unha saída guiada de recollida polos montes do Corgo e posterior selección e recoñecemento no Centro Sociocultural.

**CERTAME LITERARIO "TERRAS DE CHAMOSO"**

O sábado 19 de decembro, ás 20:00 h, no Centro Sociocultural do Corgo, celebrouse a entrega de premios do IX Certame Literario "Terras de Chamoso".



Os premiados nesta edición foron:

**CATEGORÍA: INFANTIL**

Modalidade: **poesía**

1º premio: María Rodríguez Rodríguez, de Portomarín, pola obra "Galicia".

2º premio: Francisco Fernández Joaquín, de Portomarín, pola obra "Comezo na escola".

Modalidade: **relato**

1º premio: Izaskun Val López, de Castroverde, pola obra "Lembranzas".

2º premio: Inés Parajuá Carpintero, de Castroverde, pola obra "Ceibe".

1º accésit: Sofía Vázquez Varela, do Corgo, pola obra "O galo que quería casar".

**CATEGORÍA: XUVENIL**

Modalidade: **poesía**

1º premio: Lara Domínguez Chantres, de Baleira, pola obra " Os pobos perdidos".

2º premio: Carla Castedo Pereira, de Castroverde, pola obra " O muíño do tío Suso".

Modalidade: **relato**

1º premio: Lucía González Campos de Castroverde, pola obra "Forza".

2º premio: Alicia García Cabaleiro, do Corgo, pola obra " O cadro".

**CATEGORIA: ADULTOS**

Modalidade: **poesía**

1º premio: Emilio Silva Otero, de Lugo, pola obra " Tempos de futuro, tempos de pasado".

2º premio: José Ramón Sánchez Varela, de Carballo, pola obra "Sí la bas".

Modalidade: **relato**

1º premio: Lara López Ares, da Coruña, pola obra "Un fermoso erro".

2º premio: Beatriz López Dorado, de Lugo, pola obra "Naviadela".

## Ano 2016

### CELEBRACIÓN DO ENTROIDO

A Asociación Cultural Arumes do Corgo celebrou o 3 de febreiro o Entroido, como ven sendo habitual, cun xantar de contraternización no "restaurante Prados" onde uns oitenta socios/as deron conta dun magnifico cocido.

### ROTEIRO POLA VÍA XIX



Fixemos este roteiro o sábado 20 de febreiro xunto coa Asociación Amigos do Patrimonio de Castroverde. Comezamos o noso roteiro coa visita aos restos da Vía XIX que temos ao pé do campo da festa e capela das Virtudes de San Miguel de Pedrafita (O Corgo), logo das explicacións do profesor emérito da USC Antonio Rodríguez Colmenero e de Mario Outeiro. Tras breves visitas ao campo da feira e pazo de Adai, a San Martiño de Perliños, e a restos da Vía XIX, a camiñata, como tal, iniciouse na ponte de Galiñeiros, onde se xuntan os dous regos que conforman o río Chamoso, e dende alí enfiamos cara Arxemil. Por unha alternativa á traza actual da Vía, puidemos ver un miliario cristianizado; e a poucos centos de metros, un fermoso lugar, San Bartolomeu de Chamoso. Pouco a pouco fómonos achegando ata Coeo, cunha grande igrexa e restos de miliarios. Pasada esta aldea tomouse camiño en dirección a San Mamede dos Anxos, cruzando xunto da Ermida do San Amaro (ata hai pouco coñecida como Fortaleza do San Amaro) para ir pouco a pouco achegándonos a Lugo.

### XORNADA DE CULTIVO DE PLANTAS MEDICINAIS E AROMÁTICAS

O sábado, 12 de marzo, a profesora Ruth María Barros Camba, impartiunos este interesante curso que contou coa asistencia de numeroso público.



### RUTA DE SENDEIRISMO: PRAIA DAS CATEDRAIS–FOZ

O xoves, 24 de marzo, trasladámonos ata a Mariña Lucense (concretamente ata Foz) onde comezamos esta fermosa ruta. Tras deixar Foz achegámonos ás marismas que forman a desembocadura do río Masma no mar Cantábrico, continuamos por varias praias ata chegar á nosa meta da xornada: a Praia das Catedrais, xa no concello de Ribadeo.



## TEATRO

No centro Sociocultural do Corgo tivo lugar o xoves, 24 de marzo, a posta en escena da obra "A verdadeira historia de Manuel de Paderna", sobre Manuel María.

## VII ENCONTRO ASTUR-GALAICO DE SENDERISMO

O Domingo, 10 de abril, e convidados polo Grupo de Montaña "La Chiruca" participamos neste encontro; nel participaron tanto asociacións de Asturias como de Galicia. Deseñaron dúas rutas: unha longa, saíndo dende o porto pesqueiro de Cudillero e visitando as vilas da zona e a ermida de Santa Ana de Montares, patroa de Cudillero.



A ruta curta consistía nun rodeo polo anfiteatro de Cudillero onde un guía nos contou a historia, relatos e lendas desta fermosa cidade.

Para terminar cunha comida na localidade de San Juan de Piñeira.



## TEATRO OS BALUROS

O día 23 de abril no Centro Sociocultural do Corgo puidemos desfrutar da obra "O menciñeiro a forza", adaptación de Xosé Manuel Carballo Ferreiro, padriño da A.C. Arumes do Corgo, da obra orixinal de Molière.



## RUTA DE SENDERISMO POLA COSTA DE LUGO: ESPASANTE-O VICEDO

O sábado, 14 de maio, fixemos unha fermosa ruta de senderismo. Saímos de Espasante, bordeamos a Praia de San Antón, seguimos camiñando ata os acantilados de Loiba e aló fixemos una parada "no banco máis fermoso do mundo"; continuamos a nosa andaina ata o Barqueiro e pasamos a súa ponte (cos seus arcos de ferro) ata chegar a O Vicedo.



## IX ENCONTRO DE ASOCIACIÓNS CULTURAIS GALEGAS

O sábado, 28 de maio, celebramos o IX Encontro de Asociacións Culturais Galegas. Nesta ocasión a asociación encargada da organización foi a A.C. A Canteira de Neda ( Ferrol) e participaron ademais: a A.C. Amigos do Patrimonio de Castroverde, Arcas de Sarria, Agrupación Instrutiva de Redes e Caamouco e A.C. Arumes do Corgo.






Comenzamos a camiñata dende o Albergue do Camiño Inglés, situado na desembocadura do Río Xubia, en Neda, onde comeza a Ría de Ferrol e Comarca, facendo un percorrido duns 2 km polo Camiño Inglés. Continuamos pola Rúa Castro e Rúa Real da Vila de Neda en dirección ao Río Belelle para facer a Ruta dos Muíños durante 9 km. Logo de tomar uns abundantes e variados manxares, subimos ata a fermosa Fervenza do río Belelle, voltando ao Pavillón do Roxal arredor das 14:00 h. Acompañados de actuacións musicais, antes e despois do xantar, rematamos cunha queimada e a proba da bola de Neda.

## EXCURSIÓN: A ZARAGOZA



Os días 4 e 5 de xuño desprazámonos á cidade de Zaragoza, cidade monumental que reflexa nas súas rúas o patrimonio que deixaron catro civilizacións: a romana, a musulmá, a xudía e a cristiá. Paseamos polo seu casco histórico ata a Praza do Pilar, a Basílica a Lonxa, o Concello, a Catedral, a Ponte de Pedra, o Museo do Foro de Caesar Augusta onde contemplamos como era a cidade durante o Imperio Romano e a Aljafería, entre outras.

Tamén fixemos unha visita ao que foi o recinto da Expo Zaragoza 2008.

## III XUNTANZA DE VERÁN DOS SOCIOS E FAMILIARES DA A.C. ARUMES



O domingo, 17 de xullo, foi o día elixido para facer a xuntanza de socios e o lugar, como en anos anteriores, foi a Carballeira do San Bernabé, onde os participantes entre contos e lembranzas deron conta dun suculento xantar.

## VIAXE GASTRONÓMICA: FESTA DO BONITO DE BURELA

O sábado, 6 de agosto, desprazámonos ata Sargadelos para visitar o Conxunto Histórico-Artístico de Sargadelos. A fabricación artesanal desta louza fai que Sargadelos sexa un referente en cerámicas a nivel nacional e internacional. Camiñamos polo "paseo dos namorados" ata una vistosa presa.



Ao finalizar a nosa visita desprazámonos ata Burela, onde despois dunha suculenta comida a base de bonito, demos un paseo polas súas rúas e polo seu paseo da Marosa.

## EXPOSICIÓN "A CALDO E TÉ"

O luns, 26 de setembro, os membros da A.C. Arumes acompañamos ao socio fundador, e membro da Xunta directiva, Manuel Fernández, "Lolo de Anseán", na inauguración da exposición de cerámica que leva por título "A caldo e té". A devandita exposición (organizada pola Deputación de Lugo) permaneceu aberta durante un mes na Capela de Santa María.

## HOMENAXE A HENRIQUE CASANOVA

Os membros da A.C. Arumes do Corgo participamos na homenaxe ao socio fundador e membro da Xunta directiva, Xosé Henrique Casanova Sánchez falecido en xuño de 2015. O acto comezou ás 12:30 h na casa do concello do Corgo co nomeamento de Fillo Adoptivo por parte do pleno. Posteriormente e na parroquia de Manán celebrouse un xantar homenaxe coa asistencia de máis dun centenar de persoas. Despois de xantar descubriuse unha placa no que hoxe é a praza "X. Henrique Casanova". O acto rematou con intervencións variadas, recital poético e a interpretación do himno galego.

## EXCURSIÓN A GIJÓN

O domingo, 2 de outubro, puxémonos en camiño para facer unha visita a Gijón. A nosa primeira parada foi para visitar o maior edificio en extensión do Estado, a Universidade Laboral (e tamén o edificio de pedra máis alto). No seu interior alberga a maior igrexa de planta elíptica do mundo. Dende a súa torre pode contemplarse Gijón.



Continuamos ata a capital da Costa Verde (Gijón) onde visitamos o barrio de Cimadevila, o máis emblemático de Gijón. O Barrio de Pescadores coas súas rúas peatonais e as súas sidrerías. Monumentos como o do "Eloxio do horizonte" de Chillida, un dos iconos de Gijón, a súa Praia de San Lourenzo, o Parque de Isabel a Católica…

## VIII CARREIRA POPULAR ARUMES DO CORGO: MEMORIAL QUIQUE CASANOVA

O domingo, 23 de outubro, celebrouse a VIII Carreira Popular "Arumes do Corgo", que organiza a asociación homónima e na que participaron

máis de 300 deportistas de todas as idades, dende menos e nenas de 3 anos ata veteranos.





O gañador da proba absoluta foi Carlos Villamor Castiñeira seguido de Juan Antonio Gude Vila e Leonardo Rodríguez Pena.

Na categoría feminina a vencedora foi a corredora Ana Belén González Margaride seguida de Enma Iglesias Penelas e Sonia Vázquez Rodríguez.

A VIII Carreira Popular Arumes do Corgo estivo organizada pola propia asociación coa colaboración da Federación Galega de Atletismo e o apoio económico da Vicepresidencia da Deputación de Lugo e do Concello do Corgo.

Destacamos como todos os anos o gran esforzo que supón para esta asociación a organización desta carreira na que colaboran de forma voluntaria e desinteresada, uns 50 socios, ademais de contar co apoio de persoal municipal.

## XORNADAS DE RECOÑECEMENTO E EXPOSICIÓN DE COGUMELOS

Este ano organizamos estas xornadas os dias 11 e 12 de novembro. O día 11 foi a parte teórica a cargo do membro da Asociación Micolóxica Lucus: José Antonio Castro Ferreiro.

O día 12, e como todos os anos, fixemos una saída guiada de recollida polos montes do Corgo e posterior selección e recoñecemento na Casa das Asociacións.



## CERTAME LITERARIO "TERRAS DE CHAMOSO"



O sábado, 17 de decembro, ás 20:00 h no Centro Sociocultural de O Corgo celebrouse a entrega de premios do X Certame Literario "Terras de Chamoso".

Os premiados nesta edición foron:

**CATEGORÍA: INFANTIL**

Modalidade: **poesía**

1º premio: Paula Domínguez Barreiro, de Pontevedra, pola obra “Raíña da insatisfacción”.

2º premio: Manuel Villanueva Moretón, de Castroverde, pola obra “ O tempo”.

1º accésit: Nerea Campos Castro, do Corgo, pola obra “Pasou un ano”.

Modalidade: **relato**

1º premio: Helena Silva Fernández, de Lugo, pola obra “Oito anos e medio”.

2º premio: Pilar López Sal, de Láncara, pola obra “As nubes choran”.

**CATEGORÍA: XUVENIL**

Modalidade: **poesía**

1º premio: Laura de Cáceres Iglesias, de Vigo, pola obra “ Beirarrúa”.

2º premio: Sabela Domínguez Souto, de Pontevedra, pola obra “Poema do día 30”.

Modalidade: **relato**

1º premio: Mª Sonsoles Quiroga Gutiérrez, de Lugo, pola obra “ A sociedade perfecta”.

2º premio: Ana López Martínez, de Bertamiráns, pola obra “Déjà vu”.

**CATEGORIA: ADULTOS**

Modalidade: **poesía**

1º premio: Xan Rodiño García, de Pontevedra, pola obra “O bichoco”.

2º premio: Francisco Javier Fernández Davila, de Vigo, pola obra “Princesa de Fukushima”.

Modalidade: **relato**

1º premio: Ricardo Cid Paz, de Ourense, pola obra “ A irmá soidade”.

2º premio: María Salinas García, da Guarda, pola obra “ o héroe que perdeu o medo a voar”.

# Ano 2017

## CELEBRACIÓN DO ENTROIDO

A Asociación Cultural Arumes do Corgo celebrou o 25 de febreiro o Entroido cun xantar de contraternización no “restaurante Prados” onde uns setenta socios/as deron conta dun magnífico cocido.



## RUTA: COVA DAS CHOIAS- RUTA DOS FERROS

O día 18 de marzo fixemos a  Ruta “Cova das Choias-Ruta dos Ferros. Comezamos na aldea de Bidued0, na Pobra de Brollón, onde se atopa o acceso á cova de orixe natural que foi escavada polo home para a extracción de ferro. Despois seguimos percorrendo minas de ferro para rematar a ruta na Ferrería (balneario), xa no concello de O Incio.



## EXCURSIÓN A CANTABRIA



Os días 1 e 2 de abril viaxamos á fermosa Comunidade de Cantabria. A primeira parada que fixemos foi para visitar a vila mariñeira de San Vicente de la Barquera. Esta vila histórica esta rodeada dunha privilexiada contorna, en pleno parque natural de Oyambre, e é o punto de partida do camiño Lebaniego que leva a Santo Toribio de Liébana. Dentro do Patrimonio arquitectónico visitamos entre o Castelo do rei, a Torre de Preboste e a Igrexa de Santa María dos Anxos, entre outros.

Despois seguimos a nosa viaxe por Comillas, coñecida como a "Vila dos Arzobispos", porque nos séculos XVII e XVIII naceron cinco prelados que ocuparon importantes dioceses. Nesta vila visitamos, entre outros monumentos, o Palacio de Sobrellano, o palacio El Capricho de Antonio Gaudí e o panteón dos marqueses de Comillas.

Continuamos cara a Santillana del Mar, coñecida como a "vila das tres mentiras", porque nin é santa, nin "llana", nin ten mar. Santillana é un museo vivo dunha vila medieval desenvolvida entorno á colexiata de Santa Juliana, con numerosos caseríos-palacios que pertencen aos séculos XIV ao XVIII e que hoxe en día algúns acollen a institucións de carácter cultural. Foi declarada conxunto histórico artístico no ano 1889.

Nesta vila tamén visitamos a Neocova, unha réplica da Cova de Altamira pechada no ano 1979 debido á fraxilidade das súas pinturas.

E puxemos rumbo a Santander, coñecida como "a noiva do mar". Xa alí puidemos dar un paseo polos xardíns de Pereda, situados diante da baía en terreos gañados ao mar, que foron utilizados como peirao en 1805. O primeiro que nos chama a atención nesta fermosa cidade é a maxestuosidade das fachadas dos bancos, moi importantes para Santander.

Seguimos visitando os seus numerosos monumentos: a Catedral, a igrexa do Cristo, o Mercado do Leste, o guindastre de pedra do porto e, como non, a súa fermosa Praia do "Sardinero". Non nos esquecemos da visita ao Palacio da Magdalena construído no ano 1913 como agasallo da cidade de Santander ao Rei Alfonso XIII. Está situado na parte máis alta da Península da Magdalena, tivo distintos fins e na actualidade pertence ao Concello de Santander que o mercou a Juan de Borbón.

E xa para rematar a nosa visita a Cantabria visitamos as Covas de "El Soplao", coñecidas como "a Capela Sixtina" pola súa grandiosidade, disposición e conservación. Considerada unhas das marabillas da xeoloxía mundial, atesourando un paraíso de excéntricas estalactitas, estalagmitas, coadas, columnas, perlas das cavernas, etc. Esta cova esta situada nun antiguo paraxe de explotación mineira, entre os concellos de Valdáliga, Herrerías e Rionansa.

## CAMIÑO PORTUGUÉS



Comezamos a andaina do Camiño Portugués o sábado, 15 de outubro, do ano 2016 en Rubiàes (Portugal)

Dividimos este camiño en 6 etapas:

1ª Etapa: Rubiàes-Valença-Tui-San Bartolomeu de Rebordáns.

2ª Etapa: San Bartolomeu de Rebordáns-Redondela.

3ª Etapa: Redondela-Pontevedra-Alba.

4ª Etapa: Alba-Caldas de Reis-O Cruceiro.

5ª Etapa: O Cruceiro-Padrón-O Faramello.

6ª Etapa: O Faramello–Santiago. Rematamos este camiño o día 22 de abril.

O camiño abandona Valença e adéntrase en España pola ponte Internacional sobre o río Miño; a súa pasarela lateral fai de excelente mirador cara a cidade de Tui. En Galicia o trazado avanza paralelo ás Rías Baixas de Vigo e Pontevedra; esta paisaxe marítima esta case oculta dende este camiño de peregrinación.



**RUTA DE SENDERISMO "RIBADEO-PRAIA DAS CATEDRAIS"**



O sábado, 13 de maio, fixemos esta ruta pola costa lucense saíndo do Porto de Ribadeo, Forte San Damián, camiño da Ruta do Cantábrico, pasando por Rinlo e as súas antigas cetáreas, seguimos camiñando coa vista en fermosas praias: Os Xuncos, Marbadás, Os Castros e Esteiro, ata rematar na Praia das Catedrais.

**EXCURSIÓN: VALENÇA DO MIÑO-PAZO DE RUBIÁNS**

O día 20 de maio, puxémonos outra vez en camiño. Pola mañá visitamos Valença do Miño e a súa Fortaleza.

Xa pola tarde visitamos o Pazo de Rubiáns, preto de Vilagarcía (antiga fortaleza do S. XII), que pasou por varias transformacións ao longo dos séculos. Aínda conservan o seu estado orixinal algunhas das súas construcións como a adega, as cortes e as cabaleirizas.



O seu xardín declarado "Xardin Botánico de Excelencia Internacional" con abundantes camelias, magnolios, carballos, freixos, araucarias, alcanfores e decenas de especies diferentes, contan os seus anos por centenas neste lugar.

A especie más destacada é a camelia, convertindo o xardín do pazo nun atractivo de inverno, por ser esta época na que florecen as máis de 800 especies e 4000 variedades que alberga o xardín. Así mesmo, a adega tamén é un referente dentro do conxunto, xa que conta con máis de 25 hectáreas de viñedo.



## X ENCONTRO DE ASOCIACIÓNS CULTURAIS GALEGAS



O sábado, 27 de maio, celebramos o X Encontro de Asociacións Culturais Galegas; nesta ocasión a asociación encargada da organización foi a A.C. Amigos do Patrimonio de Castroverde, e participaron ademais: Arcas de Sarria, Agrupación Instrutiva de Redes e Caamouco, A Canteira de Neda e Arumes do Corgo.

Saímos de Castroverde, con dirección a Vilalle, onde comezou a ruta de sendeirismo. En Vilalle Ricardo Polín comezou a explicación da traza histórica do camiño primitivo ao seu paso por Castroverde. Na rúa Santiago, descubrimento da placa sinalando a traza histórica do Camiño Primitivo ao paso pola rúa do Camiño Francés, sobre a Horta do Hospital na Ferraría de Castroverde. Fixemos unha parada na Torre da Fortaleza. Seguimos a nosa camiñata por Souto de Torres, Vilar de Cas para desviarnos ata á croa de Sotomerille, onde visitamos o cemiterio máis pequeno de Galicia e a súa igrexa.

Despois de xantar, na igrexa de Vilabade agardábannos os grupos de Acordeonistas, Zuncunrrundullo e Natalia Silva.

Para rematar, J. Luís Cacabelos da Sociedade Instrutiva de Caamouco, interpretou, a capela, o Don Gaiferos en agradecemento ás explicacións de Ricardo Polín.

Peche do acto co intercambio de agasallos.

## ROTEIRO NOCTURNO POR SOUTOMERILLE

O sábado, 8 de xullo, fomos convidados pola a A.C. Amigos do Patrimonio de Castroverde a participar nun roteiro nocturno ata Soutomerille.

Despois dun concerto na igrexa de Soutomerille a cargo do grupo Tundal e dunha cea nun prado de a carón da igrexa comezamos o roteiro nocturno por Soutomerille. Esta ruta estivo teatralizada polo grupo Achádego.



## IV XUNTANZA DE VERÁN DOS SOCIOS E FAMILIARES DE ARUMES

O domingo, 16 de xullo, foi o día elixido este ano para facer a xuntanza de socios. Como é habitual o encontro celebrouse na Carballeira do San Bernabé.



## EXCURSIÓN A FISTERRA, FERVENZA DO ÉZARO E CARNOTA

O domingo, 6 de agosto, desprazámonos ata Fisterra para participar na súa XXV festa do longueirón. A primeira parada foi no Faro; os romanos pensaban que este era o punto más occidental da terra, e polo tanto o mundo acababa aquí. Era, polo tanto, o "finis terrae". Despois desprazámonos ata a vila de Fisterra para degustar as navallas. Xa pola tarde desprazámonos ata a fervenza do Ézaro en Dumbría; é una fervenza que forma o río Xallas na súa desembocadura ao mar na enseada do Ézaro. Xa de regreso visitamos Carnota, onde puidemos admirar o seu hórreo cunha lonxitude de 34,7 metros e o pombal ao lado da igrexa, xa que era o clero o que dispuña de grandes cantidades de colleitas polos tributos que lles pagaban os labregos da zona (diezmos).



## ACTUACIÓN DO GRUPO DE TEATRO "A RABELA"

O sábado, 9 de setembro, no Centro Sociocultural do Corgo o grupo A Rabela Teatro puxo en escena a obra "Balbina a adiviña". A actuación foi de entrada libre, polo que contou cun bo grupo de persoas que gozaron coa representación desta obra teatral.



## EXCURSIÓN A LEÓN

O sábado, 30 de setembro, uns 50 socias/socios visitamos a cidade de León. Unha vez alí puidemos ver parte do seu rico patrimonio monumental e artístico: a Casa de Botines, obra modernista de Gaudí, o Palacio dos Guzmanes (Deputación), a catedral, obra mestra do gótico, a Real Colexiata de San Isidro ou o Parador de San Marcos.

A medidodía fixemos unha visita ao popular Barrio Húmido para degustar as súas famosas tapas.



## IX CARREIRA POPULAR ARUMES DO CORGO: MEMORIAL QUIQUE CASANOVA

O domingo, 22 de outubro, celebrouse a IX Carreira Popular "Arumes do Corgo", que organiza a asociación homónima e na que participaron máis de 300 deportistas de todas as idades, desde menos e nenas de 3 anos ata veteranos.



O gañador da proba absoluta foi Carlos Villamor Castiñeira, seguido de Juan Antonio Gude Vila e Ivo Maseda Dorado.

Na categoria feminima a vencedora foi a corredora Silvia Fernández Aguado, seguida de María Hurtado Sanjurjo e Ana Belén González Margaride.

A IX Carreira Popular Arumes do Corgo estivo organizada pola propia asociación coa colaboración da Federación Galega de Atletismo e o apoio económico da Vicepresidencia da Deputación de Lugo e do Concello do Corgo.

## XORNADAS DE RECOÑECEMENTO E EXPOSICIÓN DE COGOMELOS

Estas xornadas micolóxicas foron este ano o 10 e 11 de novembro. O día 10 foi a parte teórica a cargo do membro da Asociación Micolóxica Lucus, José Antonio Castro Ferreiro.

O día 11 fixemos una saída guiada de recollida polos montes do Corgo e posterior selección e recoñecemento no Centro Sociocultural.

## XEIRA ROMÁNICA POR GUNTÍN E LUGO

A Asociación "O Sorriso de Daniel" convidounos a participar nunha "Xeira románica por Guntín e Lugo, o domingo 19 de novembro.



Visitando a igrexa de Santa María de Ferreira de Pallares (Guntín) e o Mosteiro de Guntín pasando por Santa Cruz da Retorta.

Despois do xantar participamos nunha visita guiada polo Museo diocesano da Catedral de Lugo.

## XI CERTAME LITERARIO "TERRAS DE CHAMOSO"

O sábado, 16 de decembro, ás 20:00 h no Centro Sociocultural de O Corgo celebrouse a entrega de premios do XI Certame Literario "Terras de Chamoso".

Os premiados nesta edición foron:

**CATEGORÍA: INFANTIL**

Modalidade: **poesía**

1º premio: Miguel Villanueva Moretón, de Gracián-Arcos (Castroverde), pola obra "Queiman Galicia".

2º premio: Yare Brea Espinosa, da Coruña, pola obra " O mosto do magosto".

1º accésit: Nerea Campos Castro, do Corgo, pola obra "O bosque".

Modalidade: **relato**

1º premio: María Calvar Giráldez, de Mos (Pontevedra), pola obra "Carmen, a esperanza de dona Gloria".

2º premio: Álvaro Muñiz Pérez, de Barredo (Castroverde), pola obra "Ditos das miñas avoas".

### CATEGORÍA: XUVENIL

Modalidade: **poesía**

1º premio: Natalia Lema Otero , de Vimianzo ( A Coruña), pola obra "Miserias do home".

2º premio: Laura López Esteban, de Lugo, pola obra " A confección dos soños".

Modalidade: **relato**

1º premio: Adrián Noia Vázquez, de Santiago de Compostela, pola obra "Diario dunha marea negra".

2º premio: Juan Carlos Regueiro García, da Coruña, pola obra "Domingo, o Curuxo".

### CATEGORIA: ADULTOS

Modalidade: **poesía**

1º premio: María Teresa Iglesias Yugat, de Santiago de Compostela, pola obra "Pensarte".

2º premio: José Ramón Sánchez Varela, de Carballo ( A Coruña), pola obra "Días de inverno e fedor a loito".

Modalidade: **relato**

1º premio: Xosé Sobral Amoedo, de Santiago de Compostela, pola obra " A importancia dos detalles".

2º premio: Jonatán Cabaleiro, de Ponferrada, pola obra " O rescate do grandón".

## Ano 2018

### CAMIÑO INGLÉS

O 3 de febreiro comezamos as actividades deste ano coa última etapa do Camiño Inglés, que empezaramos o 23 de setembro do ano 2017.

Este camiño foi unha ruta medieval seguida por peregrinos procedentes de Inglaterra e outros países do norte de Europa. Estes peregrinos chegaban ás costas galegas e adoitaban a desembarcar nos portos de A Coruña e Ferrol, dende onde emprendían a peregrinación por terra seguindo o actual trazado do Camiño Inglés a Santiago nas súas dúas variantes.



Este camiño dividímolo en 6 etapas:

1ª Etapa: **Ferrol-Neda-Fene.**

2ª Etapa: **Fene-Vilar do Colo-Pontedeume-Miño.**

3ª Etapa: **Miño-Betanzos-Ponte Presedo.**

4ª Etapa: **P. Presedo-Sto Tomé Vilacoba-Bruma-A Rúa.**

5ª Etapa: **A Rúa-A Calle-Sigueiro-Marantes.**

6ª Etapa: **Marantes-Sionlla-Polígono do Tambre–Santiago.**

### CELEBRACIÓN DO ENTROIDO

A Asociación Cultural Arumes do Corgo, celebrou o sábado, 10 de febreiro, o Entroido cun xantar de contraternización no "restaurante Prad**os".**

### EXCURSIÓN A VERÍN

O sábado, 17 de febreiro, viaxamos a Verín (Ourense); nas súas orixes foi esta unha vila romana. Fixemos unha visita ao Castelo de Monterrei, situado nunha zona elevada do val, construído no século XII. Exteriormente destacan

as súas dúas torres, as das Damas e a da Homenaxe. Actualmente é un Parador de turismo.

Xa pola tarde desprazámonos a unha adega da zona para degustar os seus caldos.

**EXCURSIÓN POLA RUTA DA CAMELIA-PAZO DE LOURIZÁN-ESCOLA NAVAL DE MARIN-PAZO QUINTEIRO DA CRUZ**

O sábado, 24 de marzo, fixemos unha excursión na que pola maña visitamos o Pazo de Lourizán. Este impresionante pazo foi habilitado como granxa no século XV; desta época conserva o pombal.



A Deputación de Pontevedra comprouno na década de 1940. No 1943 cedeullo ao Ministerio de Educación para o uso como Centro Rexional de Ensinanzas, Investigacións e Experiencias Forestais, no 1946 converteuse na Escola Técnica Superior de Montes. Acolle actualmente a Sede de Estudios de Investigacións Agrónomas e Forestais. Ten como obxectivos principais a protección, conservación e mellora do patrimonio forestal de Galicia.

Conta este pazo con mais de 50 hectáreas de xardín, finca e arboreda, invernadoiro, estatuas e un enorme hórreo.

Continuamos cunha visita guiada á Escola Naval de Marín. Pertencente ao Ministerio de Defensa e encadrado no Centro Universitario de Defensa está adscrito á Universidade de Vigo. Visitamos



o planetario onde se poden admirar variados e interesantes instrumentos.

Pola tarde visitamos o fermoso Pazo de Quinteiro da Cruz, sito en Ribadumia, en pleno Val do Salnés, con viñedos propios e rodeado de impresionantes xardíns con grande variedade de camelias, e todo tipo de especies botánicas, que foi galardoado en diversas ocasións. O conxunto está formado pola casa principal, a adega, o alpendre porticado, en cuxo interior se atopa unha lareira, lagar e apeiros de labranza, dous hórreos e cruceiro do século XVII, pombal, capela e fontes ornamentais. Isto fai que fose declarado patrimonio histórico-artístico de Galicia.

**PRESENTACIÓN DA NOVELA “RÉQUIEM”**

O xoves, 10 de maio, no Centro Sociocultural do Corgo tivo lugar a presentación da novela “Réquiem” da escritora, e socia de Arumes, Mª Dolores Seijas Soto, publicado pola editorial Punto Rojo.



## XI ENCONTRO DE ASOCIACIÓNS CULTURAIS GALEGAS

O sábado, 26 de maio, celebramos o XI Encontro de Asociacións Culturais Galegas. Nesta ocasión a asociación encargada da organización foi a, Agrupación Instrutiva de Redes e Caamouco de Ferrol, e participaron ademais: A.C. Amigos do Patrimonio de Castroverde, Arcas de Sarria, A Canteira de Neda, e Arumes do Corgo. A xuntanza consistiu nun roteiro a pé, e dun fabuloso paseo en barca pola ría de Ferrol, un suculento xantar e unha actuación musical.



## CAMIÑO PRIMITIVO

O sábado, 3 de xuño, comezamos o Camiño Primitivo, que no seu día fixo o entón rei asturiano Alfonso II, O Casto. Xa case ao final deste, en Melide, este camiño únese ao Camiño Francés. Nesta ocasión comezamos a nosa andaina na vila asturiana de Grandas de Salime.

Dividimos este camiño en oito etapas:

1ª Etapa: **Grandas de Salime-Fonfría.**

2ª Etapa: **Fonfría-A Fonsagrada-A Lastra.**

3ª Etapa: **A Lastra–A Fontaneira-O Cádavo-Castroverde-As Casas da Viña.**

4ª Etapa: **As Casas da Viña-Lugo-Seoane-San Román da Retorta.**

5ª Etapa: **San Román da Retorta-Ferreira-Vilamor.**

6ª Etapa: **Vilamor-Melide-Ribadiso da Baixo-Arzúa- Preguntoiro.**



7ª Etapa: **Preguntoiro-Boente-Pedrouzo-Amenal.**

8ª Etapa: **Amenal-Lavacolla-Santiago.**

## ROTEIRO NOCTURNO-CASTELO DE CASTROVERDE-SOUTOMERILLE

Un ano máis participamos, convidados pola A.C. Amigos do Patrimonio de Castroverde, neste roteiro nocturno que se celebrou este ano o sábado, 14 de xullo. O roteiro comezou na torre medieval de Castroverde e finalizou en Soutomerille.

## VIAXE Á PROVINCIA DE PONTEVEDRA

O domingo, 15 de xullo, collemos rumbo á provincia de Pontevedra. A nosa primeira parada foi en Padrón para visitar esta fermosa vila e pasear polo seu famoso mercadillo. Continuamos cara a vila de Cambados para desfrutar nesta ocasión da súa “Festa da Vieira”. Despois de xantar nesta bonita vila, puxemos rumbo para visitar o Pazo Baión, en Vilanova de Arousa, e a súa singular finca cun emprazamento único no val



do Salnés, cuxas orixes se remontan ao século XV. Esta propiedade de 30 hectáreas alberga un dos viñedos máis importantes do panorama vitivinícola mundial.

## V XUNTANZA DE SOCIOS E FAMILIARES A.C. ARUMES

Un ano máis celebramos esta xuntanza. Nesta ocasión realizouse o domingo, 16 de xullo, e o lugar escollido volveu a ser de novo a Carballeira do San Bernabé.



## HOMENAXE A JESÚS ABUÍN ARIAS

O sábado, 22 de setembro, o socio do Centro de Estudos do Corgo recibiu as distincións de Fillo Predilecto e de Cronista Oficial do concello do Corgo acompañado de moitos socios da A.C. Arumes do Corgo. Os actos comezaron ás 12:30 h no Centro Sociocultural do Corgo coa entrega dos títulos (acto aberto ao público en xeral). A continuación (ás 14:00 h) organizouse unha comida de homenaxe no Hostal Prados.

## RUTA DE SENDERISMO POLO CANÓN DO SIL

O sábado, 29 de setembro, saímos de Parada de Sil e entre soutos percorremos o seguinte itinerario: aldea de Sardela, Entrambosríos, “sendeiro de Castiñeiros e carriozas” e os Balcóns de Madrid, coa espectacular panorámica do canón.

Seguimos camiñando, deixando atrás uns antigos “sequeiros” que se utilizaban para secar e almacenar as castañas, e xa nos atopamos co Mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil, unha xoia do románico. Subimos ata a aldea de Castro e visitamos o seu fermoso mirador para regresar a Parada do Sil e rematar a xornada.

## VIAXE Á COSTA DE LUGO



O sábado, 6 de outubro, viaxamos ata O Vicedo, para visitar “O Fuciño do Porco”; despois fixemos unha visita a Estaca de Bares, para rematar a nosa xornada na Feira da Faba de Lourenzá.

## X CARREIRA POPULAR ARUMES DO CORGO: MEMORIAL QUIQUE CASANOVA

O sábado, 20 de outubro, celebrouse a X Carreira Popular “Arumes do Corgo”, que organiza a asociación homónima e na que participaron máis de 350 deportistas de todas as idades, desde menos e nenas de 3 anos ata veteranos.



O gañador da proba absoluta foi Juan Antonio Gude Vila seguido de Daniel Pérez Murado e Xabier Díaz Fernández.

Na categoria feminima a vencedora foi a corredora Rocío Alvite Ferreiro, seguida de Luisa González Somoza e Zelin Spencer Conceiçao.

A X Carreira Popular Arumes do Corgo contou coa colaboración da Federación Galega de Atletismo e o apoio económico do Concello do Corgo.

## RUTA DE SENDERISMO "A VÍA VERDE: A PONTENOVA-SAN TIRSO DE ABRES"

O sábado, 3 de novembro, comezamos en A Pontenova, xunto os antigos fornos, esta ruta que percorre preto de 14 km, da antiga liña férrea que unían a localidade de A Pontenova co porto de Ribadeo.



## XORNADAS DE RECOÑECEMENTO E EXPOSICIÓN DE COGOMELOS

Este ano celebramos a xornada micolóxica o 23 e 24 de novembro. O día 23 foi a parte teórica, a cargo do membro da Asociación Micolóxica Lucus José Antonio Castro Ferreiro.

O día 24 fixemos una saída guiada de recollida polos montes do Corgo e posterior selección e recoñecemento no Centro Sociocultural.



## PRESENTACIÓN DO NÚMERO 6 DA REVISTA CORGA

O Centro de Estudos do Corgo (CEC) convidou a todos/as os/as socios/as de Arumes-CEC a participar na presentación do número 6 da revista Corga o mércores, día 5 de decembro, ás 19:00 h no Obradoiro do Libro situado no CENTRAD da Deputación de Lugo. Os asistentes foron agasallados cun exemplar da revista.





**XII CERTAME LITERARIO " TERRAS DE CHAMOSO"**

O sábado, 15 de decembro, ás 19:00 h no Centro Sociocultural do Corgo celebrouse a entrega de premios do XII Certame Literario "Terras de Chamoso".



Os premiados nesta edición foron:

**CATEGORÍA: INFANTIL**
Modalidade: **poesía.**
1º premio: Eva Mª Cordero Becerra, de Fonteita (O Corgo), pola obra "Para cavilar".

2º premio: Claudia Ledo Folgueira, de Monte (Castroverde), pola obra "Outono".

Modalidade: **relato**
1º premio: Álvaro Muñiz Pérez, de Barredo (Castroverde), pola obra "O nabal de Lugo".

2º premio: Noa Pardeiro Vivero, da Frairía (Castroverde), pola obra "Amor e compañía...".

**Premio "A Legua Dereita"**: Constantino Abuín Torrón, de Tórdea (Castroverde), pola obra "Roldán".

**CATEGORÍA: XUVENIL**
Modalidade: **poesía**
1º premio: Deserto.

2º premio: Alicia López Besteiro, de Lugo, pola obra "Pasado indeleble".

Modalidade: **relato**
1º premio: Deserto.

2º premio: Deserto.

**CATEGORÍA: ADULTOS**
Modalidade: **poesía**

1º premio: Verónica Pousada Pardo, de Ríos (Ourense), pola obra "Vertixe".

2º premio: Carlos López Fernández, de Vilalba, pola obra "Mitteleuropa".

Modalidade: **relato**
1º premio: Xosé Sobral Amoedo, de Santiago de Compostela, pola obra "Vida salvaxe".

2º premio: Sonia Puertas Martínez, de Tui, pola obra "O último día".

ARUMES
ASOCIACIÓN CULTURAL O CORGO

**FICHA TÉCNICA**
DATA FUNDACIONAL: 7 de outubro de 2005
TELÉFONO: 626 73 93 90
CORREO-E: arumescorgo@gmail.com
PÁXINA WEB: http://arumescorgo.blogspot.com

## SOLICITUDE DE INSCRICIÓN COMO SOCIO NUMERARIO

D./Dna ..........................................................................................

NIF: .................................... Data de nacemento: .......... / .......................... / ....................

Enderezo: ..........................................................................................

C.P.: ........................ Concello: ..................................... Provincia: ........................................

Tfno. fixo: ............................................ Tfno. móbil: ..................................................

Correo-e: ............................................ Ocupación: ..................................................

Forma de recibir cominicacións da asociación: ☐ Correo electrónico ☐ Correo postal

Solicita formar parte como Socio/a Numerario/a da ASOCIACIÓN CULTURAL ARUMES DO CORGO conforme aos seus estatutos.

En ........................................, a ............ de ................................ de ............

Asdo.: ..........................................................................

◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆

## AUTORIZACIÓN BANCARIA PARA A DOMICILIACIÓN DE RECIBOS

Sr./Sra. Director/a do Banco/Caixa: ..........................................................................

Lugar de oficina: ..........................................................................

Prégolle que, ata nova orde, aboen os recibos que presente a ASOCIACIÓN CULTURAL ARUMES DO CORGO con cargo á miña conta/libreta:

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| C. IBAN | C. Entidade | C. Oficina | DC | Número de conta |

En ........................................, a ............ de ................................ de ............

Asdo.: ..........................................................................

# DOCUMENTACIÓN PARA A ENTREGA DE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN

D./Dna ............................................................................................................................................

NIF: ...................................................................... Teléfono: ......................................................................

Enderezo: ......................................................................................................................................

C.P.: .......................... Concello ...................................................... Provincia: ..............................................

Correo-e: ........................................................................................................................................

Entrega a seguinte documentación co fin de tramitar a inscrición como Socio/a Numerario/a ou Xuvenil do CENTRO DE ESTUDIOS DO CORGO (CEC):

- ☐ Impreso de solicitude de ingreso no CEC debidamente asinado.
- ☐ Copia simple do DNI
- ☐ Traballo de investigación seguindo as normas de publicación establecidas (dúas copias en papel e unha en formato dixital).
- ☐ Anexos (dúas copias en papel e unha en formato dixital).
- ☐ Autorización de cesión dos dereitos de autor.
- ☐ Consentimento do pai/nai/titor legal (nas persoas entre 14 e 18 anos).
- ☐ ........................................................................................................................................

En ...................................................................... , a .................... de ............................................................ de ....................

Asdo.: ............................................................................................

**SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO**

CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO

# SOLICITUDE DE INSCRICIÓN COMO SOCIO/A NUMERARIO/A OU XUVENIL

D./Dna ........................................................................................................................................

NIF: ........................................................................ Data de nacemento: .............. / ............................ / ....................

Enderezo: ......................................................................................................................................

C.P.: ............................ Concello: .............................................. Provincia: .......................................................

Tfno. fixo: ............................................................. Tfno. móbil: ...................................................................

Correo-e: ......................................................................................................................................

Título do estudo: ...........................................................................................................................

Formación académica: ....................................................................................................................

.......................................................................................................................................................

Experiencia laboral: ........................................................................................................................

.......................................................................................................................................................

.......................................................................................................................................................

Forma de recibir comunicacións da Asociación: ☐ Correo electrónico ☐ Correo postal

Solicita formar parte como Socio/a Numerario/a ou Xuvenil do CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO conforme aos seus estatutos.

En ............................................................ , a .................. de ...................................................... de ....................

Asdo.: ..................................................................................

**SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO**

CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO

# CESIÓN DE DEREITOS DE AUTOR

O Centro de Estudos do Corgo (en diante CEC) é unha Asociación sen ánimo de lucro.

D./Dna (en diante: “o autor) ................................................................................................

.................................................................................................... NIF: ................................................

Enderezo: ..........................................................................................................................................

C.P.:........................... Concello:........................................ Provincia:..........................................

Convén o seguinte:

**PRIMEIRO: Antecedentes**

1) O CEC ten como fins a promoción de diferentes estudos (patrimonio natural, material e inmaterial, arte, lingua e literatura, xeografía e historia, economía, sociedade e educación...) sobre o concello do Corgo e a súa divulgación entre os habitantes do concello.

2) O CEC realizará (para acadar os fins anteriores) unha recopilación de toda a información posíbel sobre o concello do Corgo nun arquivo/biblioteca (en papel e en formato dixital), así como a publicación dunha revista anual (por escrito) e dun sitio web con artigos sobre O Corgo.

3) O autor (en caso de varios autores, especificar no Anexo I) realizou un estudo titulado:

..........................................................................................................................................................

..........................................................................................................................................................

obra que formará parte do uso referido no numeral anterior.

4) Polo presente contrato regúlase a forma e condicións da cesión dos dereitos correspondentes que o autor realiza a favor do CEC, que se regulará nun todo polas disposicións contidas nas cláusulas seguintes.

**SEGUNDO: Cesión dos dereitos**

O autor cédelle ao CEC, quen adquire, os dereitos que lle corresponden sobre o estudo, incluíndo os dereitos de edición e publicación.

**TERCEIRO: Regalías**

A cesión á que se refire a cláusula anterior realízase a título gratuíto, polo que o CEC non lle deberá aboar ao autor regalías de ningunha especie.

**CUARTO: Obrigas do CEC.**

O CEC non poderá, en ningún caso ou circunstancia:

a) Ceder total ou parcialmente, en foma directa ou indirecta, os dereitos adquiridos a través da presente formalidade, a favor de ningún terceiro e baixo ningunha modalidade.

b) Facer ningún agregado, supresión nin modificación á obra sen o consentimento previo, expreso e escrito do autor.

Páxina 1 de 3

**QUINTO: Dereitos do CEC.**
Ademais da edición, publicación e impresión da obra como parte do uso referido na cláusula primeira, o CEC poderá libremente:

a) Determinar o tipo de impresión, formato, clase de papel, encadernación e demais características físicas do estudo, así como o formato do sitio web;
b) Realizar actividades de promoción e publicidade dos estudos;
d) Utilizar o nome e a imaxe do autor con fins publicitarios e de promoción, exclusivamente en relación á obra obxecto deste contrato.

**SEXTO: Garantía de lexitimidade**
O autor garante que a obra goza de "libre dispoñibilidade" (no caso de varios autores, da "dispoñibilidade conxunta") dos dereitos que cede.

En caso de impugnación dos dereitos autorais ou reclamacións instadas por terceiros relacionadas con contido ou a autoría da obra, a responsabilidade que puidese derivarse será exclusivamente de cargo do autor.

**SÉTIMO: Mandato de protección**
O autor autoriza ao CEC a perseguir os responsábeis de edicións clandestinas e fraudulentas, así como para exercer a defensa dos dereitos autorais obxecto desta cesión, se for preciso.

**OITAVO: Liberdade do autor**
O autor ten liberdade de autorizar a terceiros a realización doutras edicións da obra, así como de ceder os dereitos de autor a favor de terceiros.

**NOVENO: Modificación e resolución do contrato**
Este contrato poderá modificarse ou rescindirse de mutuo acordo das partes, así como rescindirse unilateralmente sempre e cando a outra parte incumpra gravemente as súas cláusulas.

En ........................................................................., a ..................... de ................................................................ de ........................

Asdo.: ..................................................................................................

**SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO**

# ANEXO I
# (Cesión de dereitos de autor)

## COAUTOR 1:

D./Dna ..........

.......... NIF: ..........

Enderezo: ..........

C.P.: .......... Concello .......... Provincia: ..........

## COAUTOR 2:

D./Dna ..........

.......... NIF: ..........

Enderezo: ..........

C.P.: .......... Concello .......... Provincia: ..........

En .........., a .......... de .......... de ..........

Asdo.: ..........

**SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO**

Centro de Estudos do Corgo

# AUTORIZACIÓN FAMILIAR PARA MENORES DE IDADE

D./Dna.............................................................................................................

NIF:.............................................................. Teléfono: ..............................................................

Enderezo: ..............................................................................................................

C.P.:...................... Concello: .................................... Provincia: ..............................................

Tfno. fixo: ............................................................Tfno. móbil: ..................................................

Correo-e: ..............................................................................................................

Pai, nai ou titor/a legal (rísquense as que non procedan) do menor: ........................................

.............................................................. con NIF: ..............................................................

Afirmo coñecer os Estatutos e o Regulamento de Réxime Interno que rexen o Centro de Estudos do Corgo (CEC) e autorizo o meu fillo/a a facerse Socio/a Xuvenil da devandita Asociación.

A maiores autorizo a CEC a publicar a imaxe do menor en calquera das actividades relacionadas cos fins do Artigo 5 dos Estatutos, en calquera dos formatos posíbeis (páxina web do CEC, fotografías para revistas ou publicacións, filmacións...)

En.................................................... , a .............. de ............................................ de ...............

Asdo.: ..............................................................

**SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO**

**Idioma**. Só se admite o galego como idioma vehicular da revista. Empregarase sempre a última normativa aceptada pola Real Academia Galega, aparecendo as palabras non adaptadas á mesma entre comiñas.

**Extensión**. Os traballos presentados terán unha extensión ou outra dependendo do número de redactores:

- 1 persoa: entre 5 e 20 páxinas.
- 2 persoas: entre 10 e 30 páxinas.
- 3 persoas: entre 15 e 40 páxinas.

Os Anexos presentados non serán publicábeis na revista e formarán parte do arquivo-biblioteca do CEC.

**Estrutura**. O artigo presentado ten que contar cos seguintes apartados:

- Título (máximo de 80 caracteres contando espazos en branco).
- Identificación do(s) autor(es) por orde de importancia ou alfabético de apelidos acompañado do correo-e dos mesmos, o título profesional e o centro de traballo.
- Agradecementos (opcional).
- Resumo (máximo de 150 palabras).
- Palabras clave (entre 3 e 10).
- Introdución/limiar.
- Corpo do traballo cos apartados que se consideren oportunos.
- Conclusións.
- Referencias bibliográficas.

**Formato**:

- Tipo de documento: Word (recoméndase tamén entregar o mesmo documento en formato pdf).
- Letra: Arial, cor automático (negro), tamaño 12 puntos, salvo que se indique o contrario (títulos...).
- Marxes: superior, inferior e laterais de 3 cm.
- Aliñación: xustificada sen sangría na primeira liña.
- Espaciado: anterior e posterior de 0 puntos e interliñado sinxelo. Espacio entre parágrafos dunha liña en branco.
- Recoméndase non empregar o subliñado para resaltar partes do texto.
- Título: maiúsculas, centrado, cor verde escuro e tamaño de letra de 16 puntos.
- Identificación do(s) autor(es): apelidos e nome (separado por coma).
- Datos do(s) autor(es): tamaño de letra de 10 puntos.
- Agradecementos: tamaño de letra de 10 puntos.
- Títulos de apartados (RESUMO, PALABRAS CLAVE, INTRODUCIÓN/LIMIAR, CONCLUSIÓNS, BIBLIOGRAFÍA...) irán en maiúscula, negriña e sen punto ao final. Se se numeran os apartados (a partir da introdución) empregaranse as normas ISO (1 / 1.1 / 1.1.1 / 2 / 2.1 / 2.1.1 etc.).
- Numeración de páxinas: borde inferior dereito incluíndo a primeira páxina (non se fará portada).
- Notas a pé de páxina: tamaño de letra de 10 puntos.

**Imaxes**. O texto pode ir acompañado por ilustracións, fotos ou gráficos, sempre orixinais ou acompañados do permiso do editor ou autor para a súa publicación. Para ser impresas con calidade, deberán ter unha resolución mínima de 300 ppp. Admitiranse como formatos de imaxe TIFF ou JPG. Incluiranse no documento e en arquivos separados, indicando con claridade o lugar no que deben inserirse no texto.

**Bibliografía**. Clasificada por orde alfabética, axustarase ás seguintes normas:

- Monografías: APELIDO(S), Nome. *Título do libro*. Lugar de edición: editorial, ano de edición.
- Partes de monografías: APELIDO(S), Nome. “Título da parte”. En: Responsabilidade da obra completa. *Título da obra*. Lugar de edición: editorial, ano de edición.
- Artigos en revistas: APELIDO(S), Nome. “Título do artigo”. *Título da revista*. Edición. Ano, número, páxinas.
- Recursos electrónicos en internet: Responsábel principal. *Título*. Data de publicación. <URL> (data de acceso).

**Unidades de medida**. Empregarase o Sistema Internacional de Unidades (SI) e non o sistema anglosaxón de unidades.

**Principios éticos e legais**. Non se publican textos con contido que promova algún tipo de discriminación social, racial, sexual ou relixiosa; nin artigos que xa fosen publicados integramente noutros lugares.

A revista non se fai cargo das imaxes, textos e traballos dos autores que serán responsábeis legais do seu contido.

En caso de conflicto legal con algún aspecto dun traballo publicado, o demandante debe demostrar de xeito fidedigno e mediante denuncia, o presunto delicto ou falta cometido polos autores. O resultado anunciarase na revista.

Os artigos poden ser reproducidos sempre que se cite claramente a súa procedencia e o servizo sexa gratuíto. En servizos de pagamento deberán pedir expresamente permiso e aboar os dereitos correspondentes á revista e aos autores.

Seguindo as norma Vancouver o artigo estará asinado por aquelas persoas que efectivamente participaran na súa elaboración, reservándose a revista o dereito de investigar a participación concreta dalgún ou todos os seus membros.

A comprobación de que un autor intentou plaxiar algún traballo nesta ou outra publicación fará que automaticamente sexan rexeitados, a partir deste momento, os traballos nos que figure o devandito autor.

CEC

CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO

ARUMES

ASOCIACIÓN CULTURAL O CORGO